

Public. DINEIA 30

A NOSA TERRA

Ano VIII • Nº 278

PERIODICO GALEGO SEMANAL

10 de Outubro 1985 • 75 Pta.

Portugal: eleicións á Assembleia da República **Soares rua!!**



O Partido Socialista foi o gran derrotado das eleccións portuguesas, de 100 deputados perdeu 45.

Antón Mascato

Baena e Sánchez Bravo

Nascidos en Vigo e fusilados un 27 de Setembro de hai dez anos

Xosé Humberto Baena Alonso (24 anos en 1975) e Xosé Luis Sánchez Bravo (21) naturais de Vigo, foron dous dos fusilados un 27 de Setembro de hai dez anos. En Galiza quedou constancia do seu paso polos institutos vigueses e Colexio Universitario (folgas estudiantís), da súa

participación nas mobilizacións obreiras do 72, nas xornadas en contra da execución de Puig Antich. Con traxectorias só en parte afastadas, os últimos meses das súas vidas habían pasalos en Madrid, fuxindo da persecución policial.

(páx. 12 e 13)

Desde o calor da reivindicación

Marinaleda

A entrada do despacho de Gordillo, o alcalde, hai un letreiro coa frase "se buscas privilexios non chames a esta porta". Ese é o título da crónica que Moncho Fernández nos trae desde An-

dalucía, concretamente dunha das poboacións que máis renome alcanzou nos medios de comunicación a través das súas "folgas de fame contra a fame": Marinaleda.

(páx. 6)

Ernesto Cardenal

"Gostariame ter máis tempo para dedicarllo a poesía"

O Ministro de Cultura nicaraguense, Ernesto Cardenal confesa o seu interese por dedicarse á poesía. Non obstante, a emerxente Nicaragua non pode prescindir dun dos seus máis prestixiosos intelectuais nas tarefas de reconstrución do país. Ernesto Cardenal é entrevistado por Begoña Moa, durante unha visita a Río San Juan.

(páx. 8)

Adianto dun fragmento de "O inverno do lobo"

Xoan Manuel Casado, premio Blanco Amor

(páx. 18)

Bóveda
O lume que corria detrás dos viciños
_____ páx. 3

O BNG presenta aos históricos

Poucas novidades na presentación das candidaturas electorais _____ páx. 4

Felipes, Gerardos, Fernandos

por Xosé M. Beiras _____ páx. 5

Vertidos
Preséncia galega na Convención de Londres _____ páx. 9

Test
(Só para alcoólicos) _____ páx. 9

En Donostia Congreso de Escritores bascos, galegos e cataláns _____ páx. 17

Libros, TV, Rádio, Arte, Teatro, Cómic



editorial

Números enganosos

O culto esaxerado ao número, que tantas veces contribúe a agachar criterios de calidade, parece abundar na practicamente comenza da competición eleitoral.

As matemáticas semellan querer substituír á ética e ás ideas. Como exemplo poderíanos servir a invasión de inquéritos que nos transmiten os medios de comunicación, co pretendido afán de "descobrir as tendencias de voto".

Habería que dicir, non obstante, que as encuestas como método sociolóxico non son, por suposto, unha ciencia exacta e si un dos moitos posibles indicadores para coñecer a intención dos votantes. O seu "cientifismo", baseado en gran parte na voluminosidade das mostras e no alarde de números como garantía de seriedade, non deberían esconder: Primeiro, que os desenhos das encuestas que aquí se realizan acostuman a ser modelos nordeamericanos e polo tanto máis adaptados a aquel meio. Segundo, hai sociedades, e entre elas pode moi ben estar a galega, que polas súas características fan pouco apropiado este tipo de análise. E terceiro, os inquéritos non son, desde logo, menos

manipulábeis que outro sistema calquer, por moita axencia solvente que apareza na firma; ao cabo os que pagan a encuesta —normalmente partidos con bastantes medios e utilizando unha vía directa ou indirecta— non o fan por vocación de observadores da dinámica social, senón, máis ben, para actuar sobre ela.

Por algo será que a publicación de inquéritos está prohibida en moitos estados, durante a campaña electoral ou, ao menos, nos días previos á votación.

Observemos agora algúns aspectos das encuestas xa publicadas no noso país:

A que poden deberse eses 2 ou 3 deputados que se lle pronostican ao CDS, partido de nula implantación en Galiza, sen figuras coñecidas, sen rede caciquil e sen peso no poder ou na administración?

Unamos a isto os minguados resultados previstos para Coalición Galega, organización que busca o voto nun terreno común ao CDS, o centro, aínda que máis tinxido de galeguismo, pero, iso si, con moita maior implantación.

Se agora temos en conta que AP anda moi perto dos que encaregan e dos que publican as encuestas, comprenderemos porqué pode interesar ofrecer unha imaxe feble de CG —principal competidor de AP— ao tempo que se lle trata de

meter unha cuña, nada perigosa polo demais, no seu campo.

O mesmo semanario "Tiempo" apon-toaba esta tese ao informar de que os datos do inquérito, encargado pola CEOE, foran notabelmente adulterados á hora da súa publicación, citando como exemplo as previsións feitas para a Operación Reformista.

No tocante á esquerda, augúrase —na maioría das encuestas— unha nula presenza do BNG, a quen lle agonda con repetir os resultados das anteriores autonómicas, e incluso con menos, para obter representación. Ao lado disto, preséntanos un PCG con algunha posibilidade: apreciación pouco consistente, se temos en conta que Anxel Guerreiro saíu deputado nos anteriores comicios, no último minuto e de penalti, por utilizar o símil futbolístico, e que agora, por ese mesmo eleitorado, concorren tres forzas distintas.

Coas estas puntuais observacións de exemplo, cabe sinalar: que os inquéritos, en etapa preeleitoral, máis que un método de análise sociolóxica, son unha forma de propaganda, coa sutil intención de facernos crer, através dos números, que o eleitorado xa pensa o que en realidade queren que empece a pensar. Máis que descubrir tendencias de voto, o que fan é promover, nunha ou noutra dirección, para iso as pagan.

cartas

ACUSE DE RECIBO

Veño recibendo regularmente o semanario, que leo con degoro unha e outra vez. Grácias por este esforzo sério e sistemático (cando tantas empresas morren ao nacer no noso país) expresión de boa prensa, enfiada lucidamente de cara aos problemas máis acuciantes de Galiza e proyectada no mundo de hoxe. E grácias, claro, por esa vosa xeniteza de mandarmos.

Adiantel Vaia a miña fervorosa noraboa para todos os que con tanta eficacia levades adiante esta realidade informativa e crítica.

JOSE NEIRA VILAS
Habana 21 de Agosto 1985

Recibin o número de A NOSA TERRA que me enviáchedes. Agradézovos moito a entrevista, que saíu moi ben, e o envío do periódico. E para min unha gran satisfacción o poder ler un xornal galego aquí, no Canadá, tan lonxe da terra.

ANTON RISCO
Universidade de Laval
(Quebec) 15 Setembro 1985

Recén recibin o periódico polo cal agradézovos moitísimo. Realmente impresionoume a calidade de periodismo de A NOSA TERRA. Do Congreso e o mellor que saíu sobre Rosalía de Castro. Creio que por fin imos chegar a un entendemento hostórico dela.

SHELLEY STEVENS
Yale University -Estados Unidos

DO PROBLEMA ETILICO

Meu Amante-Odiante Xulio Vexar, onde queira que estexas (entre Ortigueira e Faro), o direito de réplica me asiste: eu quero tamén "apontar umhas breves preceções" á tua do 12 de Setembro do ano en curso.

Primeiro: Descúlpame os erros ortográficos, pero como notarás non só é o marxismo a "ciencia" que non domino, senón tampouco a "ciencia ortográfica", cada día máis coñazo, o que redundará no meu alonxamento da realidade popular, que ti en cámbio, como ben se nota, vivencias de perto.

Segundo: grácias mil por recoñecerme "um zerto sentido do humor", delicadeza que eu non podo ter cara a ti, pois o teu "articulito" rezuma mao leite: mao para o teu estómago e para quen recibe o bafo.

Non obstante, e para mostrar que os "populistas dogmáticos" non somos dados unicamente

ao "discurso vazio", pareime a aprofundar no teu texto, moi serio eu, e ao cabo non puden conter a risa dos chistes que (non sei se aposta ou inconscientemente) intercalas... Si, hom, aquel que di que a CXTG-IN (pufl) surxe como "eixo de aglutinación de TODO O MATERIAL HUMANO VALIDO"; ou aquel outro de que "os cadros orgaizativos (...) máis valiosos do sindicalismo galego (...) están hoxe na CGTX-NI"; si, eses cadros que se dedican laboriosamente a trazar no seu merlinesco laboratorio as descoñecidas "estrategias e tácticas puntuais".

Orabén, niso de que a História é "juiz inexorable" eu discrepo, e ademais recórdame ao das aceitonas e os melóns (sábelo?): pois mira que se temos que aturar 10.000 anos de terxiverxacións!... asegúroche que o cantazo que entón podemos levar nos dentes ti ou eu, non o imos sentir apenas.

Terceiro: recibe o meu aplauso máis enfático pola tua elevadísima moral e optimismo, por outro lado perfectamente xustificábeis, caso de ser certo (coma sen dúbida é) que "hoje os trabalhadores (...) e seitores mil" (a mil por sector, un millón!) corren ansiosos e desbocados, lendo o que Lenine deixou escrito, atrás do vosso Ssindicato.

Animo. Seguir investigando a "cencia marsista" e sempre aplicando o que tamén Lenine deixou dito (aínda que non escrito) de "Naspróvia!" e darlle ao codo.

Ao remate, entre o tolos que estamos uns (eu acredito no vosso rrepetido ditamen) e os claros síntomas que a outros se nos ven (emboia non dominar tampouco a ciencia psicológica, digoche que há coisas que se vem) este País ten todas as trazas de chegar a ser moi axiña un reduto graciosísimo e esótico (menos pesimismo os Kamikazes!) E solución haberá para todos os gostos: ou o vetusto manicómio ruso ou o eléctrico condutismo yankee.

ANSELMO LOPEZ CARREIRA
(Alemania R.F.)

Sobre o Polisario

O colectivo pola paz "A Revolta", en relación coas mortes dun mariñeiro e dun cabo da armada, e do secuestro de 6 pescadores canarios, quero facer públi-

cas as seguintes consideracións:

1. Denunciamos, na nosa loita pola paz, o envío de traballadores e de tropa a unha zona en guerra.

Este non é un caso illado. Non hai aínda un ano morrían 6 mariñeiros galegos tripulantes dun petroleiro enviado a outra zona de guerra: o Golfo Pérsico.

2. Consideramos totalmente demagóxica e irresponsábel a campaña desatada contra o F. Polisario e a xusta loita que estaba pola recuperación do seu territorio nacional. As mortes do cabo Xosé Manuel Castro e do traballador Guillermo Batista son responsabilidades do goberno español, dos armadores e dos mandos militares.

No Sahara, no seu territorio e nas súas águas, líbrase unha loita de liberación nacional entre un povo traicionado polos seus antigos colonizadores e un réxime tirano como o de Hassan II.

E unha irresponsabilidade enviar a persoas a esas zonas, moito máis cando o Estado español traicionou ao povo saharauí vendendo o seu territorio ao réxime de Marrocos e posteriormente apoiando a Hassan con axudas económicas e venda de armas.

3. Son lamentábeis as declaracións do almirante Franco, apelido do que non dubidamos, ao chamar "desalmados" aos loitadores do F. Polisario.

Igualmente rechazábeis son as declaracións de Fraga e outros líderes da dereita que califican de piratería a acción dos saharauís.

Non está de máis recordar que a RASD (República Árabe Saharauí Democrática) é un Estado recoñecido pola OUA, máxima instancia internacional de África. Pola contra, os feitos da armada trasládannos a política das cañoneiras, tan utilizadas polo imperialismo.

4. Feitos como os acacidos reafirmannos na nosa vital loita pola paz, obxectivo que non se conseguirá enviando traballadores e ao exército a unha zona de guerra. Tamén estes sucesos confirmannos aos pacifistas que a loita pola paz está intimamente ligada á xusticia, sen dúbida é xusta a causa saharauí.

FRANCISCO SUAREZ SEGURA
"A Revolta"

SR. XESUS GZLEZ. GOMEZ

Se eu fose o José Ramón R. Fernández ficaría moi agradecida pola súa feroz crítica de "Se-

guindo o Caminho do Vento". Si, lé ben, agradecida.

Nos círculos literários, segundo me contaron, empeza a ser vostede algo así como os "Xurdos da OTI". A canción gañadora nunca é a mellor. Incluso me ten comentado algun poeta galego que as súas "foribundas" críticas songarantía de calidade. Sería para min un honor estar entre os "vilipendiados" por vostede como o foi Xavier Alcalá, a Queizán e agora o José Ramón Rodrigues. ¿Ah! E na súa aldea (Vila/Cidade) utilízase "Deleznábel"? Na miña non se usa esa palabriña, polo tanto critique menos o galego "recuperado" e aprenda un pouquiño máis, faga o favor.

Mª LUISA ARIAS LOPEZ
Madrid

(CRÍTICA A UN CRÍTICO)

Cando lin a crítica —no seu senso máis pexorativo— que Xesus González Gómez (XGG) lle fixo á novela de José Ramón Rodrigues Fernandes intitulada "Seguindo o Caminho do Vento" en ANT nº 277, páxina 20, quedei-me abraiado.

Este abriu o meu sentin por estar en desacordo coa análise que da novela fixo XGG —entre outras cousas porque non fixo nengunha análise— senón polo tono prepotente, apoloxético e pedantesco do crítico. E escribo isto porque coido que as análises fan-se peneirando e sintetizando contido e esencia do tratado pero non agredindo verbalmente ao autor e moitísimo menos cando éste é un escritor no noso idioma. Entendo, ademais, que para escribir ben primeiro hai que facer-lo menos ben. Explico-llo doutro xeito a XGG: para falar ben un idioma —o noso— primeiro hai que falá-lo mal, pero falá-lo Capta?

Tamén considero que a un autor que comeza hai que apoiá-lo e non hai mellor xeito de face-lo que desmenuzando e analizando polo miúdo as súas publicacións e indicarlle honradamente (e desde o punto de vista dun e sen considerar que a propia opinión é axiomática e que pecha todas as demais) as faltas, lagoas, incorreccións e acertos verdadeiros da súa obra. Unha crítica feita así axuda ao autor a correxir os posibles erros e ao mesmo tempo o motiva por ser parte da estimanza —inda que sexa crítica— do compatriota.

Ven-se-me á cabeza a noticia

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas, S. A.

Consello de Administración: Presidente, Cesáreo Sánchez Iglesias. Conselleiro-Delegado, Ramón Fernández. Secretario, Xosé M. Dobarro Paz. Conselleiros, Fernando Cuñarro, Francisco Carballo, Lois Diéguez, Francisco Trigo, Aurichu Pereira, Antón da Ponte.

Director: Alfonso Eyré López.

Redacción: Xan M. Carballa, Manuel Veiga.

Correspondentes e colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Francisco Carballo, Xesús González Gómez, Manuel Rivas, Xesús Vega, Xosé Campos, M. Chouza, R. Cid, X. M. Aldea, X. Larrosa Vila, Lois Diéguez, César Varela, L. Méndez, Carmen G. Ares, Xosé M. Salgado, Anxela Rodicio, J.A.M., Xesús López Témex, Xoán M. Carreira, Carmen Prado, Antón Fernández, Xosé Lodeiro, Manuel Miraglia, Fernando M. Vilanova, Xesús Torres, A. Loureiro, Paco Arrizado, S. A. Suárez, Laxe Grande, Suso Piñeiro, Phil Manzanera, X. González Alvarez, Domingos Nieto, Carlos Durán, Xesús Cambre Mariño, begoña Mos, Alfonso Rivas, Xaquín Agulla.

Fotografía: Xurxo S. Lobato, Tino Viz, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, X.M. Albán, E. Reimón, Che, X.M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreira, Cali, Carlos Silvar, Ferreiro, Fejo, Xulio Galoso.

Axencias: Novosti, ADN, Jans, Prensa Latina.

Deseño e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez.

Publicidade: Xosé Fernández Puga.

Redacción e Administración: Rua Pontevedra, 4-5.º Apartado 1371. Vigo. Telfs.: (966). (Redacción) 222405 (Administración) 433624.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito legal: C-963-1977.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas súas páxinas, respectando a independencia dos seus autores. Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución, sempre que se cite procedencia.

A NOSA TERRA

En Bóveda un incéndio causou un morto, varios feridos e chegou ao centro da vila

O lume que corria máis que os viciños

O 21 de Setembro de 1985 será lembrado en Bóveda durante anos. O lume, que xa levaba paseado por médio concello, igual que en anos anteriores e igual que en tantas vilas de Galiza neses días, perdeulle desta vez o medo á capital municipal e a ponto estivo de chegar ao mesmo Axuntamento. Atrás deixou un morto e un ferido, rodeou doce casas e chamuscoulle os canalóns e as persianas, o interior salvouse aínda non se sabe como. Eran as seis da tarde e pola rua principal, a estrada Lugo-Monforte, ao longo da cal se estende a vila, os coches cruzaban con luz de cruce.



O 21 de Setembro é o San Mateo e na cercana parróquia de A Parte, nos lameiros que cruza o río Cabe, moitos viciños dos arredores celebran a festa cun regado e bon xantar. No mesmo Bóveda, e ben pasadas as tres da tarde, outros viciños preparábanse para asistir a un enterro.

O fontaneiro municipal lavaba os filtros da depuradora no encoro de Vilasouto, a bomba utilizada fornece de água a Bóveda e a outros once núcleos de poboación cercanos. "Parei a bomba para descansar, declarou, non me din conta do lume, ademais esa serra arde sempre".

Con efecto, esa pequena serra, lindante co principal núcleo de poboación do Concello, ten ardiado outras veces. Na nosa visita, algúns días despois do incéndio, podemos comprobar como o queimado estaba composto por toxos, silveiros e nomeadamente xestas. Xa se imaxinan... Por iso ningún lle concedeu máis importancia que a calquer outro dos 42 lumes que ese mesmo día convertían á provincia de Lugo nunha imensa fogueira. (No fin de semana con que culminou o mes de Setembro producíronse na Galiza 210 incéndios).

A esas horas o alcalde, Fernando Carlos Rodríguez Pérez, era avisado por un número da Garda Civil de que había lume pola banda da estrada da Raiña. Ao perguntar o alcalde pola súa gravidade e polas dimensións que podía alcanzar, o número respondeu que o lume estaba a máis de 400 metros das casas e que o vento viña do Sul, polo cal non había perigo. O Garda indicou ademais que non podía ir ali nunha parella porque todos estaban noutros incéndios, sendo el o único que quedaba no cuartel.

Vento do Norde

O lume até ese momento circulaba a rentas da vila, en dirección Norde (logo veremos que un lume pode alcanzar sorprendentes velocidades). Pero foi nese momento cando, ao parecer de maneira imprevista para todos, empezou a soprar en sentido contrario. Unha enorme fumareda tomou entón o camiño da vila, o lume, detrás, convertíase no rei do mato, os piñeiros comezaron a arder a lampadas. Como os lobos das noites de invernia, segundo relata Fole, noviciño municipal do Incio, un medo novo ia

visitar e lamber na porta das casas. O lume oubeu á súa maneira, os viciños dixeron que ao arder lembraba o sonido do mar, derreteu os canalóns e as persianas das vivendas e non comeu aos animais, pero levouse dúas rímas de leña. Un paleiro situado a carón dunha das primeiras casas veu dar en facho instantáneo. Igual lle sucedera aos piñeiros con que antes se encontraran as Brigadas de Protección Forestal. Algun brigadista pensou entón que nen empapados de gasolina podían dar tanto lume.

As primeiras embestidas do fogo, a unhas dúcias de metros das casas, foron contestadas pola Brigada de Bóveda e pola de Salcedo (Póvoa de Brollón). A primeira delas estaba facendo un cortafogos cando se viu sorprendida polo lume que cruzou a estrada e comezou a alancar. O grupo quedou rodeado e non puido continuar, nen baixar cara a poboación. A brigada de Salcedo, provista dunha carroceta con motobomba, pás e demais material, encontrábase daquela no meio dunha arada duns vinte metros de ancho, o lume veloz invadiu a zona e os homes apenas alcanzaron a correr por un lateral cara a estrada. Sentiron os pasos lentos ao enterrárselle os pés na terra recentemente entresada e viron a Ramón Castro Rivera, de 62 anos, viciño de Salcedo, tratando de fuxir, entre berros de "valeime, valeime" e perdéndose entre a fumeira. "Non podemos facer nada, a min menos mal que me axudou o meu primo" contou despois un dos protagonistas. As muxicas cruzaron a finca entre o vento e o fume e foron prender nas xestas de enfrente. Quizá, coméntase, que o Ramón se atontase co fume, quizá se ficase quedo no meio da arada, deitado e cubríndose de terra se tivese salvado.

Os demais membros das dúas brigadas, un dos cais aparecía comocionado, reuníronse nun labradío cercano, rodeados polo lume e sen posibilidades de saída inmediata.

"Pasei moito medo"

A emoción e a impotencia espallouse entre a poboación de Bóveda. O rumor empezou a falar de varios mortos e feridos.

Os asistentes a un enterro que se celebraba neses instantes deixarían só ao único que non podía moverse, para ir tornar o lume. Na rua principal non se vía o autobús a máis de seis metros.

O panadeiro, un home novo e cimpriado, lembra e lembrará por moito tempo aqueles momentos, desde a súa casa en cinco centos metros ao redor todo está negro como se dunha mina de carbón se tratase. "Pasei moito medo, dinos, todo foi moi rápido, cando vin o lume fun axiña, pero xa estaba ardendo todo".


Coa bomba da depuradora cerrada, a pouca agua que chegaba ás casas comezou a ser motivo da xenreira dos viciños. De contado chegaría aviso ao fontaneiro quen abriu a bomba e concentrou toda a água da zona en dirección a Bóveda. "Agora que a

xente está máis tranquila recoñece que aínda que houbese água ardería igual. Unha mangueria serve para pouco cando as xestas chegan ás casas."

Desde as emisoras do servizo contra incéndios comezaron a repetirse os avisos. A noticia dun home collido no lume serviu para mobilizar de inmediato a dúas avionetas con base momentánea en Compostela (ian volver a Madrid pero, ante as contínuas chamadas, permanecen en Galiza aínda nestes días). De pouco serviu, non vian co fume e ao cabo ardeu todo. As casas salváronse, pequenos cortafogos, baldes de água e a construción de cemento evitaron a traxedia.

A brigada de Salcedo

A Brigada de Salcedo, da cal formaba parte o morto, xa ten un membro en situación de invalidez total, brazos e cara deformados a causa dun incéndio en



1984. En Martin, parróquia moi cercana ao lugar do incéndio, xa estiveran a punto de arder dúas casas o ano pasado.

O que nos informa agora é o capataz da Brigada de Bóveda, forma parte do servizo de Protección Forestal e temos que localizalo na súa base: o viveiro "Os Trollos": "Nós temos que vixilar o noso pero cando fai falta imos ao dos viciños. Din que hai que pór en funcionamento Protección Civil pero non teñen presupuesto e as brigadas voluntarias como imos facelas se os viciños non apagan nen o deles? Imos nós a eles miran e dinnos que é a nosa obrigación, que para iso nos pagan e non é certo, a nós non nos pagan para iso".

"Ese día as brigadas estiveron até as seis da mañá. Andaban extenuadas, toda a noite sen dormir, comendo e bebendo mal e a desora e con incéndios todos os días".

Os viciños xa teñen que contarlle aos netos: como corrián diante do lume.

Víronse cercados polo lume con sorprendente rapidez e Ramón Castro xa non pudo escapar

Derretéronse as persianas e os canalóns das casas pero a súa construción de cemento salvounas

As Brigadas contra-incéndios traballan extenuadas. A de Salcedo xa tiña un membro con invalidez total, agora conta tamén cun morto e un ferido

O BNG cos candidatos históricos

Poucas novidades nas listas eleitorais

Xa se están a presentar as listas de candidatos para as eleccións autonómicas, pero mentres uns as teñen definitivamente conformadas, na dereita aínda andan encerrados en liortas internas.



Bloque Nacionalista Galego, Partido Socialista Galego-Esquerda Galega e Partido Socialista Obrero Español veñen de presentar as súas listas para as eleccións autonómicas, pero mentres os dous primeiros as presentaron como definitivas, o PSOE, máis numerosos aprazamentos, non pudo conseguir facelas definitivas xa que un dos candidatos, Benxamin Casal, anunciou logo, que non se presentaría, deixando así aberta outravolta a liorta na provincia de Lugo.

Pola súa banda o BNG que presentounos o venres día 4 nas distintas capitais en actos simultáneos, despois de facelo para a prensa en Santiago, non contén moitas variacións con relación a eleccións anteriores.

Repeten así tres cabeceiras de lista das eleccións autonómicas, aínda que Bautista Alvarez se presente por Pontevedra e Beiras, que substitúe a Cláudio López Garrido no primeiro posto, encabece a candidatura pola Coruña.

Polo demais son persoas coñecidas dentro do campo sindical, cultural, ecoloxista, ou ben xa con cargos institucionais.

Así por A Coruña, ocupan os postos seguintes a Xosé Manuel Beiras, Carlos Vales, Secretario Xeral de ADEGA, Rivera Arnos, alcalde de Fene e Rafael Mouzo Alcalde de Corcubión.

En Pontevedra encabeza a candidatura Bautista Alvarez seguido de Mariano Abalo, concellal de Cangas e Secretario Xeral da UPG, Francisco Trigo, Tenente de Alcalde de Cambados e Vitor Vaqueiro, escritor.

En Lugo, ademais do cabeceira, o actual deputado Lois Diéguez, ocupan os primeiros

lugares Emilio López Pérez, Secretario Xeral das Comisións Labregas, Xosé Cuba, responsable da INTG na zona lucense e Concepción Torres, economista de Ribadeo. En Ourense volta a ocupar o primeiro lugar Alfredo Suárez canal, seguido do Procurador e Concellal de O Carballiño Xan Alfonso García López, Etelvino Blanco da INTG e o humorista Xosé Lois.

Pero o BNG non quere facer campaña en base a persoas, segundo puxo de manifesto Bautista Alvarez na presentación da candidatura de Pontevedra, porque "as persoas poden traicionar pero as alternativas é moito máis difícil".

As presentacións do BNG

O Bloque Nacionalista Galego no presentación das súas candidaturas criticou aos partidos "que cambian de nome en cada elección o mesmo que fan as orquestras máis en cada tempada, para así poder coller algúns contratos de incautos"; referíronse outravolta a que estas eleccións non son presidenciais, como as queren facer aparecer PSOE e AP, senón para elixir o Parlamento; criticaron a autonomía por estar valeira de contido, pola súa falta de competencias e pola súa conformación, ao mesmo tempo que criticaban a Albor e a Rosón como demócratas ou galeguistas e a outros partidos que hai pouco tempo reclamaban a "autodeterminación para Galiza" e na anterior lexislatura "expulsaron polo mesmo a nosos deputados". No tocante á presenza dos representantes do BNG no parlamento, Xosé Manuel Beiras manifestaría que "se saímos elixidos imos estar por que para iso nos presentamos e ali imos defender o que queren que defendamos os

ciudadáns que nos dan o seu voto" calificando seguidamente de tomadura de pelo que "uns cidadanos que votaron uns postulados políticos non podan ter representantes; iso é tratalos de menores de idade".

Anunciaron tamén os representantes do BNG que desde a emigración lles pediron que fixesen campaña fóra de Galiza, así como que representantes das nacións europeas sen Estado van vir apoiar a campaña do BNG, en mostra de solidariedade. Denunciaron tamén a marxinación que está a sofrer o BNG nos medios de comunicación, anunciando que se vai celebrar un programa de "La Clave" cos candidatos ás eleccións galegas onde o BNG non vai estar preparada que se nos escoite", afirmaron.

As listas do PSG-EG

Tamén o PSG-EG apresentou as súas listas, afirmando que o principal "obxectivo e impedir que AP siga gobernando en Galiza", e "conseguir un grupo parlamentario propio".

Nas listas non hai moitas novidades a non ser a xa sabida da ausencia de Cláudio López Garrido, e a menos explicábel do sindicalista de Astano, Xosé Díaz.

A Candidatura do PSG-EG pola Coruña encabézaa António Martínez Aneiros. Séguenlle Xan L. Facal e Domingo Merino, ex alcalde de A Coruña. Por Pontevedra ocupa o primeiro lugar o parlamentario Camilo Nogueira, seguido do abogado Martínez Randulfe e o sindicalista de Ascon Manuel Currás Meira. En Lugo a cabeceira de lista e unha muller, María Xesus Díaz Sánchez. De número dous aparece Juan Carretero e de tres Xosé Lois Vilar.

En Ourense aprésentase por este partido como número un X.L. Rodríguez Ureña, ocupando os postos seguintes J.R. Guitián Rodríguez e Xosé Blanco Rodríguez.

O PSOE e AP aínda a voltas coas listas

O Partido Socialista Obrero Español apresentou tamén as súas listas despois de moitos aprazamentos, xa que en Lugo estaba o problema de Gato Soengas que non quería ser relegado en beneficio dos homes de Paco Vázquez-Ceferino Díaz, e en Ourense os intentos dun sector de incluír ao Gobernador como cabeceira.

A liorta en Lugo queda aínda pendente, xa que Benxamin Casal, que aparecía nas listas no terceiro lugar, manifestou que non se presentaría.

O PSOE quédase así cun "único independente", Alfredo Conde, que nen é independente e menos galeguista histórico, porque nunca foi tampouco galeguista.

Pola súa banda AP débátese en fortes loitas internas e CG non se dá decidido. Ao mesmo tempo, a Federación Progresista e o Partido Vertice Verde non se poden presentar ás eleccións.

Dicer tamén que cando este periódico estexa no prelo, estarase a celebrar en Madrid un xulgamento pola usurpación das siglas PSG por parte do PSOE.

E. L.

lonxe de fonseca

A corrupción que medra

LOIS DIEGUEZ

Un grupo de xente, conservadora ela, contaba o outro día máis con raiba que con surpese, o descontento dunha grande parte do funcionariado por acontecementos que estaban a ocorrer nun municipio de capital de provincia. Na súa conversa enfiában casos concretos, como que o Xefe da Policía Municipal enviara unha carta ao Comité de Empresa comunicándolle que os axentes do seu servizo (eran catro) que uns meses antes foran elixidos como delegados, non poderían concorrer ás reunións dese Comité en nengun día da semana, xa que o traballo a desenvolver non llelo podía permitir; ou que nas últimas oposicións a Auxiliares Administrativos xa todo o mundo sabía de antemán quen ía levar as prazas, "e atinamos -repetían-, leváronnas as catro persoas relacionadas co alcalde e outros concelleiros de AP".

Tamén contaban que na promoción interna dos propios funcionarios a alcaldía primaba aos que tivesen carné de AP, chegando había pouco a arredar ao mesmo Xefe do Servizo para meter a outro funcionario moi coñecido pola súa incompetencia e vaguería.

O que a min me sorprendeu, en principio, foi que os que falaban destes e outros casos do máis escandaloso fosen precisamente persoas moi achegadas ás teses dos aliancistas, algúns deles mesmo militantes coñecidos. E facían abertamente, como se xa non lles importase que os sentisen.

Pero a cousa é, realmente, así. Nos concellos, deputacións, organismos da Xunta e do Estado, etc., coménciase hoxe coa ideoloxía dun xeito que mesmo escandalizaría aos vellos fascistas do franquismo. Coménciase coa ideoloxía e mesmo con

cartos. Moita xente sabe dun concellal que se botou a facer un chalé empregando material e persoal municipal e que acabou por dimitir, aínda que a súa actuación no partido reaccionario e no propio concello segue a ser manifesta. Estou seguro de que o veremos metido nas listas de AP nos próximos comicios para os concellos.

Coido que hoxe existe unha conciencia grande sobre esta situación que non se limita só ás casas consistoriais ou outros organismos, pois os que teñen teño para organizar o abuso e a corrupción de portas adentro tēñeno tamén para levalo fóra. Tanto é así que nestes meses pre-eleitorais existe unha carreira contra reló para encher baches, pagar aos caciquiños, arranxar miudezas nas zonas de influencia, etc., etc. E non son só os de AP. Tamén son públicos os casos escandalosos que acontecen nas parcelas de poder que domina o PESOE. Nunca foi bon repartillar responsabilidades entre dous, porque os dous sempre acaban sendo un. Proba diso é a corrupción que existe na nosa sociedade apoiada e potenciada por dous partidos que, se non o remediamos, tragerán a desfeita e a ditadura para a nosa nación. Así o deixamos escrito.

Unha figura para vostede

Esta figura, deseñada polo Seminario de Sargadelos e elaborada no Laboratorio de Formas de O Castro, pode ser mercada agora por vostede. Son 1.000 únicas pezas numeradas, que vostede pode reservar desde agora dirixíndose, postal ou telefonicamente, a nós: Apartado de Correos 1.371 Teléfono (986) 43.36.24 VIGO

Merca arte galega para axudar á prensa

JOSE M. BEIRAS

tribuna

Felipes, Gerardos, Fernandos

(contribución á sátira de animalía política)

Escribo: Felipes, Gerardos e Fernandos, non Servandos, conste. Non está en custión a filibustería, logo. E escriboos así, en plural, porque son xentilicios coloquiais, en fala popular, como certos treitos de dinastías rexias de outrora. E máis porque son arquetipos caracteriolóxicos de especies da fauna política, en nomenclatura non linneana senón caseira e artesán.

O arquetipo Felipe(s) é un ex-Joven, ex-Estudiante e ex-Católico. Disque o presbiterado imprime carácter, e indelével, perdurábel mesmo cando se saen. O ter sido Xuventude Estudante Católica, tamén. Do primeiro seica sabemos moito os do BNG, segundo algún lamelibrancuio fidalgo e certo conde sen feudo que andan polos ermos oterriáns como "puta por rastrojo", mais eu podó aseguravos que a miña experiencia existencial bloqueira nunca me forneceu fonte ningunha de tal coñecemento. De certos xeques (ou XECs), si, en troques, poisque tivemos e temos que aturalos, alén os nosos lindes pro no entorno. Tivemos, primeiro, sen o ex, na nosa vida pasada, coa sua propensión ao ecitismo supererolítico e á confesión permanente, e permanentemente ociosa. E temos, agora, co ex anteposto, nas instancias centrais e periféricas de goberno e administración do Estado.

Este arquetipo vive en medios acuosos mornos e avoltos. Luce ben e leva o bico do nariz prendido no ár, coma o pensador do ensaio orteguiano no que Don José descalificaba ao de Rodin, a forza de ser ese ensaio e mailos outros do primeiro filósofo de España e quinto de Alemaña a literatura máis avanzada na que pasta intelectualmente, e remoe logo, este singular arquetipo.

Sofreu e sofre inúmeras metamorfoses sucesivas a partir do seu feito inicial: xornaleiro agromeridional descamisado, casaco de coiro luido elvispresleyano, vendedor de biblias tipo Don Jorgito el inglés, viaxante de cassettes en colexio

de xordomudos, asador de manteiga, distribuidor de seda e febre amarela no Far East do globo. A última metamorfose a vir, previsíbelmente de inmediato, é a que describiu Kafka en relato soberanamente arrepianante. Mais en conxunto a órbita metamórfica encadra no retrato de Dorian Gray máis ben ca no príncipe feliz.

Un día cáseque outonizo do 1974, o arquetipo Felipe(s) voltaba comigo en microbús dun contubernio en casa de exercicios laica da Friederick-Ebert. Sentado antre min e a xanela do bus, ao pasarmos polas afóras de Bad-Godesberg, espetoume en tono solenemente escandalizado: "Pensar, Beiras, que eiquí a SPD alemá renegou do marxismo no cincuenta e nove!". Hoxe prefiro morrer dunha coitelada en Chicago ca vivir en Moscú, e sinto unha repentina paixón indiscriminada polos gatos. Tamén é presidente dun goberno psocialista.

O arquetipo Gerardo(s) é un ex-galaxián, quero decir, oriundo doutra Galaxia. Din que diso non lle queda máis ca o gá (G) inicial. Mais é un mutante. Inclusive na normativa apricada á sua persoa, e iso a contre-sens. En tempos de indefinición oficial no asunto pasouse do gé (G) español ao xiz (X) galego. Apricada a normativa autonómica e o xiz con ela, fíxose lusista (G) —¿ou será que retornou ao gé español?

De retornos este arquetipo sabe algo. Na mocidade fora aviador de guerra azul —sempre lle gostou voar. Transitou logo, a pé, polos cómaros do eido democrata-galeguista-anti-franquista. Nesa época tiña, nas tertulias dos cenáculos intelectuais da sua galaxia, o sinalado cometido de relatar o chiste de "¡Lupia, cagona!" —e facíao

ben, disque. Cenáculos nos que a besta negra máis fedorenta —do xeneral de ollos moles abaixo— era un señor de lugo que polo entón adivertíase en ministerios de información represiva e en contribuir á extinción do galo de monte ou urogalo. (Na extinción de gal-egos xurdidos tivo menos fortuna, porque as ideas e as letras, xa se sabe, sempre foron inmunes á munición e ás armas, a pesares de confabulacións como a que simbolizaba daquela certa foto de Azorin co devandito xeneral que lucía pendurada, tal foto-cantiga de escarnio exemplarizante, na biblioteca dalgún actual delegado dos narcisos gobernantes de Terra Ancha. Tampouco a fortuna lle sorriu ao señor de zapatóns na extinción do gal-ego coma espécimen lingüístico, a pesares das suas temperáns fazañas servís a prol do ingreso do aparello fascista represivo dese espécimen nun estariel chamado Unesco, dos cepos de cazar galeses contra os ostes culturais dos gallaecos, descargas de veneno contra revistas veraces e ferrollos ás portas da liberdade ideatoria).

Encetada a transición maquilladora da mala vida pasada, licenciada a garda moura, e blanqueadas de democracia rúas, fontes e fachadas coma nas antigas épocas de peste, amén de bendicións apostólicas depuradoras das almas, as bestas negras tornáronse galegos coma tí, e o arquetipo Gerardo(s) fixo unha demostración práctica do eterno retorno —non o nietzscheán, se cadra, mais si o da síntese coas orixes de aviador azul, ou séxase, voar alto no sic transit gloria mundi sin deixar de andar a pé. Orabén: como esqueceu a técnica da navegación aérea adeprendida na sua mocidade, é seguro que se vai esfragar.

O arquetipo Fernando(s) é un ex-péssego —ou sexa, en estrita filoloxía etimolóxica, pérsicus, de Persia, vulvo: pexego. Nesa caste coñecida polo termo vulgar había de todo, como en botica, conforme se botou de ver despois nos diferentes vieiros detectábeis nunha análise evolucionista. Do mesmo xeito que nos antecedentes evolutivos dos homínidos houbo especies arborícolas que nunca endexamáis descenderon a terra firme, nin se soergueron pra convirteren en mans os membros dianteiros, nin eliminaron o rabo prensil, nin devñeron entes de razón, vontade e sensibilidade, nin detentadores doutros valores ca os do funambulismo propio dos macacos titi, senón que perenemente seguiron a andar polas ramas e agatunhar coma trepadoras en versión animal e non vexetal, así tamén aconteceu na especie da que procede o arquetipo Fernando(s).

Houbo de todo. Hóubooos que levaban dentro o homo sapiens e ben se viu xa daquela, hóubooos que andaron e anda andan de macacos, e hóubooos, naturalmente, que se revelaron seren nidios arborícolas —escelentes, iso si, pro pra nunca endexamáis máis próximos do homo sapiens et honestus ca os rinocerinos de Ionesco. A diferencia máis sensíbel con estes outros estriba en que en vez de bruaen de xeito estarecente emiten grititos agudos e entrecortados dende a ramallada da floresta institucional.

Ese arquetipo Fernando(s) é un bó peixe, ou cando menos sique sabe de peixota e lumbricante. En realidade non hai tal, a vulgar polas resultas das suas angueiras nesa orde de cousas, quero decir, na ordeación peixeira. En Portugal os mariñeiros da Galiza sul chámalo a lula, porque emite un borrancho

de tinta pra se ocultar coma único mecanismo defensivo, é decir, que desaparece do mapa ou carta mariña, coa só consecuencia perxudicial de que tamén fai desaparecer dese mapa con il aos pesqueiros da Galiza norte. Témesse que, en xusta correspondencia, os mariñeiros deste país vano botar en troques de votar, ponendo en práctica unha xa vella consigna pexega doutroira, cando do referendum liquidador da creba democrática e inoculador da contrarreforma: "Se votas, non os botas" —decía con ilusión. Daquela non deu moito resultado, mais agora si que vai operar no subconsciente colectivo, aguilloado pola fame e a friaxe das augas na invernia.

O pior do asunto é que esa rara filia polos peixes, ou furor ictiolóxico, disque é sintome dunha tendencia, xa non ao estancamento evolutivo no estadio arborícola, senón a unha alarmante evolución regresiva cara as orixes acuáticas mariñas das especies vivas do planeta.

Nas cartas de navegación do arquetipo Fernando(s) estaba sinalado o itinerario de acceso persoal a Bruselas vía Ostende, Bruxas e Gante —vía mariña até o primeiro, e fluvial, en péñiche ou gabarra, dende alí. Era a sua roita prevista, é decir, cara o Nordés, e non cara os xuntoiros do Noroeste (nota: aséptica denominación usual de Galiza nos meios madrileños oficiais de sempre). Noutras verbas: cara o embigo da Europa mercante, e non cara as brétemas e os trebóns da Fisterra. Mais na crise minis-terial que se cocinaba dentro da crise xa coñecida de tódolos que a padecemos —os currantes, como se di agora— semellou que o boyero dese carro ía trunfar e decapitar ao xefe do arquetipo Fernando(s), de xeito que iste acordou arrombar o seu feble polos peixes, queimar as naos a tempo, e facer uso das suas dotes arborícolas pra pegar un p pincho cara outra ponla da floresta institucional, como postulante a xuntoiros autonómicos galegos. Dios lle conserve o rabo prensil pra que non se esnafre, cando o bó leñador tale a árbore na que se arranda o titi.

Xa estamos na
Rua Pontevedra, 4 - 5º (Vigo)
Teléfonos:
22 24 05 Redacción
43 36 24 Administración
A NOSA TERRA

AS CERAMICAS DO
CASTRO  **EAS**
SARGADELOS  **DE**
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO
DE **FORMAS**  **DE GALICIA**
E O  **SEMINARIO**
DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS.

Marinaleda

Se buscas privilégios non chames a esta porta

"O futuro está claro: hai que moverse, hai que conquistar o traballo. Marinaleda, Andalucía é unha ola a presión que vai estalar". Moncho Fernández estivo alí. este é o seu relato.

Cando o "duque del Infantado" se ergue, despertado por unha suave e monótona voz do vello servidor, e previo aseo persoal (lavaranno tamén?) e almorzo inglés, e se lle dé por repasar a prensa matinal, é posíbel que no ABC lera que nun pobo andaluz voltaban unirse para conquistar, despois de séculos, aquilo que é deles: a terra.

Tamén entra dentro do probable que o excelentísimo, señor? adiviñase, quizá advertido polo seu vello abogado, que ese pobo, Marinaleda, quedaba á beira das 3.000 hectáreas (3.000 campos de fútbol, para nos entender) que el ten no término de Estepa. De todos os xeitos, como é dono doutras 11.000 perto de Carmona, e, ademais, nunca pasou por alí, seguramente o conseguinte baño na piscina do xardín non se verá alterado o máis mínimo.

Vai un calor terríbel. A 22 Km só, Ecija presenta a media de temperaturas máis altas da península. Só hai un autobús para mañá. Fumos a dedo. Os latifundios, para nós acostumados a ver propiedades pequenas e divididos, teñen unha mistura de desconfianza e atractivo. Estamos en zona de tradición libertaria, asamblearia. Lugares nos que o fascismo se ensañou.

—Onde ides? díxonos aquel home gordo, nun coche que precisaba un bon lavado, o acento raro, que para min asemellaba ser manchego-andaluz.

—A Marinaleda.

—A qué?

—Neste "a qué?" notábase recelo. Resulta que un ten unha esotraña vergoña de ir a estes sitios. Sabes que hai moita xente que gusta de ir a estes "sitios de moda progresa", e non saben estar. Igual de ridículo é ir a darlles escola de loita de clases aos xornaleiros de Marinaleda que de revolución ás nicas. E xa sabemos que de todo hai.

Pero hai un linguaxe de miradas, de sorrisos que rachan con esas pequenas murallas. Aos cinco minutos falábase coneste viciño de Marinaleda, da loita, das terras, da água e do poder.

Cando entramos na casa de Antónia e Moreno, deixamos o

calor. Empezamos a falar, xa non paráramos.

O mestre de "sociais" que logo foi alcalde

Cando estaban, hai uns oito anos, no EXB, tiñan un mestre de Sociais que lles empezou a aprender a falar, si, a discutir temas, a analizar a realidade. Inda por riba, por cuestionar, cuestionaban até á escola. Un día, alguén, seguramente de perfectas maneiras, engarbatado (daquela a arruga non era bela) tentou de botar a ese mestre, ou polo menos trasladalo. Os rapaces e rapazas desa escola inventaron a folga, o non ir á escola, para amosar que estaba con el, que con ese mestre daba gosto porque, qué demasia! até podían falar. Ese mestre seguiu, non só na escola, senón no pobo. Hoxe en día é coñecido por "o alcalde de Marinaleda", inda que os viciños, con el, din que o alcalde é todo o pobo.

Estábamos nunha praza moi bonita, cunha fonte luminosa. Cando estiven a punto de tirar a "pava" do meu Ducados ao chan, houbo algo que me impediu cometer ese pequeno acto anticolóxico. Comentáronnos que esa praza chamábase antes "18 de Julio", esa terríbel data de verán. Daquela non tiña nen árbores, nen baldosas, nen fonte.

Entre todos non só a fixeron nos "domingos rojos", senón que tamén a limpan. Agora ten un nome que fala moito de qué vai o chollo, "Avenida da Liberdade". Seguironnos contando que tamén fixeron un Polideportivo, vivendas, plantación de árbores, que están en vías de culminación as obras da "casa da cultura" do "centro cívico-social" do "consultorio médico" que recollen o lixo por turnos voluntarios, que lles custou moito comprar o local do sindicato (SOC, "sindicato de obreros del campo"), que foi un pracer cambiar o nome da plaza de Franco polo de Praza de Salvador Allende, o da travesía de Queipo de Llano polo de León Felipe, o da rua de Muñoz Grandes polo do Ernesto "che" Guevara, Sanjurjo por Federico G. Lorca, etc.

QUIEN ASPIRE
A SER
REVOLUCIONARIO
QUE EMPIECE
A FUSILAR
INMEDIATAMENTE
A SU EGOISMO.



A dereita o autor da reportaxe conversando cun viciño de Marinaleda.

—Pero hai moitos afiliados do SOC? —Ah! Aquí somos todos.

—De 2300 habitantes, participaron na primeira folga de fame de Agosto do 80, 800 persoas.

—Cál é a clave? —Non se sabe onde remata o axuntamento e empeza o sindicato.

"O noso poder que somos nós mesmos"

"O noso poder segue a medrar, a pesar das ameazas. O noso poder que somos nós mesmos, convertido en contrapoder, nun poder do explotado, fronte ao poder do explotador. O noso poder como un anaco de cada un para arrincar dereitos e repartir compromisos cos seus domingos vermellos e as suas loitas sen recesos" (Sánchez Gordillo no seu libro "Marinaleda, Andaluces levantaos").

E doado, está claro, criar mitos, heróis, facer posters da xente destacada do pobo. Eu penso que se tentou facer algo así con Juan Manuel Sánchez Gordillo. Marinaleda é máis. El ten, tivo, un papel importante, pero este carro non o pára ningún, nen sequer ese fascista que con má pontaría disparou unha bala que atravesou as dúas portas do coche no que iban Juan Manuel e o tenente de alcalde. O poder popular está metido nas entrañas dos xornaleiros.

Todas, absolutamente todas as decisións, municipais ou sinxelamente sociais, de Marinaleda, fanse de xeito asambleario. Alí falan todos, homes, mulleres, vellos, novos. Así funciona un "grupo de acción" encarregado de dinamizar as loitas e a vida do pobo. Todos os cargos son revocábeis "Quen aspire a ser revolucionario, que empece por fusilar o seu propio egoísmo", reza un cartel nas paredes do sindicato.

Este "grupo de acción" fíxose como unha das tarefas prioritarias a vitória sobre o analfabetismo (15 por cen non sabían ler ou escribir, sabían firmar e ler algo o 60 por cen).

Até hai pouco, existían catro días de emprego comunitario á semana. Facían traballos, ás veces absurdos, simples parches dentro do sistema de explotación capitalista. Aproveitaban eses días para falar, para organizarse, moitas das loitas levadas a cabo nasceron neses días. Agora, sabido é, a administración estase a modernizar.

Esta xente, tan dada últimamente a pasar o verán perto de Marinaleda, pero codeándose cos duques, condeseas, play-boys de Marbella City, inventou o subsidio de desemprego, ridículo, aldraxante, pero que cumpre a función de resignación ("Mais vale isto que nada"). A xente traballa dous meses ao ano, o resto a cobrar a miséria.

Unha loita con vacacións

Contábanos estes exalunos, agora membros do comité executivo do SOC en Marinaleda, que en Agosto, vacacións. Valoran tanto a loita como saber parar a tempo. Eles tamén saben agardar. A alegría, a festa, a conversa é loita. As reivindicacións son claras: repovoacións forestal, ordenación de cultivos, creación de industrias derivadas do agro, prohibición de arranque indiscriminado de oliveiras, control sobre a mecanización para que non se reduzan inda máis os postos de traballo, posta de novas terras en regadío, inversións en infraestrutura. Por outro lado, de xeito inmediato plantexan a expropiación de:

A) Fincas de propiedade es-

tatal (IRYDA, ICONA, Confederación Hidrográfica) sexa cal sexa a súa extensión, sen cultivar ou en reserva.

B) As fincas de máis de 200 Ha. de secano e 50 Ha de regadío, cando se topen en baldío ou coto de caza.

C) As fincas de máis de 200 Ha. de secano e 50 de regadío que se topen aproveitadas con criterios antisociais, inda que resulten rendábeis para os seus propietarios.

Entre os latifundios que rodean Marinaleda destacan o de "Pepe López" con 11.000 Ha., en varios cortixos, Duque del Infantado 3.000 e varios que rondan as 1.000 Ha.

Para cando chegue o momento que a terra retorne os seus auténticos propietarios, os xornaleiros xa teñen organizadas 7 cooperativas, desde hai 4 anos.

Un tema que afrontamos, no despacho do alcalde, ao cal se acede logo de pasar unha porta co letreiro que dá título a esta reportaxe, foi o da poboación. Nos dous decenios que comprende o período 1950-70 emigraron 13 31 persoas. Actualmente o 20 por cen ten de 15 a 24 anos. O futuro está claro: hai que moverse, hai que conquistar o traballo. Marinaleda, Andalucía é unha ola a presión que vai estalar.

Estivemos, ao remate, vendo fotos e diapositivas das loitas. "Agora Mariano ten a cámara estropeada, a ver se mercamos outra". Porque resulta que tamén son fotos de todo o pobo, que ensinan aos visitantes curiosos. Falamos da solidariedade, da que reciben e da que dan. Vemos manifestacións e actos por Chile, Nicaragua, Arxentina.

Comentamos que hai xente que non entende ben de qué vai a loita, inda que se disfarcen de progresistas. Unha intención do pobo en xeral é ir a Nicaragua, non falar de ir unha comisión, queren ir todos a ver ese outro combate, violentamente doce e libre, contra o imperialismo yanqui, queren ver na práctica o que é o soño deles todos. Sílvia e Pablo servennos de música de fondo. Xa nos temos que ir. Na estación, logo das apertas, apertóns e miradas, despois do pitido que avisa a inmediata marcha, Antónia míranos, logo de prometermos visitas, e dinos: "Ah! Viva a revolución", cun puño pecho de alegría e de forza. Cando nos metimos naquel vagón pensei no duque, nos ministros, no clero e no exército, nos despachos, nas ordes, na alegría, na paz, no poder popular, nas apertas, na terra ceiba, no internacionalismo, e veume á mente unha frase feita "Mais vale morrer de pé, que viver de Xellos". Souben, outra vez, que era verdade.

MONCHO FERNANDEZ LEAL

estado crítico

XESUS VEGA

Era un dos segredos mellor gardados da Moncloa. Moi poucos sabían que Felipe González traía de Washington un regalo persoal de Ronald Reagan: unha camiseta coa inscrición "I love Rambo". Nada máis chegar dos USA, González visitou a súa cosmólita adega e decidiu demostrar ao mundo que o regalo de Ronald era procedente.

Había que expulsar ao Polisario do Estado español para defender a dignidade occidental. "De min non se ri ningún" exclamou, botando peito, Phillip Rambo. Cando recobrou a compostura habitual, completou a frase: "ninguén... que non se chame Reagan, Thatcher, Kohl, Mitterrand..." Era comprensíbel este rasgo de sinceridade: ao cabo, o Rambo hispánico é máis feble que o que habita na capital do Império.

A rápida actuación gubernamental deixou, máis unha vez, coa mel nos beizos a Fraga. Ben mirado, aínda ten unha baza: propor a Gonzalez unha

O centro da súa vida

tica dun goberno que acusa ao Polisario de exercer a "pirataría" e "violación das normas do dereito internacional" e "violación das normas do dereito internacional" e anuncia o próximo recoñecemento diplomático dun Estado —o de Israel— que ven de protagonizar un acto terrorista no territorio tunecino.

Saben vostedes por qué Fernández Ordóñez está máis calvo que nunca? Porque ven de descubrir que unha cousa é o Frente Polisario e outra o pobo saharauí. Mentres non haxa eleccións, o Frente non pode ter a categoría de representante único e lexítimo do seu pobo. O PSOE, en cambio, si: gañou os comicios do 82 e pode vender armas a Marrocos coa lei nunha man e Barrio-

excursión conxunta ás costas saharauí —con baño incluído— para demostrar a capacidade militar da Armada española. Sería, ao mesmo tempo, un xeito de acreditar a proclamada valentía destes amigos do actor da Casa Blanca.

Permita-se-me un consello: non busquen a coherencia dun goberno que invoca a "prudencia" en política internacional para non saír da OTAN pero que expulsa aos representantes oficiosos dun Estado soberano —a República Árabe Saharaí Democrática— membro da OUA e recoñecido por máis de 62 países da comunidade internacional. Non busquen a consecuencia democrá-



nuevo na outra. E, por iso, ao ministro de Asuntos Exteriores non lle cai o pelo cando recibe ao embaixador de Pinochet ou ao do Goberno sudafricano.

"Demonstran ter un cativo sentido do Estado" afirmou Javier Solana para descalificar a quen non acepta a expulsión de Bujari e os seus compañeiros. Ten razón o irmán do multilateral Solana. No PSOE sinte-se tanto o Estado que ningún ergue a súa voz para cuestionar a decisión gubernamental. Nen sequer dimite Antónío Massip, antigo directivo da Asociación de Amigos do Sahara e actual alcalde de Oviedo. Todos están de acordo. Ministros, directores xerais, alcaldes, concelleiros, candidatos eleitorais...

Centralismo democrático? Imposíbel. Entre outras cousas porque o PSOE xa superou os "infantilismos" leninistas e marxistas. Trata-se, en realidade, dun novo concepto: o "centralismo de Estado". O Estado é o centro das súas vidas. Unha verdadeira droga. Fora del, nada ten sentido. Con el, todo é posíbel.

No mes de Xullo, o Xeneral António Ramalho Eanes, Presidente da República, disolve a Assembleia pondo remate á última secuencia de coligación PS/PSD — Partido Socialista/Partido Social Democrata.

Dous anos escasos durou ese ambiguo Goberno do que Mário Soares fora Primeiro Ministro. Os desentendimentos entre ambas forzas políticas e a forte presión social que imprimira o PCP — Partido Comunista Português — foran determinantes na inviabilidade dun pacto que continuaba, no primordial, ao da anterior lexislatura, AD — Alianza Democrática — formada por PSD/CDS e PPM. Nen AD, nen PS/PSD, tiveron oportunidade de chegar até o fin dos catro anos previstos. A capacidade contestatária do Partido que chefia Alvaro Cunhal, mais as disensións internas entre as forzas no goberno puxeron fin anticipado.

Ricardo, Administrador de quintas, desce dunha familia galega con orixe en Monterrei; un seu tío, Xeneral sublevado no trinta e seis, matou mais "vermellóns" que os alemáns. Ricardo é militante do PPM — Partido Popular Monárquico — e ia exercer o voto útil no seis de Outubro apoiando ao PSD.

"Se tivéssemos Rei non habería tantas eleccións, nen se ia deixar fuxir a nosa riqueza de ultramar.

Falamos na noite do cinco de Outubro, conmemoración da implantación da República Portuguesa, hai setenta e cinco anos, o Duque de Bragança e Ricardo agardan por tempos mellores.

Teño para min que se decatou do lene sorriso dos meus beizos.

O día 4 de Outubro nova cita electoral no cimo dunha Campaña diferente ás anteriores. Na primeira fase caracterizada pola dialéctica durísima con que PS e PSD facían acusacións mútuas. Frente á novidade da presenza dun PRD (Partido Renovador Democrático) artellado baixo un criterio presidencialista, de apoio ao Presidente da República, líder do PRD, mas levando por diante a figura da súa muller, Manuela Eanes, evitando un posíbel desgaste do Ramalho, e a intelixente campaña da APU — Alianza Povo Unido — (coligación electoral da que é motor o PCP) nunha demostración clara da capacidade organizativa na "toma propagandística".

"Verticalidade, honestidade e competencia, o equilibrio da balanza que simboliza ao PRD — Partido Renovador Democrático — foron tomados do noso exemplo perpétuo, o Xeneral Eanes".

António, é membro da Comisión Técnica Eleitoral do PRD, non está interesado en posicionar ao PRD en nengun lugar da gama electoral, só preocupado por lanzar unha imaxe "de ética e moral que de facto debe rexir toda a vida política portuguesa".

El non está por situar ao PRD na esquerda, centro ou dereita; no Encontro de comentaristas políticos, no Centro de Dados da Escola de Formación de Jornalistas, todos coincidiron en situar ao PRD á esquerda do PS.

Portugal: eleccións á Assembleia da República

Soares rua!

Nos días previos á elección viuse medrar por toda Portugal o lema "Soares rua", pintado nos muros por mans amigas do PCP. Con efecto, a crise do Partido Socialista e o desprestixio do seu principal líder, Mario Soares, converteron a esta forza no gran derrotado dos recentes comicios: O PS pasou de 100 deputados a 55. António Mascato, enviado por A NOSA TERRA á outra beira do Minho, oferécenos aquí a súa crónica.



O Partido Socialista procuraba o 43 por cento pero terá que se conformar cun 21 escaso. Foi o gran derrotado.

Os resultados

	% Votos	Mandatos
PSD	29,88	85
PS	20,84	55
PRD	18,00	45
APU	15,44	37
CDS	9,78	20

	1983	% Votos	Mandatos
PSD	27,04	73	
PS	36,35	100	
APU	18,20	44	
CDS	12,38	29	

ca" e con golpes de efecto — rendábeis politicamente a meio prazo — ao lograr unha sentenza contra a utilización dun cartel de apoio ao Mário Soares e o PS, aínda beneficiándose do adianto das Eleccións ás Cárteras Municipais (Autárquicas) ás

Fernanda, de ollos caros, traballa no comércio, é militante do PCP, organizada no comité de mulleres comunistas. Hai pouco tivo que participar nunha mesa de debate no Alentejo "olla, a que falou diante de min, tiña vinte anos mas representaba corenta, contou que durante grande parte do ano só tiña para as crianzas pan duro mollado en água", era todo canto podía darlle para que non sentisen a fame. Fernanda cre posíbel un absentismo electoral, reaccionario evidentemente, pola situación extrema á que ten chegado a zona mais deprimida do País. O caso é que a alarma económica está acesa en todo Portugal.

Novo panorama político con saída incerta

A primeira consecuencia que se tira á vista dos resultados é óbvia, aparece unha nova forza política con peso na cantidade de votos mas con incerto posicionamento ideolóxico. Hai seis meses o PCP por boca do Alvaro Cunhal fixo saúdo intenso cando se formou o PRD como partido, anteriormente apoiaba a tese de manter na Presidencia da República a Ramalho Eanes como garantía de respeito á Constitución, o que realmente supón termar das poucas conquistas que restan do 25 de Abril.

Aínda mais, durante a Campaña APU procurouse que saise boa imaxe do PRD e seu chefe natural, mesmo tiña anunciado o Cunhal unha perda de voto APU para o PRD.

Estamos pois diante dunha nova estratexia da esquerda real portuguesa, o PCP aliase indirectamente co Eanes para salvar a da das conquistas de Abril que non foran estragadas polos diferentes gobernos AD e PS/PSD.

Os Socialistas do PS tíñase botado á dereita de maneira escandalosa, procuran o livre despedimento e a liberalización dos alugueres entre outras medidas, seu pacto electoral co PSD fora tan absurdo

que lle ocasionou perder case o 50% das bancadas na Assembleia. A durísima oposición do PCP "Soares rua!" e a falta de entendimento co seu coligado PSD provocou o descalabro. O partido que lidera Aníbal Cavaco Silva non tivo a honradez necesaria de asumir responsabilidades da nefasta etapa anterior, segundo o PSD só o PS fora responsable da fame, salários en atraso, despedimentos masivos, inflación; saíulle ben por esta vez. O problema a seguir vai ser como se forma o novo goberno.

O líder da candidatura mais votada, con 85 dos 250 Deputados, debe ser — atendendo a casos anteriores — o eleito polo Presidente da República para novo Primeiro Ministro; el terá que formar a súa equipa de goberno. Mas o Cavaco Silva non terá posibilidade de formar outras coligacións, o CDS vai farto dese tipo de experiencia que sempre lle provocaron unha perda notábel de votos — por mais que sexan aliados ideolóxicos na dereita portuguesa — desde o Goberno AD.

Por outra parte o PRD xa ten anunciado a súa vontade de manterse na oposición, traballando na construción da maioría propia en futuros encontros electorais. Sendo imposí-

bel un acordo co PS do Mário Soares para recuncar nunha coligación de goberno, para que entón a crise e novas eleccións, parece que vai ter que ser o PSD en minoría do 29,88% quen forme goberno soseño.

Existe unha alternativa que seguramente non chegará a concretarse, promovido polo PCP en colaboración co Presidente Eanes buscar demócratas convencidos, de toda a gama ofrecida, para instalar un Goberno de Salvación Nacional, capaz de afrontar os gravísimos problemas do povo portugués.

As conversas xa foran iniciadas durante a campaña, asináronse acordos cruzados, os representantes eleitos en Portugal andan na procura de facer viábel unha lexislatura duradeira capaz de solucionar a dramática situación á que os gobernos AD e PS/PSD teñen levado ao País.

O día 6 de Outubro é só inicio dunha nova vegada, o 15 de Dezembro virán as Eleccións á Presidencia da República. A espera do que aconteza poderá saír un proxecto de futuro, en tanto o Partido Socialista fica estragado polos seus propios méritos.

ANTONIO MASCATO

da Presidencia da República. O CDS — Centro Democrático Social —, sempre á dereita, está en fase de retorno, cunha campaña mínima só centrada na figura do Lucas Pires, e á espera da vitoria do PSD con trasego do voto útil.

Un detalle, significativo, aínda referido á campaña: todas as forzas con posibilidades de acadar representación na Assembleia basearon a súa estratexia no persoalismo, na figura dos seus líderes. O PS tivo necesidade de

Alvaro, funcionario xubilado, colaborou activamente na campaña electoral do seu partido, o PSD. "Embora non morra tamén o Cavaco prematuramente, vamos gobernar até o fin; Sá Carneiro, Mota Pinto, fóronse os mellores!, agora que tanto precisamos deles".

mudar ao "queimado" Soares por Almeida Santos, quen fora ministro de mais carteiras na etapa após 25 Abril; PRD coa imaxe do Ramalho Eanes como "exemplo para todos os portugueses honestos"; PSD, mortos Sá Carneiro e Mota Pinto, acudira coa personalidade "ben parecida" do Cavaco Silva; o CDS apresetou ao Lucas Pires, mais groso e sen óculos. Só APU non fixo propaganda de persoas, puxo por diante un programa de "máxima urxencia para salvar o País".

Na sede do CDS, unha casa grande da Rua de Ricardo Severo, ao pé da Praza da Boavista, non houbo ninguén desde o momento en que finalizou a campaña, ás vinte e catro horas do día catro, os poucos militantes activos retiráronse para non voltar. O partido, seriamente metido en dévedas, precisa de atopar un líder con forza cando está cantada a demisión de Lucas Pires. O voto fuxe ao PSD.

Oito millóns de eleitores dos que meio millón concorreron por vez primeira, para escoller a 250 representantes, receberam cartas pretendidamente persoais con apelo ao voto. O 6 de Outubro estivo marcado por dúas datas, a véspera, Día da Implantación da República e a seguinte, inicio do xulgamento ás Forzas Populares 25 de Abril, sen que haxa provas determinantes para condenar a Otelo Saraiva de Carvalho.

A.M.

Carlos, bancario de corenta e dous anos, candidato nas listas do PS polo Distrito de Porto estaba notoriamente tenso durante a xornada de reflexión.

"Teñen medo do Partido Socialista, é por iso que destroen nosa propaganda; nosas propostas tiveron grande receptividade nas populacións. Mais unha vez vamos manter nosos resultados positivos, para gobernar pedimos a maioría do corenta e tres por cento".

Logo chegou o grande desastre. Carlos estaba intranquilo.

"Gostariame ter máis tempo
para dedicarllo á poesía"

Ernesto Cardenal

Ernesto Cardenal, o coñecido Ministro de Cultura nicaragense, segue dividido entre o interese por retirarse ás tarefas literarias e intelectuais e a necesidade de colaborar na dirección do país nos ámbitos políticos e cultural. En San Carlos, cabeceira departamental de Río San Juan, onde tiña chegado para se entrevistar cunha delegación costarricense, foi entrevistado por Begoña Moa.



Iglesia de Solentiname. Lugar onde Ernesto Cardenal pasou tantas xornadas e aonde lle gustaría retirarse.

En Xaneiro cumpríu os sesenta e os meios de comunicación en Nicaragua volcáronse para felicitalo. Unha dedicatória do Comandante da Revolución, Tomás Borge dicitia "Hai que querer e respetar a Ernesto Cardenal como se xa morrese e xa resucitase. Hai que querelo aquí e agora", mostra do estilo, sempre impregnado dunha forte sensibilidade afectiva, deste povo e dos seus dirixentes. A dedicatória ía do Ministro do Interior ao Ministro de Cultura.

Ernesto Cardenal chegou a San Carlos, cabeceira departamental de Río San Juan, a rexión que fai fronteira con Costa Rica, para recibir ao ex-presidente Pepe Figueres que encabezaba unha delegación "tica" de partidarios do diálogo con Nicaragua, delegación expresamente desautorizada polo presidente Monge e pola mesma dirección do Partido de Liberación Nacional ao que pertence Figueres. No "mirador" de San Carlos, unha nova construción incluída dentro do plan de reconstrución desta pequena vila, Cardenal respostou a algunhas apresadas preguntas, para A NOSA TERRA.

"Os nosos programas culturais están limitados pola agresión imperialista"

—Nunha situación como a que atravesamos actualmente en Nicaragua, enfrendando unha agresión militar e un bloqueo económico de parte dos Estados Unidos que obriga a priorizar todos os recursos para o sector militar,

cómo é posíbel articular unha política cultural?

—Despois do Triunfo, aquí ten habido un forte desenvolvemento cultural; desenroláronse e potenciáronse manifestacións populares no teatro, na poesía, na danza, na artesanía... Pero si e certo que a guerra que estamos a sufrir de parte do imperialismo norteamericano através da CIA fai que os programas de cultura se vexan limitados, xa que a meirande parte do noso presuposto ten que ir dirixida á defensa. Porén, a cultura é parte fundamental da Revolución e a Revolución mesma.

—Pero cómo se implementa isto para que a cultura chegue ao povo, para que o povo sexa participante e protagonista do feito cultural?

—A idea, que nós temos é que a cultura nasce do povo, é parte del, e non dun grupo de "cultos", dunha elite. A masificación da cultura, a democratización da cultura é o que tentamos acadar con nosos programas. Todos eles están dirixidos a ese obxectivo, ben sexa no teatro, a música ou na área das publicacións. Queremos que cada vez haxa unha maior participación do povo na creación cultural e no consumo da cultura.

—E que manifestación cultural pensa que ten maior arraigo no povo nicaragense?

—Aquí en Nicaragua, tradicionalmente ten sido a poesía, e despois, creo que a música, a danza, o folclore; pero principalmente, a tradición cultural de

Nicaragua de máis arraigo e máis traxectoria ten sido a da poesía.

—Debido aos problemas producidos da guerra e o bloqueo, Nicaragua solicitou en varias ocasións a solidariedade internacional en todos os campos. Concretamente na área de cultura, cal ten sido a resposta do Estado español?

—Estamos moi agraecidos ao goberno español pola axuda tan importante que nos ten brindado. No terreno da Cultura recibimos moitas donacións de instrumentos musicais, materiais que precisamos no Ministerio, libros infantís e asesoría técnica no campo das artesanías. Pero tamén hai outras áreas da Revolución na que a colaboración española é importante; na educación, a Saúde, e no económico. Agradecemos moito todo isto aos povos e ao goberno de España.

—Padre Cardenal, vostede ten manifestado en moitas ocasións o seu desexo de retirarse do Ministerio. Pensa que iso pode ser factíbel agora?

—Desde logo, eu sigo pensando niso. Para min sen dúbida é unha grande carga ter que dedicar a meirande parte do meu tempo, ou todo o meu tempo a estas tarefas en vez de á miña creación literaria e intelectual.

Estouno facendo porque mo pediron, pero representa un gran sacrificio, a min gustaría retirarme, a Solentiname ou a calquer lugar que sexa efectivamente de retiro, e en Nicaragua, claro.

"Sempre trato de difundir a obra de Celso Emilio en Nicaragua"

—Talvez moitos galegos non saben que vostede coñeceu en Madrid a Celso Emilio Ferreiro. Cal é o recordo que mantén del neste tempo?

—Coñecín a Celso Emilio através da lectura, hai xa tempo e admirábo moito. Era un poeta especialmente querido para min porque a súa poesía ía moi empantada coa miña, na liña do que eu desexaba escribir; xa en España, coñecínno persoalmente e hospedeime por veces na súa casa. Era unha grande amizade e doume moitísimo a súa morte. Sempre sigo a lelo e trato de difundir a súa obra en Nicaragua. Sempre o recordo.


—Tense publicado algunha obra de Celso Emilio en Nicaragua?

—Non como edición completa, pero si se ten publicado bastante na revista "Poesía Libre" do Ministerio de Cultura, nalguns números fixemos unha ampla selección.

Desde o Mirador de San Carlos distínguense ao lonxe a silueta das illas de Solentiname, onde por un tempo traballou e viven Ernesto Cardenal e de onde saíra o grupo que xefeado por Alejandro Guevara tomaría o 13 de Outubro o cuartel da Garda Nacional de San Carlos, festa grande para Río San Juan e para toda Nicaragua. O Ministro de Cultura dirixe a cada momento a súa ollada cara aló.

BEGOÑA MOA

servicio exterior



As negociacións de Xenevra

A meados do próximo mes de Novembro, vanse reunir na cidade do lago Léman, por primeira vez desde Viena 76, os máximos dirixentes da Unión Soviética e dos USA. Analizarase, despois dunha década, ao máis alto nivel, o primeiro problema que afecta á humanidade, a carreira de armamentos e a paz.

Non é nengunha novidade que as relacións políticas e sociais en todo o mundo, incluídas as internacionais, están rexidas polo resorte da violencia. A forza, como último recurso dos oprimidos —e calquer análise histórica e global probas que é efectivamente sempre o último— e primeiro pretexto para a represión institucionalizada, para o poder, é o corolario do sistema imposto a todo o mundo pola fase superior do capitalismo, o império do diñeiro e a mercancia.

O anti-desenrolo, o predominio da grande empresa transnacional, o mercado "libre", o librecambio, as polarizacións desiguais no económico e no social, a crecente marxinação de cada vez máis centos de millóns de persoas, enxendran militarización e violencia. Ofensiva e defensiva.

E é aquí onde hai que establecer as diferencias. En nada nos axudaría a entender o complexo (des)equilibrio mundial a redución de todos os conflitos a unha resultante xeométrica Leste contra Oeste.

Porque se todos os telefilmes, películas, libros e revistas que nos vemos obrigados a consumir en Occidente (e en Oriente, porque Turquía está varios milleiros de quilómetros máis perto do levante do que a RDA, por exemplo), toda esa prédica da violencia agresiva que xera unha cultura militarista, estimulada polos sistemas educativos e os media, están producidos en Hollywood (Amanecer vermello, Rambo, Equipo A, os mercenários contratados en revistas comerciais como *Fortune Soldiers*), na URSS a propaganda bélica está prohibida constitucionalmente. Só son feitos de armas que se podan glosar nas producións culturais soviéticas os vividos na II Guerra mundial (un imenso país arrasado, cerca de trinta millóns de mortos),

exclusivamente.

Nos Estados Unidos edítanse producións guerreiras sobre Corea, Vietnam e os centenaes de intervencións dos seus exércitos en todo o mundo (teñen 1.200 bases e instalacións militares no planeta) e como non chega, inventan conflitos extraterrestres (e en consonancia crian bases en órbita. Para algo a nova ameaza á paz se chama igual que a película de Spielberg).

Os Estados Unidos foron os únicos que utilizaron a arma nuclear, e non se negan a volvelo facer. A Unión Soviética insiste ano tras ano na firma dun compromiso de renuncia ao primeiro golpe atómico, proposta sistemáticamente rechazada por americanos e seus aliados da OTAN. O tratado de Varsóvia foi unha resposta á OTAN, cando a URSS non foi admitida na organización atlántica (1955 e 1949, respectivamente). Os dispositivos nucleares franceses e británicos apuntan á URSS e non a Nova Caledonia ou ás Malvinas, e diso hai máis de vinte anos, moito antes do despliegue dos proxectos soviéticos.

Xa foi obxecto de amplos informes, e non precisamente de comunistas, neste mesmo periódico durante o ano 1983, o devir histórico da carreira de armamentos durante os últimos cuarenta anos. Só que agora, as máis audaces propostas de redución de arsenais nucleares por parte do Goberno soviético topan cos máis elevados presupostos militares en EEUU desde o fin da grande guerra, e a Administración norteamericana máis colosalmente agresiva desde hai varios decenios en dólares inúteis a súa poderosísima industria. A partir desta semana, o banco central dos EEUU podería empezar a devolver cheques por falta de fondos.

Reagan vai ter moi difícil xustificar perante o mundo atomizado e chantaxeado, polos seus mortíferos misís, que destruíu a metade dos explosivos atómicos que hai no mundo, como lle vai propoer Gorbachov, non é unha boa cousa.

FERNANDO CARBALLA



Convención de Londres

A presión social será tida en conta para proibir os vertimentos

A Convención de Londres acordou unha moratoria indefinida para os vertidos radioactivos no mar, nunha reunión polémica non só pola decisión, senón tamén polas distintas posturas e papeis xogados polas delegacións enviadas á capital inglesa.

En Galiza había xa semanas que a protesta estaba na rua. Os berros de "prohibición vertidos radioactivos" escoitábanse cada vez con máis forza. Concentracións, cruceiros, homenaxes ao mar... comunicados e máis comunicados á opinión pública eran sinal inequívoco da preocupación dunha gran parte do pobo. Para o 25 de Setembro estaba previsto un apagón xeral e tamén, nalgunhas vilas, a bota de foguetes.

"E se autorizan os vertimentos? Nese caso, os foguetes non estarán de máis?", foi a pregunta que lle plantexei a un dos membros organizadores, representante de Adegas. "Non te preocupes; non se atreven", foi a súa resposta.

Estaban moi seguros de que, abertamente, os vertimentos será difícil que volten ao mar. Recibían noticias de Londres e sabían caís eran as distintas posicións. Non había dúbida de que os países contrarios aos vertimentos eran maioritarios pesie ás presións dos EE.UU. Ali estaban nunha liña "intransigente" cos vertidos aqueles países afectados, os do Pacífico e Caribe.

A posición da representación española

Os españois nun primeiro momento apoiaban a tese, polo menos cara o público, de prohibición total dos vertimentos, para ir evolucionando pouco a pouco na súa postura e logo apoiar a moratoria.

Segundo Bautista Alvarez, o único galego presente nos debates, os españois explicaban a súa postura afirmando que non existían os dous tércios requeridos para que a prohibición total fose vinculante. Aínda que, como explica o deputado do BNG, "estaba tamén visto que a posición da moratoria non ía tampouco acadar os dous tércios, co que tampouco ía ser vinculante, polo que, de non acadar nengunha das dúas os dous tércios, sempre era mellor que se aprobase a postura

da prohibición total".

A polémica dos representantes galegos

Falábase antes de que Bautista Alvarez fora o único representante galego na Convención. Isto trouxo unha polémica á opinión pública, xa que polos medios de comunicación díxase que eran varias delegacións galegas as presentes.

O feito é que, afinal, só o deputado do BNG conseguiu unha credencial para entrar na convención, en representación tamén de ADEGA e a INTG, que tiveron que quedarse na sede da convención pero sen poder asistir ás sesións. Isto foi o que lles ocorreu aos delegados da Xunta, a Cláudio López Garrido do PSG-EG e a un representante da Federación Progresista. A Bautista Alvarez proporcionáronlle a credencial os membros da Friends of the Earth International.

Segundo manifestou o delegado galego, tanto Greenpeace como o Goberno español negábanse a que estivese presente nengunha delegación galega co argumento de que Galiza estaba suficientemente representada através do equipo nomeado polo Ministerio de Asuntos Exteriores, que, segundo afirma Bautista Alvarez, viuse logo que non era así, posto que "a delegación española foi a única dos países afectados que non votou en contra dos vertimentos (claro que a afectada só é Galiza), adoptando ademais nos debates unha posición conciliadora, actuando de ralentizador das propostas defendidas polos países afectados polos vertimentos directamente".

Críticas á delegación galega

As críticas tamén foron moitas para o Goberno autónomo. Achácanlle primeiramente que non se preocupase de presionar debidamente para estar presente e para que a postura da delegación española fose contraria aos vertimentos.

Como proba do desinterés cítese que chegaron un día despois da abertura e o non poder estar presentes nos debates, aínda que o intentasen por medio de Greenpeace e de Amigos da Terra, que se negaron a incluílos, aínda que de aceptar sería imposible a súa asistencia xa que cando chegaron os dous enviados da comunidade autónoma o prazo de inscrición xa estaba pechado.

Críticáselle logo, principalmente polo BNG, que ao non poder estar presentes permaneceu

oito días en Londres gastando máis de cincocentas mil pesetas de todos os galegos, para non facer nada, chegar ás once, escoitar o que lle contábase e logo facer declaracións eleitorais e terxiversadoras a unha xornalista dos medios autonómicos que levaban consigo".

Críticas ao acordo

En canto ao acordo en si tamén é criticado por nacionalistas e ecoloxistas, afirmando que "aínda que a resolución aprobada teña algo de positivo, a suspensión temporal dos vertimentos resulta ineficaz por non vincular xuridicamente a ninguén, senón que é só un vínculo moral e político aos países que votaron a prol da moratoria; só a estes".

A resistencia popular aos vertidos, que xogou un papel preponderante para que estes últimos anos non houbera vertimentos na fosa atlántica, vai ser, aínda se cabe, máis importante nos anos vindeiros xa que o Anexo II da Convención suxire a revisión do mesmo por causas de índole política e social e non só por análises científicas.

Entrevista dos secretarios da INTG e Union de Mariñeiros Ingleses

O secretario xeral da INTG, Xan Carballo, ademais de estar presente na Convención de Londres mantivo unha entrevista con Jim Slater, secretario xeral da Unión de Mariñeiros Ingleses, entregándolle ademais un comunicado en nome do pobo galego.

Despois da entrevista os dous líderes sindicais manifestaron a plena coincidencia dos planteamentos dos dous sindicatos no tema dos vertimentos —prohibición total—.

Jim Slater tamén lle manifestou a Xan Carballo que a posición do seu sindicato e do Congreso das Trade Unions era de continuar as accións de boicot ao traslado de residuos radioactivos, así como a denuncia da escalada nuclear e os inxentes beneficios das multinacionais da enerxía atómica e dos países imperialistas así como a necesidade de afondar lazos na loita internacionalista.

Recordamos aquí o importante papel que tiveron as Trade Unions no intento dos ingleses de seguir cos vertimentos, oponéndose a cargar e transportar os vertimentos.

A. EYRE

Un grave problema social

A enfermidade alcoólica

Está admitido en todo o mundo que o alcoholismo é unha enfermidade e non simplemente un vicio. O tan debatido dilema de se o alcohol é bon ou é malo quedou completamente aclarado: ingerido con moderación non ocasiona problemas, pero o seu hábito esaxerado pode converter a unha persoa nun auténtico bati-gallo humano.

Unha definición sobre o alcohol, ditada polo máximo organismo sanitario mundial —a Organización Mundial da Saude—, di: "O alcohol é unha droga de acción farmacolóxica intermedia, por natureza e intensidade, entre as drogas que producen toxicomanía e crian hábito".

Non se ten demostrado que a enfermidade alcoólica se transmita xeneticamente, pero nunha casa onde un dos cónxuxes sexa alcoólico existe unha elevada porcentaxe de contaxio entre pais e fillos, pois está demostrado que a figura do pai —no bon e no malo—, normalmente, arremédana os fillos. Non semente o hábito é o que desencadea a enfermidade alcoólica, dado que este, xeralmente, de non se ver condicionado por unha alteración emocional, conduce a problemas físicos, non por iso desbotábeis, pero si menos destrutivos que os psíquicos.

É importante saber que o alcohol non nasce sendo, senón que son unha serie de factores emocionais os que o converten en tal. Non se pode determinar a que idade surxe o problema con todas as súas secuelas —aínda que o índice máis elevado de en-



fermos alcoólicos na súa fase crónica dáse entre os trinta e os cuarenta anos, despois de ter percorrido un proceso destrutivo moi doloroso. Apesar diso, cada día son máis os mozos que chegan ao mesmo. Son palabras dun alcoólico: "Sófrase moitísimo antes de coñecer a nosa verdade: que somos enfermos alcoólicos".

Dun tempo a esta parte medrou a conciencia social cara este problema —sen dúbida o máis grave problema social do noso tempo, pois non só afecta ao enfermo como individuo, senón que tamén o fai fundamente nos que o rodean. As estadísticas oficiais determinan que se aproximan aos 4 millóns os números de enfermos alcoólicos no Estado español (medio millón son mulleres), se non se ten superado. O que equivale a dicir que máis de dez millóns de cidadáns, ben directa (enfermos) ou indirectamente (familiares), viven o problema do alcoholismo.

RAMON DRAPER MILLARES

Test (cobrir só os interesados)

A asociación mundial Alcoólicos Anónimos, dispón dun interesante test para determinar a presenza da enfermidade, que só pode ser contestado polos propios interesados:

1.—Tratou algunha vez de deixar de beber por unha semana ou máis tempo, sen que pudeses cumprir o prazo?

2.—Moléstalle os consellos doutras persoas que trataron de convencerlo de que deixase de beber?

3.—Tratou algunha vez de controlarse cambiando dunha bebida a outra?

4.—Bebeu algunha vez a primeiras horas da mañá, durante o último ano?

5.—Envexa vostede ás persoas que poden beber sen que isto lles ocasione dificultades?

6.—Empiorou progresivamente o seu problema coa bebida durante o último ano?

7.—A súa forma de beber tenlle ocasionado problemas en casa?

8.—En festas familiares e sociais, onde a bebida é limitada, trata vostede de conseguir tragos extras?

9.—Apesar de resultarlle evidente que non pode controlarse, continuo vostede afirmando que pode deixar de beber "por si só" cando queira facelo?

10.—Faltou ao traballo durante o último ano a causa da bebida?

11.—Tivo algunha vez "lagoas mentais" (esquecemento de actos realizados) a causa da bebida?



12.—Pensou algunha vez que podería ter máis éxito na vida se non bebese?

Contestou "si" a catro ou máis preguntas? Se é así, as probabilidades son de que xa ten un serio problema alcoólico, ou que o vai ter nun futuro moi próximo. Por qué aseguran isto os alcoólicos anónimos? Sinxelamente, porque a experiencia persoal de centos de milleiros de alcoólicos que se recuperaron nos seus grupos, ensinoulles algunhas verdades básicas acerca dos síntomas na forma de beber que acaban por arrastar cara a enfermidade.

Para información sobre Alcoólicos Anónimos ou sobre o tema do alcoholismo, telefonar ao (986) 47 36 39.

Despois de que Albor se comprometiese a xestionar a súa readmisión

O traballador de Vilaxoan deixou a súa folga de fame

Antón García Fernández, Traballador do Centro de Experimentación de Vilaxoán abandonou a súa folga de fame o martes día 1 de Outubro, despois de que o Presidente da Xunta lle prometiese que sería readmitido no seu traballo.

O biólogo, que levaba oito días en folga de fame, foi trasladado a Compostela en ambulancia para entrevistarse con Fernández Albor, quen afirmou que era "cuestión de xusticia a súa admisión".

Antón García e once compañeiros máis foron despedidos pola Xunta por levar a cabo unha folga. Despois de que a maxistratura declarase improcedente o despido e obrigase ao goberno autónomo á súa readmisión, tiveron que darse varias presión para que fosen reingresados.

Os outros once compañeiros recibiron a notificación de reintegrarse ao traballo pero non foi este o caso de García.

Empezaron así as folgas, as

demandas e as presións por esta discriminación, ao tempo que se facían negociacións a título persoal por parte de familiares e amigos de Antón García, residentes en Villalba. Estes puderon saber polas contestacións o que xa frotaba no ambiente e era denunciado pola INTG: "Antón non era admitido por pertencer ao BNG".

O propio Albor recoñecía nesta entrevista mantida o día 1 de Outubro que "o seu caso era o mesmo que o dos demais compañeiros. Polo tanto é de xusticia darlle o mesmo trato".

Un trato de xusticia que tivo que esperar dous anos e que tivo que levar ao traballador, entre outras presións, a unha folga de fame.

Isto levou a que a INTG, central á que pertence o biólogo criticase o feito e afirmase que "é sangrante que fangan chegar a un traballador até este extremo e que Albor trate de pór remedio só cando chegan as eleccións".

Perigo na autopista

Un automóvil, Ford Fiesta matrícula C-6149-AB resultou coa luna dianteira rota polo impacto dunha pedra cando circulaba pola autoestrada en Vigo.

A pedra, de considerábeis proporcións parece que foi lanzada desde a beira da autoestrada, aínda que fóra dos velos.

O accidente pudo ter un desenlace trágico ao circular o automóvil a máis de 100 quilómetros por hora e quedar o condutor sen visibilidade nengunha. Pero este non é o único perigo, senón a reacción imprevista que este realice ao recibir o proxectil e saltar os cristais á cara, sendo o máis lóxico que deixe o volante e se leve as mans instintivamente a protexerse.

O condutor tivo que saír logo polo aceso de Redondela, véndose na obriga de pagar o importe, dicíndolle o empregado que poder podía reclamar, pero que non lle ía servir de moito xa que tería que ir a xulgamento.

Segundo tamén manifestaron empregados da autoestrada teñen sucedido máis casos parecidos, afirmando que as pedras proveñen unhas veces das pontes onde se colocan os lanzadores, e outras das beiras de fóra dos carris. Aínda que se afirma que os causantes poden ser rapaces non se sabe a ciencia certa quen son os responsábeis. O que si urxe é unha investigación urxente antes de que haxa que lamentar algunha desgracia irreparable.

Encontro de cadros sindicais

A INTG acorda "potenciar os cadros para lograr unha central de masas"

A popularización como alternativa do Plan Galego do Emprego, a non participación co sindicalismo español en datas significativas como o 10 de Marzo e o 1º de Maio, aínda que a unidade pode darse naquelas mobilizacións nas que haxa coincidencia nas reivindicacións, a creación dunha organización de traballadores en paro dentro da propia central e a potenciación dos cadros introducidos nas empresas tanto a nivel da dirección de zona como nacional e da central de masas foron algunhas das resolucións máis importantes ás que se chegou no primeiro encontro de cadros da INTG.

A INTG realizou o primeiro encontro nacional de cadros debatendo o programa de actuación para os próximos 15 meses e reflexionando sobre o tipo de sindicalismo a facer "despois de que nos desprendésemos da rémora burocrática e economicista da CXTG que nos impedía avanzar".

Os douscentos activistas que asistiron a estes encontros pronunciáronse por un sindicalismo "moi clarificador e contundente", acordando dotarse urxentemente dunha meirande estrutura de cadros e "darlle responsabilidades na dirección e na actuación" como método para impulsar unha "central sindical de masas".

Acordaron tamén impulsar as asembleas "unitarias e abertas; así como a formación dunha organización de traballadores en paro, maior coordinación entre os sindicatos UTEG, UTSG e SGTAP, con afiliación maioritaria de empregados do Estado e

potenciar os cadros incluídos nas empresas a niveis de dirección tanto zonal como nacional. Nestes aspectos organizativos decidiron tamén potenciar as direccións de zona, establecer unha coordinadora a nivel provincial para a coordinación eficaz; así como potenciar a secretaria da muller e da mocidade e a recuperación das mobilizacións nas negociacións colectivas.

En canto aos liberados da central pronunciáronse porque estes cumpran cada vez máis un papel de axitadores, organizadores das loitas e xeradores de cadros e estrutura sindical "quedando como secundario ou complementario disto o papel de asesores ou controladores e detentadores dun forte poder ante a afiliación, co erro de suplantar moitas veces aos propios traballadores ou aos organismos na toma de decisións".

En canto ás decisións políticas pronunciáronse por apoiar ao BNG nas próximas eleccións.

ANT

Subscríbese

BOLETIN DE SUBSCRICION A A NOSA TERRA

(Para remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en MAIUSCULAS)

Nome.....
Apelidos.....
Domicilio.....
Povoación..... D. postal.....
Provincia..... Teléfono.....

Subscríbese ao periódico A NOSA TERRA por un ano ao preçio de 2.500 pta. (Estado español), 3.500 pta (Europa), 4.500 pta. (resto do mundo).

FORMA DE PAGO

a) Subscripcións para o Estado español: b) Para o resto do mundo:
 Talón bancario adxunto Cheque bancario adxunto
 Reembolso (máis 80 pta.) Xiro internacional a nome de A NOSA TERRA, apdo 1371-Vigo.

Pago domiciliado. Neste caso cubrir os datos do boletín adxunto.

Banco/Caixa de Aforros..... Conta/Libreta.....
Titular conta ou libreta.....
Domicilio da sucursal.....
Povoación..... Provincia.....

BOLETIN DE DOMICILIACION

Banco/Caixa de Aforros.....
Domicilio da sucursal.....
Número de conta ou libreta.....
Povoación..... Provincia.....
Titular conta ou libreta.....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A NOSA TERRA)

Atentamente (firma)

Data.....

Absolto catro sindicalistas

Os tres sindicalistas da INTG e un de CC.OO. xulgados pola súa participación na folga xeral do 12 do Xullo de 1984 foron absolutos dos cargos imputados, se ben non foron estes os últimos xulgamentos pola participación en dita folga, dado que hai máis traballadores que están á espera da vista dos seus casos.

Tamén están á espera do xulgamento unha dúzia de traballadores en relación coa súa participación na folga xeral do 29 de Novembro do ano pasado.

Condenados a 100 e 50 mil pesetas de multa

O alcalde de Fene e un concellal

Cen e 50 mil pesetas foi a pena a que foron condenados o Alcalde de Fene Rivera Arno e o concellal do mesmo municipio Galdo Fonte, no xulgamento celebrado contra eles por non teren solicitado autorización para celebrar unha manifestación con motivo dunha folga xeral o pasado ano.

Ao xulgamento, considerado como político ("a xusticia está mediatizada polo poder político", manifestou o Alcalde Rivera na vista oral) asistiron numerosos traballadores de Astano.

Os encausados manifestaron logo de cofecer a sentenza, que recorrerían contra ela, afirmando que non teñen intención de pagar dita multa.

Con este motivo e no número seguinte, ofrecemos unha entrevista con X. Mª Rivera Arno.



Xulgados labregos de As Enchousas

O día tres de Outubro celebrouse un xulgamento contra dez veciños de As Enchousas por oporse ao derribo de casas que pretendían as paleadoras de Armando Romero.

O fiscal pediu unha pena de 30 mil pesetas ou dos meses de arresto substitutório para cada inculpado, mentres que a acusación particular de Armando Romero pediu 700.000 mil pesetas de indenización. Pola

sua banda o abogado defensor solicitou a libre ausolución.

Aínda que só foron 10 as persoas xulgadas, máis de duacentas tíñanse personado no xulgado pedindo que tamen eles debían de ser xulgados xa que estaban de acordo coas accións levadas a cabo para impedir os derribos das casas, ou participaran nestas mobilizacións.

Entre estas persoas encontrábanse dirixentes das CC.LL. e algúns representantes do BNG.



Segundo se puxo de manifesto no seu II Congreso

Os xornalistas cada vez máis profesionais e con menos garantías laborais

O III Congreso de Xornalistas supuxo un certo cambio con relación aos anteriores. Abandonouse a discusión sobre o acceso á profesión e centrouse máis nos problemas concretos. Os xornalistas deixaron de mirarse tanto ao embigo e puxeron os pés na terra, acordando que hai que darlle resolución aos problemas e que as conclusións non queden, como en anos anteriores, só no papel.

Os xornalistas de Galiza celebraron o seu terceiro congreso os días 28 e 29 de Setembro en Compostela. O seu desenrolo foi bastante distinto ao dos dous anteriores, onde se sucederan as discusións acaloradas centradas no tema de acceso á profesión. Neste III Congreso quedou apartada este debate, por estar clara a posición, centrándose máis as polémicas na liberdade dos xornalistas e a súa situación profesional.

Senlleiros conferenciantes espuxeron as súas opinións sobre o marco xurídico dos xornalistas, o estado das liberdades, TV pública ou privada, análise da situación laboral, o periodismo no novo marco administrativo autonómico ou a comunicación hoxe. Ao remate aprobaronse 17 conclusións así como o apoio ao director de A NOSA TERRA perante a querrela interposta polo Alcalde de A Coruña.

Se cadra o aspecto máis importante deste congreso non foron as conclusións en si a que chegaron os xornalistas despois de dous días de traballo (e menos desmadre que nas dúas edicións anteriores), senón precisamente a férrea vontade de que estas conclusións aprobadas sirvan para algo. Para conseguir isto facultouse á Asociación da Prensa de Santiago, entidade organizadora, para que, até o próximo congreso faga as xestións oportunas para que as conclusións non se queden só no papel. Os organizadores aceptaron este reto, ficando emprazados para o ano que ven no congreso a levar a cabo en Ourense, onde darán conta da súa xestión.

Importantes conclusións

Se temos en conta as conclusións aprobadas, así como os debates dos máis de cen xornalistas asistentes, e logo vemos os produtos

periodísticos que se publican na nosa nación, calquera pode afirmar sen que lle quede nengunha dúbida que o da "liberdade de información" en Galiza é unha auténtica falacia, que quen mandan son as empresas públicas e as privadas (sobretudo estas, ás que case a maioría da xente parece xa recoñecerles o dereito a facer o que queren, cando non é así, segundo moi ben explicou o profesor Gómez-Reino), cumprindo os informadores un papel de transmisores sen forza para rebelarse, feito agravado pola inseguridade laboral e o intrusismo.

E por isto que, nas conclusións, fíxose gran fincapé na creación de consellos de redacción para todos os medios, así como que nos medios públicos os profesionais estexan integrados nos órganos de control e asesoramento, e que sexan consultados na elaboración das leis sobre a información.

Reclámase tamén nestas conclusións que se contemple, na regulación que se faga da profesión, o segredo profesional como dereito absoluto, pedindo que non se utilice a desculpa do terrorismo para limitar as liberdades, polo que se pediu tamén a derogación da lei de "Grupos Armados e Bandas Terroristas".

Pediuse ademais un coléxio profesional de xornalistas de Galiza, solicitándolle á FAPE (Federación de Asociacións da Prensa) que realice un informe o máis exhaustivo posíbel da situación laboral dos xornalistas en Galiza, ao tempo que se denuncia o subemprego, esixindo dos poderes públicos que lle retiren as subvencións a aquelas empresas que teñen traballadores en situación irregular.

Cando se conte co informe, o "Congreso de Xornalistas" com-

prométese á súa publicación e a entregarllo aos poderes públicos para que atendan a demanda anterior. Faise tamén un chamamento aos profesionais e asociacións a denunciar estas irregularidades, así como unha inspección de traballo nos centros.

Na situación do traballo recoñécese tamén que se está a incumplir a prohibición legal de que os xornalistas contraten, xestionen ou vendan espáncios publicitarios, esixindo que se cumpra a lexislación na materia. Tamén se denuncia que hai profesionais que incorren na incompatibilidade, que están traballando en gabinetes de prensa e realizan información.

Pédesse tamén que non se lle faga utilizar o español aos xornalistas, facendo ao mesmo tempo unha condena pública daqueles medios que até traducen os comunicados de prensa.

Pode que estas conclusións lles parezan moi "fascistas" á UGT, xa que esta organización foi a que tivo a culpa de que non estivese presente un membro do sindicato de xornalistas británicos, alegando que este era un congreso de "fachas", segundo unha persoa próxima á central socialista. Os organizadores afirmaron que o que quería UGT era estar presente no congreso.

Algo parecido ou moito peor, deberon de pensar dos xornalistas galegos Luis Angel de la Viuda de Antena 3 e Joaquín Peláez da SER. Ambos directivos víñeron falar da TV pública e privada e parecía que estaban falando a unha asociación de "amas de casa". Cando se empezou a contestar ás súas posicións mostráronse moi sorprendidos, non lles caídraba.

Neste Congreso, a diferéncia dos outros, por máis que pecase de moito academicismo, os xornalistas baixaron máis á terra, deixáronse de mirar tanto ao embigo e logo déronse conta de que o seu papel disminuira desde a transición, de que as condicións de traballo cada día eran menores, de que os propietarios os controlaban máis de que... asociaciónismo para facerlle frente.

A. EYRE

afectuosamente

A carícia telefónica

—Viches como pasou o tempo? Xa levamos 15 minutos falando.

—Quereme un pouquiño?
—Un pouquiño, dis? Quérote a hóstia, un montón ben grande, máis...

—Churriña, estás moi calada, anda... dime algo.

—Queres que che diga algo?

—Si, algo bonito.

—Uhm..., albo ben bonito?

—Si, moi, moi, bonito.

—Pois, dígoche que..., que te quero moito!

—De verdade? Bah, seguro que me mintes, non che creo nada.

—De verdade que si, parvífico.

—Boeno, creereino logo.

—Teremos que colgar, non? E que senón vains arruinar a telefónica.

—Boeno, anda, colga ti.

—Eu?, eu xa colguei a última vez, agora tócache a ti.

—Anda colga, non sexas así.

—Colgaches?

—Ainda estás aí?

—Anda..., non mo poñas aínda máis difícil.

—Boeno, colgo, pero lémbrete que colguei eu para a próxima vez.

—Miles e miles de bicos, amorciño!

—Millóns, preciosa!

Neste ou en multitude de diálogos semellantes, entre dúas persoas namoradas, prodúcese unha ampla, e ás veces intranscribíbel, gama de prosmeiradas que van desde os apelativos cariñosos, até as pausas susurrantes, as indeterminacións, as frases inacabadas, as repeticións de preguntas buscando, se acaso, o matiz imprevisito ou a certeza imposíbel, as reiteradas afirmacións de amor e, en fin, unha extensa variedade de "cursilarias" das que poucas persoas se poden considerar alleas.

O que máis temen os protagonistas dunha conversa destas características é o silencio. O silencio no teléfono

significa separación, dado que, aquí, a presenza só é posíbel através da palabra ou dalgun dos seus sucedáneos (xemidos, choros, suspiros, etc).

Hai que ver o deliciosamente que parecemos falando por teléfono coa persoa amada. En realidade non hai "ridiculez" algunha. Si é certo que nestes casos a maioría das palabras non parecen dicer nada e que acostumamos a repetir as mesmas preguntas e as mesmas afirmacións, isto é, quizá, porque o que menos nos importa nestes casos é a información, o que interesa é o contacto, a proximidade, a relación. Todo isto só ten valor, claro, para os propios protagonistas e non para os posíbeis ouvintes, segundo os cais a maior parte da conversa carece de sentido e resulta parva e cursi.

Este tipo de atitudes ultrasensíveis son máis frecuentes á hora de falar a distancia. Na ausencia, a idealización é máis fácil e menos comprometida: non nos obriga "a actuar en consecuencia". Sérvenos, esta ensoñación, como anticipación dun amor que "nunca é así".

No teléfono a función fática ou de contacto alcanzou a súa máxima expresión: resulta fundamental saber que a outra persoa está aí.

O teléfono, para os namorados das sociedades modernas, permitiu o desenvolvemento de auténticos sucedáneos sonoros da carícia. A habilidade e o aperfeizoamento dalgun amantes chega a tal punto que lles permite estar por longuísimos espáncios de tempo ao "aparato", sen apenas "dicerse nada". Alguns incluso chegan a disfrutar plenamente dese amor por fío, con tal entrega e riqueza de matices que non fai envexar, en nada, aos tradicionais bancos das zonas menos iluminadas do xardín.

M. FERNANDEZ/M.V.

GOBIERNO CIVIL DE LA CORUÑA
Fecha: 16-septiembre-1.985
Negociado: Infracciones Admivas.
Num.: 836/85
NIRE:
SIRE:
Sección de: Derechos Ciudadanos
Asunto: Solicitando copia de recurso en Castellano

En relación con el recurso de Alzada interpuesto por Vd. contra la sanción de 2.000 ptas. impuesta por este Centro por el incidente ocurrido en un cine de Santiago como motivo de la proyección de la película "Amanecer Rojo", se servirá remitir a este Gobierno Civil-Negociado - Infracciones Administrativas copia literal del citado recurso en Castellano, apercibiéndole que de no hacerlo así, se archivará sin más trámite dicho escrito.


EL JEFE DE SECCION
P.O.
OSR

Sr. D. _____ c/ _____
LA CORUÑA

Esta é unha fotocopia do escrito que remitiu o Goberno Civil de A Coruña á xente detida cando os incidentes pola proxección da película "Amanecer Rojo" nun cinema de Santiago. Xa saben: "Fálalle galego".

tribuna

O goberno de Madrid bate no lombo do gatiño



O xesto adoptado hai uns días polo Goberno español pondo fóra do territorio do Estado a delegación do Frente Polisario polos ametrallamentos do pesqueiro "Junquito" e da patrulleira "Togomago" lembra un conto de profusa difusión popular. Trátase dun home en quen a miúdo batía a súa muller, moi severa ela e algo despótica nas relacións matrimoniais. O esposo, impotente para defender a dignidade ultraxada, reaxía zoscándolle ao gato. "Non permito que me poña as mans nengunha muller!", bradaba furioso mentres mallaba no lombo do compunxido felino.

Os galegos viñemos reclamando a cotío medidas de rigor por parte da Administración do Estado para garantir a seguridade dos nosos mariñeiros, apresados, perseguidos, tiroteados e rapiñados por fainaren en zonas que os servizos exteriores españois non souberon —ou non quixeron— defender para o país. Desde Irlanda a Canadá, desde Marrocos a Inglaterra, os barcos que saen ao mar desde as costas de Galiza teñen que sufrir a odisea de contínuas e violentas persecucións. Antes, había mulleres de loito polos maridos devorados nas tormentas. Agora, nos fogares mariñeiros xorran as bágoas que chaman polo pai e polo home cautivo.

A decisión que o Ministro de Asuntos Exteriores tomou co Frente Polisario para vingar o ataque aos pescadores canários, agardábase cando un buque pesqueiro sufriu as represalias de Irlanda, após de colaborar no auxilio dun avión sinistrado nas augas deste país. Esíxea tamén o pobo cando a armada francesa ca-

ñonea embarcacións que se escoran ao norte no golfo de Vizcaya. Ao máis que chegaron as autoridades españolas, nestas ocasións, foi a benévola queixas, que nen sequer se reflexaron na repulsa cursada por vía diplomática. E mentres o Reino Unido e outros Estados europeos emporcullan de basura radiactiva a franxa mariña que lambe as costas do Fisterre, a delegación española carece de valor para ofrecer na Conferencia de Londres outra alternativa que non sexa a moratória no

Non existe rearme da dignidade da Administración na defensa da nosa pesca. O servilismo fíxose patente nas negociacións coa Comunidade Económica Europea. O señor Fernández Ordóñez —tránsfuga de Ministerios e partidos— non deixa de ser un extravagante fanfarrón a bater no lombo do miquiño. Pero un fanfarrón, ademais, que ousa punir o Frente Polisario cando exerce o lexítimo dereito de repeler polas armas unha embarcación que penetra no seu territorio arborando a bandeira do país co que mantén belixerancia. Qué outra cousa faría a armada española cun navio arxelino que se acercase ao porto de València exhibido no mastro o guiñón tricolor dos franceses, nunha hipotética guerra cos galos?...

A petulancia de Madrid co pobo saharauí e cos seus representantes estaría mellor empregada na intransixencia diplomática fronte a Estados que fustigan a barcos condenados a arriscarse na aventura de caladeiros que a política claudicante do Goberno non tivo a valentía de defender para os nosos mariñeiros.

BAUTISTA ALVAREZ

Nascidos en Vigo e fusilados hai 10 anos Baena e Sánchez Bravo

En Galiza moita xente lembra a Baena, compañeiros de estudos, de simpatías políticas, algunhas menos a Sánchez Bravo, aínda que os dous nasceron en Vigo. No momento da súa morte eran militantes do Frente Revolucionario Antifascista y Patriótico (FRAP) e do PCE(m-l). Dez anos despois, outro 27 de Setembro un continuo fuxir de visitantes deixaría flores ao pé da tumba de Baena, no cemitério de Pereiró, en Vigo.

Ademais destes xestos, dos amigos, do acto que o propio partido organizou ás seis da tarde dese mesmo día, das simpatías de todos os militantes progresistas, pouco eco encontrou o recordatorio destes loitadores, mesmo entre os seus propios viciños e familiares. A nai de Baena (seu pai morreu hai uns anos) nunca se recuperou plenamente da morte do fillo, debido en parte á tensión a que foi sometida, ela e tantas outras persoas en situación semellante, polas faladurias, de moitos coñecidos, os improprios e incluso as falsedades dos medios de comunicación.

Percorrer o rastro destes galegos, chegados a Madrid nos anos 70, para loitar contra o franquismo, faise infinitamente distinto que lembrar a morte de Txiki e Otaegi, os dous bascos fusilados o mesmo Setembro.


Dez anos despois, a nai de Txiki, por exemplo, expresábase con todo a integridade que dá a convicción ideolóxica e a seguridade de non estar só. As súas palabras recollímolos do diario Egin, do pasado 22 de Setembro: "A miña casa estivo chea moitos días de xente que viña. Xente que te consolaba, que che daba esa confianza e ese cariño. (...) Tumba máis visitada non a haberá en todo o mundo... que case todos os días veñen velo, duns sitios, doutros, preguntando: Onde está Txiki? A ver se a eles, os gardas civís os visitan! Co cariño que visitan ao meu fillo, ninguén. Para min foi un consolo moi grande. Nunca crin que o meu fillo valesse tanto!"

XOSE HUMBERTO BAENA ALONSO

Baena, nasceu en 1950 en Vigo. Desde a súa adolescencia participou activamente na loita antifranquista. Tras o primeiro Consello de Guerra, celebrado o 11 e 12 de Setembro de 1975, no acuartelamento de El Goloso e xa condenado a morte e en celas de illamento, Baena foi entrevistado polo seu propio abogado, Xavier Baselga, que conseguiu introducir na cadea un magnetófono.

"Chamome Xosé Humberto Baena Alonso —comeza a grabación— e teño 24 anos, son peón de fundición e fago estas declaracións desde a prisión de Carabanchel, en Setembro de 1975..."

Baena foi detido por primeira vez aos 19 anos, en 1970, durante a súa breve estancia na



Franco sauda aos simpatizantes na súa derradeira aparición pública inmediatamente despois dos fusilamentos do 27 de Setembro. Era a resposta a unha Europa e a unha esquerda que clamaba contra o xeneral.

Universidade.

"Fixen estudos de bacharel superior e empecei Filosofía, co diñeiro que me mandaban uns parentes cercanos, pois os meus pais, simples traballadores, non podían pagarme iso. Marchei a Santiago e durante o primeiro curso fun detido, expedientado e máis tarde xulgado polo "Tribunal de Orde Público" a consecuencia da miña participación nunhas manifestacións estudiantís.

Estivo un mes na cadea de Santiago e na provincial da Coruña. O xulgamento tivo lugar en 1972 e foi absolto.

"Debido a todo isto tiven que deixar os estudos e traballar no que sabía" —conta na súa entrevista— "Por esta época fun concienciándome cada vez máis..."

No 1972 tomou parte activa nas mobilizacións e folgas que tiveron lugar en Ferrol, Vigo e outras cidades galegas.

"Ali aprendín, ante a brutal represión que se desatou, (en Marzo a policía matou a dous obreiros en Ferrol) que hai que adoptar unha postura activa e non pasiva contra a violencia fascista".

Durante este tempo marcha á mili en Colmenar Viejo, onde á constantemente vixilado polo SIM. Pero apesar diso é ali onde toma contacto co PCE(m-l).

Unha vez de volta en Vigo, encontrou traballo na empresa Simuelza, como peón de fundición. Gañaba 9 mil pesetas ao mes.

A primeira acción na que participou Baena foi a queima dun banco no barrio do Berbés como protesta polo agarrotamento vil de Puig Antich.

Baena tivo que abandonar a súa familia e a súa terra tras a manifestación do 1º de Maio do 75 en Vigo, xunto aos blocos de edificios de Fenosa, na que un garda civil matou a tiros a un traballador da citada empresa.

Na cidade desatouse unha feroz represión e a policía política foi buscalo á súa casa. Non o encontraron pero tivo que se refuxiar na casa dun compañeiro e, semanas despois, tivo que fuxir para Madrid, onde, xunto coa súa compañeira, reanudara a súa actividade política nas filas do FRAP e do PCE(m-l).

Pouco despois participou no asalto ao banderín de enganche da Lexión, que daquela masacraba en África aos loitadores do F. Polisario. Na acción foi detida a súa compañeira Maruxa. Foi un golpe para el, que xa tivera que abandonar a súa terra e a súa familia.

Posteriormente, o 22 de Xullo foi detido pola Brigada Central de Información, ao mando, daquela, do siniestro Roberto Conesa. Na DGS foi torturado durante varios días e sometido, xunto a outros camaradas, a proceso militar. Foi acusado, sen unha só proba, de participar nun atentado no que resultou morto un membro da Policía Armada.

"Eu creo —dixo Baena na entrevista— que o ocorrido no noso xulgamento é normal nun Estado fascista, que asasinou a tantas persoas... O noso xulgamento foi unha farsa total, e por suposto, xa estabamos condenados de antemán".

XOSE LUIS SANCHEZ BRAVO

Nasceu en Vigo en 1954. Soxé Luis Sanchez Bravo con 21 anos foi o máis novo dos cinco fusilados. Era o terceiro de cinco irmáns. Estudaba o bacharelato nocturno no Instituto Santa Irene, porque traballaba durante o día vendendo libros. Ao morrer seu pai, foi quen se ocupou da familia a partir dos 14 ou 15 anos.

Sánchez Bravo participou na folga xeral do 72 estando no instituto Santa Irene que se mobilizou masivamente eses

Servir al Pueblo

dias debido á influencia dalguns profesores progresistas. O COU fíxoo no Instituto do Calvário, onde participou na creación de comités de estudantes e nas folgas de Decembro de 1972, a raíz do asasinato pola policía dun estudante en Compostela.

Nesa época un membro do PCE(m-l) enviado a Vigo, o camarada "Ponte", encontrou aloxamento precisamente na pensión que tiña a familia de Sánchez Bravo na rua Pizarro.

Sánchez Bravo organizouse na "Juventud Comunista de España (marxista-leninista)" no 1974, a raíz dunha acción do FRAP en Vigo contra o Banco de Bilbao, que foi incendiado con cócteles molotov.

Ese ano xa estaba matriculado en Biolóxicas.

Tras a folga do coléxio universitario de Vigo e unha asamblea, a policía, que seguramente estaba presente nesa asamblea, comenzo a seguiilos. Quince días despois, ao voltar dunha acción de propaganda nos estaleiros de Barreras, Sánchez Bravo (que tiña como nome de guerra o de Corujo, en referencia ao barrio vigués) e outro compañeiro chamado "Araújo", encontráronse con que a policía estaba esperándoos nas súas casas. Non obstante puideron fuxir e foi precisamente Humberto Baena, un dos responsábeis do partido en Vigo, quen os agachou esa noite e despois fíxolle sair de Vigo.

Tras pasar tres meses na clandestinidade en Galiza, saíron "Corujo" e "Araújo" cara a Madrid, onde quedaron desconnectados da organización ao ser



A derradeira noite de Baena

Entrevista co seu abogado Xavier Baselga



detido o compañeiro que tiña que asistir á primeira cita.

Durante case tres meses (entre Xullo e Outubro do 1974) estiveron desligados do partido, dormindo en pensións ou na casa dalguns amigos, mentres se puñan en contacto de novo coa organización do partido en Galiza e se agravaba a súa angustiosa situación económica. "Araújo" lembra que se lles acabaran os cartos "sempre recordarei que o derradeiro peso que nos quedaba botámolo a cara ou cruz, porque eu fumaba e Sánchez Bravo non. Se me tocaba a min eu prefería mercar un paquete de "Celtas" mentres que el prefería un bolo de pan. E tocoume a min a si que foi "Celtas".

Chegou por fin a axuda económica do partido desde Galiza, sendo através da Xunta do FRAP de Fuencarral que tomaron de novo contacto coa organización. Neses meses coñeceu a unha militante da FUDE con quen casaría.

Xosé Luís Sánchez Bravo resulta detido a finais de Agosto, sendo acusado de instigar o atentado contra un garda civil. Cando morreu fusilado tiña 21 anos.

(Gran parte dos datos aquí utilizados foron recollidos de "Vanguardia Obrera")

—Cómo foi a tua involucración co proceso?

—Eu estaba de vacacións en Galiza e á volta —formaba parte dun despacho laboralista de Vallecas— sóubose que había moitos detidos do FRAP con motivo da morte dun garda civil e un policía armado e en círculos da esquerda comezaron a procurar abogados defensores. Como resulta que os do PCE, receberam a orientación de non aceptar esas defensas para, digamos, desmarcarse da política dos PCE (ml), e outros despachos penalistas máis famosos tampouco quixeron facerse cargo, caíu sobre nós a tarefa. Ao tomar o asunto xa sabía que acusaban a Baena de ser autor material dunha morte, aínda non sabíamos a pena que se lle pedía pero sabía que se trataba dun caso bastante dramático.

—Cómo foi o proceso?

—O noso foi un proceso sumario que é o ordinario en Consello de guerra, non sumariísimo como foi o seguinte, moito máis abreviado e con menos posibilidades de defensa. O noso tivo máis apariencia de xulgamento normal, pero desde o primeiro momento fíxosenos ver claramente que había presa en rematalo e non se nos ían tolerar dilacións nen

probos. Nós adoptamos —despois de falar cos acusados— unha liña intermedia que non era a ruptura total. Tivemos interés en manter unhas certas formas para non ser expulsados do proceso e tampouco manter, unha colaboración cos militares, pois sabíamos que o xulgamento era unha farsa e as sentencias estaban ditadas de antemán, que non íamos poder facer xuridicamente nada, feito que se comprobou cando se nos rexeitaron cantas probas pedimos. Algunhas moi importantes e elementais: interrogar aos testigos que segundo a policía viran os feitos, comprobar balisticamente se as balas topadas nos cadáveres correspondían ás pistolas que se lles toparan a eles... Seguimos a liña de denunciar isto á opinión pública, facer escritos para amosar esa contradición ao tribunal e mobilizar á opinión pública, que era a única capaz de parar as posibles condenas.

—Nada foi adiante...

—O proceso noso chegou a durar até o fin un mes, non como o outro que foi rapidísimo (catro ou cinco días).

O único que conseguimos positivo xuridicamente foi retrasar. Ese retraso sobretudo penso que se debeu á maior experiencia de Miguel Castells que, dos que entrevistamos, era o que máis experiencia tiña en Consellos de Guerra, os demais apenas entrevistámonos en algo penal e do TOP (Tribunal de Orde Pública), pero non en procesos militares.

Penso que iso non é desprezable, pois vista a historia despois se conseguimos outros trinta días de retraso sálvase a vida destes tres rapaces.

—Cómo foi a reacción de Baena durante o proceso?

—A primeira vez que o vin foi en Carabanchel. Viña dunha incomunicación de moitos días, entre a DGS e os primeiros días na cadea tamén incomunicado, e topeino incluso con dificultades para falar. A primeira entrevista foi superficial, onde lle expliquei de que se trataba o consello e propúxenlle facerme cargo da defensa aínda que iso non supuxese que eu compartir a súa liña política, e el aceptouno moi ben. Nos días seguintes tivemos unha serie de reunións preparando o xulgamento e desde o principio vino moi sereno, convencido de que o ían matar, politicamente satisfeito da súa actuación e agardando que o que fixeron servir para algo. Ao longo deses días penso que chegamos a compenetrarnos bastante. El entendeu a miña postura, eu aprecieino, e se non se fixo máis foi polas circunstancias políticas.

—Segundo os testemuños que hai, a atitude dos militares cos procesados foi moi vexatória...

—Foi moi dura até o momento, sobretudo, en que comezamos a velos nós. Desde aí a cousa mudou. Refírome sempre aos do noso proceso pois do outro teño menos coñecemento e o que sei é que tiveron menos garantías e foron peor tratados. A respecto de Baena e os demais, mentres estiveron na DGS tratáronos moi mal: torturáronnos, impedíanlles dormir, as técnicas típicas... Na cadea os primeiros días fíñannos incomunicados.

—Canto tempo pasou desde que o condenaron até que o fusilaron?

—Transcurriron, entre a apelación ao Consello Supremo de Xusticia Militar e a espera dos "inteirados", uns vinte días.

—Como foi esa espera final?

—Eu viño eses días. Aínda que se vía vir o final, sempre fica unha lonxana esperanza, coa presión que houbo. Quen máis se mantivo na liña de que non había solución foi o propio Baena, non sei se era porque era de temperamento pesimista pero esperábao.

De todas maneiras cando me chamaron o 26 de Setembro a Carabanchel topeime con que estaban nunha sala especial de visita el, o coronel instrutor, o secretario deste —un policía armado—, e non sei se alguén da cadea, e nos leron o "inteirado" do consello de ministros. Foi un momento duro; unha cousa é sabelo e outra que che digan: "Mañá, esta noite...". El estivo moi seguro, penso que estaban máis nervosos quen nolo comunicaron que nós. A partir daí baixárono ás celas dos condenados, nun sótano completamente aparte da prisión e pasamos a noite xuntos.

—Díxose que a cela non tiña nen onde sentarse...

—Exactamente era unha cela totalmente valeira: tres paredes e unha verxa e nada; nen silla, nen mesa. Ao pouco díxenlle aos funcionarios que fixeran o favor de ter un pouco de sentimento comun e trouxeron unha silla onde pudo sentarse el.

—Só o viches ti esa noite?

—Aos pais avisáronos desde o despacho e díxéronlles que tiñan que vir esa noite. Puxéronse en marcha desde Vigo o pai, un irmán e non sei se unha irmá. Chegaron cara as seis da mañá. Só pudo estar o pai dez minutos con el, non o deixaron entrar na cela, tivo que abrazalo como pudo através das reixas e máis nada. Pola noite só estiven eu e dous funcionarios que se turnaron dentro da cela que estaban o máis apartados que podían e alleos.

—Vós non asistístedes á execución.

—A iso das seis da mañá díxéronme que tiña que marchar e a el metérono nun furgón da Garda Civil, díxéronme que non podía asistir.

Despois de fusilalo levárono ao cemiterio de Hoyo de Manzanares e alí esperaba o pai, un irmán e eu. Pedín identificalo e deixáronnos facelo aínda que o pai non quixo, pola pena.

Como dado máis trágico, se cabe na situación, comprobamos que lle dispararan, entre outros sitios, na cara e que estaba no cadaleito sen colocar, tirado como se fose un animal en lugar dunha persoa. Máis adiante trasladárono a Vigo.

—Como reacciona unha persoa que sabe que vai ser fusilada ás poucas horas?

—Baena reaccionou bastante ben. Impresionoume a súa serenidade. Só unha vez ao longo da noite díxome que lle resultaba moi duro morrer tan xoven, pero neste tono en que agora falamos nós. Non houbo nengunha crispación, nengun derrumbe moral. Cando me despedín del, e por dicirle algo, dixen: "Animo", díxome: "non te preocupes que eu vou chegar sereno até o final". Esa dimensión humana a min emocionoume.

Pouco máis podo dicir. Pasamos a noite eu intentando distraelo e el procurou falar de cousas que non tiñan a ver coa situación: da súa familia, de Galiza... de que lle gustaría que Galiza fose dunha maneira distinta a como estaba sob a ditadura.

Xavier Baselga, abogado, hoxe residente en Galiza, foi o defensor de Xosé Humberto Baena.

XAN CARBALLA

como quen di

De algo hai que vivir

MANUEL LUEIRO REY

Si xuntamos nunha morea os centos de millóns de pesetas que cobran (Ixa sei que teñen que cobrar, pois a política non é soio praos ricos!) os alcaldes, os concelleiros, os presidentes das Diputacións, os deputados provinciais, o presidente da Xunta, os conselleiros, os directores xerais, os parlamentarios, os "altos cargos da Xunta" (e xa deixamos a unha banda "os pequenos cargos", pra tomarmos un café, que tampouco é moco de pavo) ¡cantas cousas necesarias se farían con eses cartos!

Non minto, aínda que hai moito baludaque ou queicoa que, pra defende-las suas porcalladas, din que sí. A mellor maneira de demostrar que non se mente, siguen sendo os feitos (a "praxis", que diría un "euro-renovador-xerardista", bastante pantalleiro e firmón, que tamén cobra o seu nun axuntamento que eu coñezo por dentro e por fora).

Vaian, pois, os feitos. Con un soio que escolla, penso que me chega, e ven sendo o seguinte: O día 29 de maio deste ano, os xornais galegos daban esta noticia: "LOS SUELDOS DE PARLAMENTARIOS Y ALTOS CARGOS DE LA XUNTA AUMENTARON UN 6,5 POR CIENTO". Si nos quedamos nos porcentaxes que tanto deslumbran e moito máis agachan, diríamos: ¿e qué?... Mais, esmiucemos a noticia.

As retribucións dos "altos cargos" do Goberno autónomo, aprobados polo Consello o 28 de marzo, son estes: O Presidente, 583.873 pesetas mensuais. Vicepresidente, 521.202 Conselleiros 478.297 Directores Xerais, 379.672. Catorce pagas anuais, dende o primeiro de marzo. (¿Verdade que non está nada mal? ¿Verdade que isto ten algo de bicoca?...). Os parlamentarios,

dende o primeiro de xaneiro, 167.000 pesetas mensuais (97.000 fixas e 70.000 como "INDEMNIZACION POR RAZON DA SUA FUNCION") ¿Vostedes entenden isto DA INDEMNIZACION? ...Ademais — ¡ollo ao Cristo que é de prata! — 7.000 pesetas diarias de dietas por sesión (veñan sesións dabondo, aínda que sexan pra dormir) e pra que non falte res, 16 pesetas por kilómetro praos gastos de locomoción. ¿Hai quén dé máis?... ¿A la una?... ¿A las dos?... ¿A las...? Pois sí, meus amigos, hai quén dé máis. Cada grupo parlamentario (e isto, todo hai que dicilo, hasta me parece máis axeitado) ten unha asinación fixa de 100.000 pesetas, máis outra de 35.000 por cada membro que o compoñen.

Estando as cousas así por enriba, tan farturentas, a xente que está en baixo, nos Axuntamentos, pondo a man na fronte e matinando a fondo, pensa que quedarse curto é de parvos, e xa sexa en Pontevedra ou Vigo, Caldas de Reis ou Riadumia, Marín ou Santa Uxía de Riveira, cando se discuten os presupostos, a partida máis debatida é a dos soldos, e hai cada soldo por aí (dos que falaremos outro día) ¡que manda carallo!

Sendo a realidade tan porca como é ¿quén se pode estranar de que o galiñeiro esté algareado en vísporas das eleccións autonómicas?... A vida está cara. Posto de traballo non hai. O marisco aínda está máis caro ca vida. Quén non come marisco é un ningún. Unba "queimada" sin marisco, non val nada. ¿I entón qué?... Pois hai que agavear, aínda que sexa pondo o pé riba da cachola do veciño.

¿E sabedes, meus amigos, o que din algúns pra xustificá-lo isto? Unha frase lapidaria: "DE ALGO HAI QUE VIVIR"



Presentación "Poema Actual a Blanco Amor" en Ourense




O pasado 4 de Outubro presentouse no Ateneo de Ourense a edición especial de A NOSA TERRA "Poema Actual a Blanco Amor". No acto, conducido por Antón da Ponte, interviron Xosé Luis López Cid, Anselmo López Morais, Manuel María, José Posada, María do Carmo Enríquez Salido e Xan Carballa, un dos coordinadores da edición.

Ademais de facer fincapé na importancia de Blanco Amor dentro da literatura galega, foi especialmente mencionada a marxinação que o poder cultural estendeu sobre Blanco Amor, tanto pola súa homosexualidade como polo carácter conflictivo da súa obra e o seu compromiso intelectual, o que levou a Manuel María a urxir a edición das obras completas do autor ourensán. A esta presentación seguirán outras en distintas cidades de Galiza.

Na fotografía, de esquerda a dereita, Antón da Ponte, López Cid, López Morais, Manuel María, Xan Carballa, e o alcalde do Irixo, que se sumou ao acto, na véspera do fallo do Premio Blanco Amor que organizou este ano o seu concello.



O sete de Setembro, na sala branca do Volkhaus (Casa do Povo) de Zurich, tiña lugar unha conferencia sobre os problemas do agro galego coa entrada no mercado común, na que interviu o sindicalista Moncho Valcarcel, en representa-



ción das CCLL. Ao acto acudiron unhas cen persoas. A organización correu a cargo do BNG (Zurich) e o Centro Galego de S.T. Gallen e o de Sementeira de Basel.

Unha lingua impresa
é unha lingua viva.

vive o galego impreso.



somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

República de El Salvador, 9
Tel. 56 58 12
SANTIAGO
Praza do Libro
Tel. 26 63 77
A CORUÑA



Un morto en Lugo

A traxédia da falta de instalacións

Un piloto motociclista morto e un espectador ferido grave foi o balance extradeportivo do "Gran Premio Motociclista San Froilán". Un suceso que trai, outravolta, ao primeiro plano da actualidade o tema das instalacións deportivas e da seguridade para os participantes. O problema é que só nos acordamos da Santa Bárbara cando trona.

Non se sabe aínda a ciencia certa se ao piloto vigués Fernando Lebedynski Pampín lle fallaron os freos ou qué foi o que pasou. O caso é que, por unhas causas ou por outras, tivo que coller unha saída de "emerxencia". Esta posibilidade estaba prevista, tiña que ser factíbel, era, que sucedera.

Pouco parecía importar. Ese carril de seguridade era nen máis nen menos que unha trampa. Os afezoados, como case sempre, sen facer caso das indicacións das organizacións, situábanse en lugares prohibidos. Alguns parece que aman o risco, outros están seguros de ser máis rápidos que o perigo, outro son, nen máis nen menos que uns insensatos, e hainos que o calificativo ao que deben de adscriberse non é a outro que o de ignorantes.

Algunha destas circunstancias foi o que levou ao espectador Luis Camoira a resultar accidentado, temendo nun primeiro momento pola súa vida.

Por se isto fose pouco, espectadores, farolas, bordillos... ali no "escape de seguridade", estaba o verdadeiro perigo, estaba a morte para "Pampín": aparcaba un coche contra o que se foi estrellar irremisiblemente o motorista.

De quen era o coche? Como estaba ali estacionado? Son algunhas preguntas que se poden facer. Pouco importa. Por súa culpa unha vida deixou de existir.

(Ao escribir estas liñas recórdome dunha edición da subida automovilística a Chantada onde tamén un participante se saíu da estrada nunha curva. Ali había unha pista na que nos primeiros metros non se podía aparcar. A Garda Civil impedíallo a todos os automovilistas; até que chegou o alcalde do municipio e, como era o Alcalde, aparcou onde quixo. Ao sairse, un fórmula empotrrouse contra o auto do Alcalde. Ao piloto non lle pasou nada, pero o Alcalde quedou co coche todo estragado. Logo, a autoridade aínda quería que lle pagasen o arranxo).

Falta de instalacións

Pero estes tristes episodios lévannos irremisiblemente a referirnos á falta de instalacións

co que conta o deporte no estado e o galego en particular.

Non hai instalacións para practicar nen as élites deportivas, que nalguns casos como no motociclismo ou automovilismo, até os ases, como Ricardo Tormo, teñen que correr en pistas abertas.

Se isto sucede con eles, que pasará a aqueles deportistas de base?, onde poden practicar os afezoados sen máis pretensións? Algunhas veces non sei que me dá ver a rapaces xogando ao fútbol, preferentemente, nos prados en medio das bostas de vacas. Tétanos? Imposíbel. Pero xa non é que xoguen nos prados, non; senón que as vacas son as encargadas de "segar" os campos de fútbol até de categoría "rexional". Todo un indicador de terceiromundismo deportivo.

Non falemos xa de instalacións para outros deportes. O baloncesto, agora en "boom", estase a practicar cuns aros de caldeiras ou baldes pendurados dunha estaca (van saír uns tiradores de carallo, dicíame un amigo vendo xogar a uns rapaces, nunca lanzarán ao taboeiro, senón que encestarán directamente). Atletismo, voleibol, etc. non existen.

Os ximnásios son un luxo só ao alcance de determinados coléxios. Nos outros ao máis teñen unha sá destartada; aínda que nalguns casos a capela ocupe parte do ximnásio, ou totalmente, como pudemos comprobar nalgún instituto. Noutro nen iso, cando chove, non hai "ximnasia".

E que conste, non estamos pedindo instalacións elitistas de deportes minoritarios ou que só poden practicar persoas con moitos medios económicos. Non, estamos abogando por un deporte de masas, ao servizo da poboación, con unhas instalacións planificadas, orientadas e adaptadas as necesidades. Por unhas instalacións as que non podan aceder so os traballadores da banca, da administración e os estudantes nas súas horas lectivas. Estamos en contra dos deportes de élite e de que os directivos suban os seus soldos nun 12 por cento. Estamos a favor do deporte e en contra do negocio-espectáculo-deportivo.

PUCHEIRO

ao primeiro toque

Muñoz e outras miragres

O noso cintilante seleccionador de fútbol, Miguel Muñoz, destapouse cunhas declaracións eufóricas ao remate do partido que clasificaba a España para o mundial de México: "Aínda está por conquistar o meu maior éxito".

Se isto o di outro entrenador calquer, sería cousa de pensar no étlico, pero como é Miguel Muñoz pode ser que acerte até bébedo.

Un home que ten no seu curriculum ser campeón de Europa, de liga e copa do Rei, como entrenador e xogador, pódese permitir certos luxos, pero o que xa é de bruxas é que colla unha selección que fixo o ridículo no mundial e, con poucas variacións, chegue a subcampeón de Europa.

Pero aínda non diríamos todo se nos esquecésenos de



que para conquistar ese subcampeonato houbo que lle zurrar unha dúcia de goles a Malta ou que Maceda lle metese un golazo aos alemáns cando ficaban quince segundos para a descalificación total. Para qué imos falar do último empate entre Escocia e Gales que nos favoreceu mais que os nosos propios resultados.

Despois de todo isto, se don Miguel di que imos chegar a unha semifinal en Mé-

xico, eu cáseque o creio.

Certo é que sabe moi ben o que fai e non sería xusto se esquecer dos seus coñecementos futbolísticos, amén do seu traballo, pero a min o dos oito últimos goles a Malta en trinta e dous minutos ségueme a cheirar a xofre, e o de Maceda faime lembrar Fátima e outras aparicións semellantes.

RICARDO RIVERA

A VIDA DO TEU FILLO E "CHULI"



O teu fillo é o futuro

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE E CONSUMO
Dirección Xeral da Saúde Pública

Memorias dun negro galego



Alternativas eleitorais / II

Partido Onanista

XESUS CAMPOS

Entre o amplo abarico de agrupacións políticas, colectivos varios e asociacións diversas que concorren ás vindeiras eleccións autonómicas, o Partido Onanista constitúe sen dúbida a alternativa máis coherente das que se presentan; coherencia debida seguramente á forte implantación desta organización no tecido social do noso país.

Inda que a historia do Partido Onanista é longa e está repleta de avatares e incidencias puramente rutinarias (trátase do máis antigo partido político de Galiza; a súa orixe remóntase ao ano da pera), as innumerábeis dificultades sufridas polos onanistas, tanto na República como na Ditadura, levaron a esta forza a unha postración e á conseguinte ausencia da vida política dos últimos anos, até que un fato de homes de palla, xunto con diversos colectivos de nenos-pera de Pontevedra e A Coruña decidiron, logo das máis turbadoras dificultades e os máis diversos atrancos, devolver á nosa comunidade a experiencia e capacidade do onanismo acrobático.

O novo PARTIDO ONANISTA rexurde, pois, en 1985, como resultado do empalme das anteditas forzas, baixo as coordenadas dun programa común, en certa maneira herdeiro do movemento peronista e das teses de Bernardo Pallín e Nonito Pereira, recollidas no traballo considerado como a biblia do onanismo, o "viaxe ao país dos onanos".

O Partido Onanista apréséntase como a única alternativa de alívio interpersonal, capaz de liberar á nosa nacionalidade a man, co esforzo individual de todos os galegos coma ti.

Integrante destacado da Federación Voyeurista, o PO consta de órganos propios de decisión e acción, así como de absoluta independencia para tomar decisións no ámbito galego. O seu comité de Dirección-antigo cúmio de enderezos— agrupa a destacados homes de palla e nenos-pera da vida pública galega, entre os que se contan *Xosé Luís Perales, Joan Perucho, o Dr. Pollán, Xurxo Peneabade, Nicanor Peralta, Fernando Díaz-*



-Paja, Pietro Nespereira, Xosé Luis Folla, o humorista *Jaume Perich*, o economista *Anxo Penedo* e máis o prestixioso abogado *Antón Maneiro Cascante*; todos eles homes de público recoñecemento que ofrecen a imaxe dunha forza de estimábel penetración no tecido social galego.

Contan os onanistas con mil douscentos afiliados, organizados en células unipersonais de carácter pracenteiro. Cada militante entrégase sen acougo ao labor de autocompracencia e alívio unipersonal, posibilitando un enorme e frutífero recollimento social capaz de liberalo das múltiples tensións que a sociedade xera no individuo.

Ideoloxicamente, o Partido Onanista inscríbese dentro da corrente alterna do socialismo acrobático, o que leva a esta forza a non regatear posturas e xeitos de intervención manual. Programáticamente, os onanistas abogan pola superación da relación sexual inter-

persoal, baseándose nas teses do Dr. Juan Palomo. Ardentemente defensores da automanía para Galiza, reclaman a extensión dos programas de extensión manual ás capas sociais máis desfavorecidas, así como defenden a negativa á entrada na CEE e máis na *Corcubián*, a aceleración dos programas in vitro e a progresiva substitución das parroquias polas salas de festas.

Os seus candidatos ou cabezas de carallo polas catro provincias son os seguintes: Pola Coruña, o enxeñeiro *Corrida Corridoira*; por Lugo, o médico *Xan Xascudo*; por Pontevedra, o ensinante *Antón Carballo Teso* e por Ourense o traballador manual *Andrés Pallarés*. O candidato por Lugo, *Xan Xascudo*, é o afamado becario do Instituto Pasteur de París, descubridor da orixe do Sida e autor do interesante traballo que co título de "De la Sida el inventor fue un humilde payador" ten acadado un grande recoñecemento internacional.

comunicados

Nova etapa do Centro Dramático Galego. "Visto o panorama, decidimos cambiarlle o nome por Centro Cómico Galego", declarou un directivo.

ooOoo

Beiras ameaza con sacar á luz os trapos suxos de certos políticos galegos. "O mao é que son doce tomos", manifestou.

ooOoo

Segundo La Coz, o BNG non pensa practicar a loita armada. "Bastante temos xa cos entrenamentos" comentou un dirixente.

ooOoo

Soares declara que o seu modelo político é Ronald Reagan. González non chega a tanto: "preferiríamos un lider máis xoven" comentou.

Ante a proximidade das eleccións os directores de diários galegos decláranse apolíticos. "Sólo atacaremos a los masones y al rojerío" anunciaron.

ooOoo


Por un traspapeleo da axencia de publicidade, a campaña de AP levará o lema: "Fernández Albor es chuli".

ooOoo

O tanque que levantou polos ares unha tribuna do público en Lugo non pertencía ás Forzas Armadas. Ao parecer, formaba parte da escolta de Fraga.

ooOoo

Dirixentes do PCP xustifican a lixeira perda de votos como una gafada: "Carrillo acercouse a fronteira, se chega a entrar fúndenos".



Xosé Lois

Revista Galega De Humor

Can sen Dono

12 NUMEROS
Estado español (correo ordinario) 1500
Outros países 1700 pt
CAN SEN DONO
APARTADO 471 - VIGO

"CLASICOS GALEGOS". Unha nova colección de Edicións Xerais de Galicia



SHERLOCK HOLMES, DETECTIVE

Arthur Conan Doyle

Tradución: Francisco Bedoya Gonzalo Navaza



A TECEDEIRA DO NAVAL

Edición, introducción e notas:

Xosé A. Palacio e Blanca - Ana Roig



LA MEDICINA POPULAR INTERPRETADA I

Xosé R. Mariño Ferro

Un novo título do autor de "Satán, sus siervas las brujas y la religión del mal"



edicións xerais de galicia

II Encontro de escritores galegos, cataláns e bascos en Donóstia

Os escritores reafirmáanse ponto por ponto no manifesto de Poblet



Os días 4, 5 e 6 de outubro, celebráronse en Donostia os II Encontros de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns no marco arquitectónico do Pazo de Miramar.

A finalidade destes Encontros fica na continuidade e necesidade de diálogo e de acción dos escritores das tres Nacionalidades Históricas, que existía denantes da Guerra Civil e que logo ficou interrompido durante a "longa noite de pedra" do Réxime.

A problemática é común os escritores galegos, bascos e cataláns, en canto ás relacións cos Poderes públicos, en canto á Lei de Propiedade Intelectual, á Política de Traducións e ás agresións que sofren a cotío as nosas respectivas culturas. Sobre estes temas versaron as distintas ponencias: (Lei de Propiedade Intelectual, X.

Agulla por Galicia, Guilleme Jordi Graells por Cataluña, Yon Kortazar por Euskadi; (Relacións dos Escritores coas Institucións) Lois Rei por Galicia, Josep M^a Llompart por Cataluña e Xosé Vélez de Mendizábal por Euskadi.

Tamén se leron Comunicacións o derradeiro día dos Encontros, que no caso galego foron lidas por M^a Xosé Queizán, Tucho Calvo, Eliseo Alonso e Xosé M^a Alvarez Cácamo.

Certamente, cómpre subliñar un certo carácter oficialista da man dos organizadores disimulado pola familiaridade con que se levaron a termo os agasallos ás autoridades.

Nos Encontros estiveron representadas a nivel cinematográfico as tres Comunidades coas películas: Mama-

sunción de Chano Piñeiro, La casa del Pare de Ferrán Llagostera e Hamaseigarreñan aidanez de Anxo Letxundi.

O ambiente que se respiraba entre os congresistas foi do máis agradable, e as distintas voces idiomáticas creaban un ambiente curiosamente internacional por mor da presenza de invitados do norte e centro Europa. A súa presenza estaba xustificada pola intención de A. de Escritores Bascos de celebrar o ano que ven un Congreso de Linguas Minoritarias de carácter internacional, feito este que fortalecerá aínda máis ás nosas respectivas culturas e complementará os III Encontros de Escritores Galegos, Cataláns e Bascos que para o próximo ano celebráranse en Galicia.

XOQUIN AGULLA PIZCUETA

Deixaredes morrer a revista Dorna?

Logos dunhas conversa telefónica cun dos responsábeis da revista galega de expresión poética Dorna, deisen matinar no que me insinuou: logo da aparición do próximo número (que quer estar dedicado a Reimundo Patiño) a revista esmorecería e non saíria máis, pois para facer un número tiñan que pelexar cos poetas, sobretudo cos que xa tiñan publicado un libro, e non hai maneira de encher o papel. En fin, viña a dicir o meu comunicante, que a revista ia desaparecer non por falta de cartos, senón por desidia, boicot ou como queirades chamarlle dos poetas (compre lembrar que os responsábeis da revista querían facela trimestral, o que serían bo para todos).

Nun poema de Balada nas praias do Oeste, Manolo Rivas pregunta(nos): se deixaredes morrer á nación dos galegos? Deixarémola morrer? Mentres exista un poeta que escriba na nosa lingua, a nosa nación existirá. Orabén, onde poderá publicar os seus poemas? Curioso sería facer unha escolma das queixas e laios dos nosos poetas que non podían publicar en nengures, pois as editoriais non queren ou non querían publicar poesía e non existían órgaos de expresión, etc. Revistas había unha: Dorna, a quen agora parece se lle teña declarada unha guerra xorda, calada, silenciosa, por qué?; deus, aló, no ceo, sabe-rao. Aquí, a 1.000 quilómetros de Galiza ocorrensos cen motivos diferentes, a cal máis mesquino e quen nen enumerar quero. Dorna, durante varios números e anos foinos entregando a voz de distintos poetas, poetas que non coñecíamos e que agora están aí, contan no noso panorama poético. Só cabe, cousa que vai facendo, lle dea a revista paso a novas voces máis, e isto é importante, só será publicábel se as voces coñecidas e recoñecidas publican nela os seus poemas antes de axuntalos en volume. E, compre tamén subliñalo, moi-

tos dos poemas que poetas non deron en Dorna non os recolleron en libro, pois a súa publicación na revista serviu para que o poeta exercese a autocritica e non o entregase en volume e así aforrase máis dun pau. Só por iso, ese poeta debería estarlle eternamente agradecido a Dorna e acontece, ao mellor, o contrario, que xa non quer publicar en Dorna.

Penso, eu, que non teño nengun interese inmediato en Dorna, que compre soste esta revista. Apoiála, pois segue a ser o voceiro, o único voceiro da poesía galega. E ademais, coa engádega de páxinas de crítica, pode cumprir unha nova función: a clarificación do noso panorama poético, pois un tema que a carón dos nomes estupendos que están saíndo, empece a hora dos burócratas, dos tecnócratas, dos aproveitados e outras ervas, quer dicir daqueles que se coidan uns baidaleres e non pasan de imitadores de Campoamor.

Non podemos deixar morrer Dorna, como non podemos deixar morrer nengun órgao de expresión cuxa voz sexa galega. Pode ser máis satisfactorio para a vaidade persoal publicar en "Tintimán" ou "La Naval", non o nego. Mesmo —seguro— máis substancial desde o punto de vista pecuniario, mais sexamos sérios, aló Galiza está ausente, en Dorna —con todos os defectos que se lle apoñan— Galiza é nai e señora. Non, non podemos deixar morrer Dorna. Todo o contrario, compre apoiála xa que segue a ser a única revista, o único portavoz que teñen os nosos poetas, que non se enganen. Un portavoz, repíto, que pode servir de autocritica. Ao cabo, non foi Dorna un pontal no renacer poético galego? ninguén poderá negar tal cousa, agora quer ser órgao trimestral desta renascencia que se consolida e resulta que moitos poetas non queren colaborar. Incríbel.

XESUS GONZALEZ GOMEZ

Os especiais de ANT nas Universidades do mundo



Un importante logro para a difusión dos números especiais de A NOSA TERRA tense feito ao conseguir que sexan incluídos nas bibliografías que edita o MLA (Modern Languages Association) nordeamericano que se reciben nas universidades de todo o mundo e que son de consulta obrigada para acceder á información das publicacións culturais e científicas editadas



mundialmente. Ao tempo, e desde esta última edición especial —"Poema Actual a Blanco Amor"— estas edicións especiais están depositadas no Library of Congress (Biblioteca do Congreso americano), e é fácil predicar que estas dúas xestións redunden nunha maior difusión dos traballos incluídos e da cultura e literatura galegas en xeral.

CONCLUSION DO ENCONTRO

Os escritores galegos, cataláns e bascos, reunidos en Donostia os días 4, 5 e 6 de Outubro, manifestamos o seguinte:

1.—Reafirmámonos, ponto por punto, no manifesto redactado en Poblet o 24 de Xuño de 1984, durante o noso primeiro encontro, e que transcribimos a continuación:

1.—En contra de todo intento de manipulación e de desvirtuación cultural e nacional, son escritores galegos, bascos e cataláns aqueles que usan como instrumento de creación as súas respectivas linguas, é dicir, galego euskera e catalán.

2.—A pesar dos avances de normalización —debidos fundamentalmente á loita reiterada tanto dos escritores coma de outros sectores sociais cunha firme conciencia nacional— atopámonos aínda moi lonxe dos mínimos esixíbeis en sociedades nacionais asentadas. Constatamos que somente se cada

unha das nacións aquí representadas se constituen en Estado integramente soberano haberá garantías de restabelecemento pleno.

3.—O compromiso firme de establecer relacións continuadas de intercambio e de acción conxunta entre as literaturas e outras expresións culturais de Galicia, Euskalerría e os Países Cataláns. A tal efecto demandamos, desde xa, das institucións que artellen a infraestrutura necesaria para que esta interrelación teña un funcionamento efectivo que abranga a difusión e representación internacional das nosas literaturas en todos os ámbitos.

4.—O compromiso das nosas Asociacións de manter unha relación constante a través da creación dun equipo de traballo conxunto co obxectivo, entre outros, de garantir o intercambio de información sobre a produción literaria, por en marcha publicacións comúns, impulsar traducións mútuas, así como becas destinadas a favorecer o trasvase de expe-

riencias culturais, e mantermonos vixiantes na defensa conxunta e solidaria dos intereses profesionais.

5.—Que o encontro nos amosa a preocupación certa dos escritores tanto no que se refire á problemática das nosas nacións sen Estado como á defensa efectiva dos dereitos humanos. Así, constatamos o feito dunha represión que tamén afecta a escritores das nosas nacións e do mundo.

II.—Constatamos que a situación non variou e, como exemplo concreto da marxinalización á que se nos continua sometendo desde o estado, denunciámonos o feito de que se nos ignora absolutamente na elaboración da lei de propiedade intelectual.

III.—Expresamos a nosa vontade de intensificar as nosas relacións solidarias entre os escritores das nosas tres nacións a fin de preparar ao longo de todo o ano o próximo encontro que se celebrará en Galiza no 1986. Donostia a 6 de Outubro 1985.

"O Inverno do Lobo" de Xoán Manuel Casado

Publicamos un extracto do segundo capítulo da novela gañadora do Premio Blanco Amor 1985, "O Inverno do Lobo" de Xoán Manuel Casado. A obra, que se desenrola nos anos anteriores á guerra do 1936, é en palabras do autor "unha narración desenvolta nunha vila galega, na que acontece un pequeno episodio místico dun iluminado, a partir do que se desencadean unha serie de feitos, nos cales configúranse a vida das forzas caciquis, políticas e eclesiais". A obra sairá aproximadamente publicada por Edicións Sotelo Blanco.



NOTA DA REDACION:

A segunda parte do traballo de Alfonso Magariños sobre Sabino Sueiro publicarase no próximo número.

**Prémio
Blanco Amor
1985**

Aproveitando a morneza da tarde, Don Sebastian e a Herminia prolongaron a estancia de sobremesa na galería máis que de costume. El, na mecedora de madeira nobre, recibindo as raiolas no costado esquerdo, e ela, no sofaciño de mimbres, dándolle á calceta. Estaba falanguero Don Sebastian, recordando outras horas semellantes de antano, a nai e a tia conversando miudezas seguidas de risas, con ese ferrete tan da terra, que esta era terra de inxenios, Herminia, de señores con inxenio, e hoxe non hai nin señores nin inxenio, só mentes badoocas sen educación. ¡Aquel tempo! Cando as matanzas, non había día sen merenda durante varios meses. Lacós, chourizos, zorza, miolada... Todo cousas de homes. Xa nunca será o mesmo, Herminia, esta terra non che ten remedio, que non ten loubanza máis que para o ruín e o pequerrecho, e a carraxe disposta contra todo o importante, contra o que a pode erguer do seu destino de pendello. Ningunha terra coma esta leva sobre si a maldición dos defectos dos seus habitantes. Hoxe, nada é como antes. Nin as putas.

—Don Sebastian... —conmináballe sen demasiada convicción a Herminia.

Moita muller de deus había daquela. A Portuguesa... Na súa casa non se bebía máis que ron importado das Antillas, e non era por certo a única importación que se facía procedente de alá. A mulata Lavinia... Tiña unhas tetas que en nada desdecían das túas...

—Don Sebastian, non está ben... —resmungaba a Herminia.

...e unha dobre cachada que semellaba a bola do mundo. Alí non se lle daba entrada a badoocas, alí todos eramos xente de pertencencias, bós catadores desde o berce de todas as finuras que existisen. A mulata Lavinia bailaba tropicais no medio e medio do bar e xa non había quen non fose home. A Portuguesa fixera cartos e xa andaba medio retirada daquela, só atendía a clientes escollidos, ri Don Sebastian, e ben que se lle vía a experiencia, que a experiencia é algo que non ten substitución, por máis que algúns zafarolas o pretendan, con intencións egoístas desde logo, e haxa que poñelos no seu sitio de cando en vez. Nin xiquera a vida dun home, por longa que sexa, abonda para dar experiencia, son precisas xeneracións acostumadas a gobernar e a decidir, a esa disposición non se improvisa porque bule no sangue. Ai, Herminia, entona o vello cos rispidez, ata hai pouco aínda había principios que ninguén discutía, pero hoxe xa ves: nin a Deus se respecta.

—¿De qué che andaba falando? —interrumpíse Don Sebastian, como quen volve á realidade.

—Daquelas perdas que o demo confunde.

A inesperada bonanza da tarde propiciaba aquel repaso de historias sabidas, ás que o curso do tempo non engadira matices novos, deixandoas imperturbables coma leccións de escola, apenas esluídas, nin tan só nos seus detalles menos significativos, na memoria que agora as evocaba. A Herminia seguía co seu labor obstinado de calceta, sen que, agás as breves interrupcións suplicatorias, nada revelase un interés entregue polo relato, que seguía, porfiado, cun ensimismamento cadencioso no que por veces aparecía o seu nome, Herminia, imos vellos, Herminia, ti coa filla e os netos en Barcelona, eu, xa tí ves, con pouco máis que cabeza, demasida cabeza, Herminia, que millor me sería perder o siso ante tanta barrabada coma hai que ver, e por qué, preguntome, se ningún mal lle veu nunca a ninguén pola miña causa, dime tí se lle faltou sagrado ó teu home, se a túa filla non casou igualiña que princesa, e obrigación non tiña ningunha, que tan ben o pasaba ti coma min, bribona...

—Don Sebastian... —terqueaba a Herminia.

As cousas sonche así, falta o señorío de antes, vanche todos seguidos coa mesma puta para aforrar uns reás. Antes, ai antes, un escollía e despois usaba dela a noite enteira, pero hoxe nin homes son, media hora arriba e o seguinte. ¡Se ti souberas a Portuguesa! Compría ter moitos aqueles para acabar con ela. A mulata Lavinia era distinta: dura coma ningunha, metíache unha teta na boca e aquilo era ver o ceo. Apañabase ben para deixarte contento co mínimo desgaste. Non era coma outras, toda cona, sabía darche pracer con cada parte do seu corpo.

—Hoxe deulle por aí, qué lle imos facer.

Bailaba o tropical que nin en París. E esa foi a súa perdición. Arranxouse cun monfortino que lle prometera contratos coma artista e, con esas ferveduras, acabou por marchar de casa da Portuguesa. A última noticia que tive-

mos dela foi que andaba actuando pola parte de Astorga, xa non patrocinador distinto, porque o monfortino non tardou en volver coa familia, rabo entre pernas e sen un can. Tivo varias substitutas no negocio da Portuguesa, pero xa non foi o mesmo. Perdeuse calidade, e a propietaria quixo compensalo popularizando a cousa. Baixou os prezos e acabou. Un sempre ten que ter o dereito a escoller con quen quer ir ás putas... Pero esa non foi a causa de que pechara. A causa foi a de sempre: a envexa, que fixo que lle foran subindo os impostos ata que non atouros máis e se volveu a Portugal cos seus aforros.

—¡Santo día! —exclamou a Herminia con desgana.

Cala, Herminia, cala, e o sol xa esmorecente acougara nun único recuncho da galería, presto a partir, mentres as dúas figuras seguían a compoñer unha escena intemporal, na que o monólogo do vello podía recordar a algunhas das formas do silencio. Ese lugar que ocupaban fora, ano tras ano, estación tras estación, a cripta familiar desde a que, en horas semellantes á presente, emanaron ordes, decisións ou consellos, o tempo que se reconstruía unha memoria de linaxe fundada nesas certezas que se entregan en man os sucesivos partícipes nun destino de caste singularmente aventaxado. As horas discurrían vagozas nesa galería tan longa coma estreita, baixo a que a xente cruzaba cos ollos apuntando ó chan e da que calquera sabía que lle podía chegar inesperadamente algunha nova que, para ben ou para mal, cambiaría a súa vida. Nesa galería na que hoxe, pesie ós pormenorizados traballos de restauración, aparecían desperfectos indelebres coma emblema infame dos novos tempos. Os novos tempos, Herminia.

—Moito falo, carai —apontou el mesmo, aliviando o ton do seu parlamento.

Desde neno, muller, fíxate ben que digo desde neno, non me guiño máis intención que a da fidelidade ó espírito desta casa, representado por xeneracións de xente que fixeron da prosperidade desta terra a súa razón de vida, aturando imperturbables a meledicencia dos ruíns e a envexa dos lacazáns, entregues á administración do que en boa lei fixeran seu e que era beneficio para todos, e ca tí ves, Herminia, xa tí ves, nin o Cesáreo, que se non for polo recordo do seu pai xa o tería denunciado como merece, nin o Cesáreo é quen de agradecerme o que por el levo

feito, e anda por aí emprestando ouvidos a todo bule bule no que se me mencione. Igualiño que o Revirado, a quen fixen a concesión de apadrinar no bautismo e darlle o meu nome por ver se así o ceibaba da súa mala ascendencia, e quen non perde ocasión de aldraxarme en público e ata por escrito. Pero pagarán, Don Sebastian emprega un énfase máis dereito, pagarán eses e todos os que collan polo mesmo camiño, que aínda non decidín renunciar á miña autoridade en favor do primeiro insolente que a pretenda. ¡Hai moita sentença familiar detrás de todo! A miña foi, como sabes, familia de mulleres. Viudas prematuras, foron elas as que tiveron que apandar coa parte máis dura da misión. E así saíron fortes, emprendedoras, máis decididas que home ningún. Ti non poder acordar á miña aboa Remedios, pero coñeches á miña nai.

—A súa nai era muller de moito arroxado, Don Sebastian.

Esa foi a súa necesidade, cando, se cadra, houberalle gostado máis o paseo da capital e os modelos estampados, como lle sucedía á prima Isabel, que acababa de chegar de América e xa empezaron as argallerías a querela casar comigo, ti recordas, que nunca simpática lle tiveches.

—Dos cen kilos non baixaba, iso seguro —deixou ir a Herminia, sorrindo por primeira vez.

¿Pero ía eu deixar isto todo para me converter nun contertulio de café, matando o tempo con lerías de política e festas de sociedade?

Non, Herminia. O meu sitio estaba onde sigue estando, na miña vila e cos meus mortos, por moito que a algúns lles pese. De aceptar o casamento, millor houbera vivido, iso seguro. A prima Isabel viña de herdeira dunha fortuna incalculable! Instalouse un tempo por aquí, pero acabou volvendo para América.

—Solteira e sen compromiso —precisou a Herminia. ¡Tanto Kilo!

Así foron as mulleres da miña familia. Señoritas como as que máis, pero facendo honor a unha responsabilidade á que se viron abocadas desde novas. E, mira por onde, a cousa mudeou de supeto e hoxe é un home o supervivente de todas elas. E digo eu: se tanto bergallan non puido con simples mulleres, ¿vai poder con quen, moito máis home que calquera deles, aparece disposto a facerlles frente? As subas dos arrendos son de lei, Herminia, e para facer cum-

plir a lei nunca faltan medios. Dime o que tí pensas.

—Eu, nada, Don Sebastian, eu, nada. ¿Qué quere que pense eu, pobre de min?

Tes razón, Herminia: a lei sempre acaba por cumprirse. Hainos máis resignados e menos, pero as resultas son idénticas para todos, e Don Sebastian parece evidenciar cun repentino mutismo, durante o que queda coa ollada concentrada nalgún lugar do teito, un comenzo de canseira após de tanta verba. As palabras e a calceta parecían simbolizar, na súa simultaneidade, dúas maneiras de expresar un idéntico marchamo vital, caracterizado pola necesidade de tecer e destecer recordos ata o infundo, como medio de dotar ó presente dunha densidade da que carecía. Aínda restaba claror, pero de alí a pouco o solpor dibuxaría no ceo durante algúns minutos aquelas tonalidades alampantes que o enchían a diario dunha calidade magnificente e ardida. Era o momento no que os vilegos buscaban o acobexo das tabernas, acompañando por veces o paladeo do viño con alalás ben coñecidos, sempre os mesmos, que introducían un elemento de improvisación festiva no que, doutra maneira, corría o risco de resultar un costume sen máis razón que a incercia e, nalgúns, a soedade.

—Estoume acordando... —ri Don Sebastian con aquel riso identificable polo sonido, xurdindo dun xesto facial case impasible, e comparte deseguida a súa evocación interna coa muller que calcetaba, venne ó recordo, Herminia, do día do bautizo da túa filla, eu tendo conta dela, pequerrecha e negra, e tí e o teu home humildiños e serios, e de golpe Don Ismael, a gargallada de Don Sebastian máis canina que nunca, Don Ismael, ai que non podo, Don Ismael que comenta qué parecíña é a nena ó seu padriño, ai que me escacho, Herminia, Herminia.

—¡Virxe Santísima dos Remedios, Don Sebastian!

Os ollos claros coma o seu padriño, ai que me escacho. ¡Virxe querida! Herminia, non me reces unha xaculatoria enteira. Xesús, Xesús, Xesús, e a hilaridade xa debalando na boca semiberta do vello, faime ben recordar os bós tempos, comprende, Herminia, hoxe xa non hai ledicia nin gaitas, qué tempos, qué tempos, sen que se soubera ben se a referencia era ós pasados ou ós presentes, e aínda Herminia que me escacho.

—Debería recollerse noutros pensamentos —e despois dunha pausa— Relixiosos, por exemplo.

—Xa sei, xa sei das túas andanzas, non te creas —deu tempo a que a muller contestara, para engadir diante o silencio dela: —E santo ou non é santo, tí que pensas?

—Eu qué sei, Don Sebastian, eu qué sei. Baixe dúas veces e máis nada. Parecer, pareceo.

Parecerá, Herminia, parecerá, pero o tema éche outro, o poder, non me mires así, o poder que todo o pode, porque dime tí un home sen poder qué cousa é, unha besta, un vexetal, todos queren poder, a Igrexa quere poder, os políticos queren poder, todos queren poder, e o problema é que só pode mandar un, sen poder ninguén á nada.

—O Honorario é de moita predicación.

E os demais escoitan, por qué escoitan os demais, Herminia, porque lles quenta os ouvidos decíndolles que o poder debe ser seu, como llos quenta ese Polito de mala nai e tamén o escoltan. O poder, Herminia, o poder.

Son cousas distintas.


Non tan distintas, Herminia, veláites que ata a moza de un é moza do outro, que ben lle estivo a ese fillo do Severino, bueno, se é fillo seu, que con cornudos nunca hai certeza, quen é o padriño do Polito, Herminia, o padriño, Herminia, hai que me escacho.

—Non empece outra vez, faga o favor.

Xa a tarde de balara definitivamente e unhas sombras aínda nacentes fan embullando as vistas da galería, embaçadas en moita parte nos derradeiros anos por novas construcións dos chegados da emigración ou polo aluviño de xente das aldeas veciñas. Houbo quen quixo ver nelo o símbolo dun escurecemento da influencia da casa, e polo menos o terense librado do que supuñan incansable escritorio dos seus movementos des-de a galería foi cousa que a máis dalgún alegrou. O silencio caíra tamén entre amo e criado, agora si inequivocamente instalado, longo e baleiro durante minutos, xusto ata que sonaron primeiro os pasos atolados no corredor de entrada e moi logo os berros crecentes do Cesáreo: ¡Chegou o Gobernador! ¡¡Chegou o Gobernador!!

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA



O carballo de Santa Margarita

A parroquia de Mourente, lindante con Pontevedra, ten un lugar chamado Santa Margarita. En galego sería Santa Margarida. Mourente, dende vello, ten sona polos seus canceiros, o cruceiro coñecido popularmente como Cruceiro do garda civil, polo pé do púlpito da súa eirexa parroquial, fermosamente labrado. Representa a un home popular, seguramente un mariñeiro que, sobor dos seus hombreros, sostén o enorme peso da sagrada cátedra.

Dende Santa Margarita óllase Pontevedra. Pódese distinguir a parte vella da cidade, de cantería, harmoniosa e fermosa. E as novas construcións disformes e desaxetadas. Edificios feitos con vocación de rañaceos que quedaron en arrepiañentes rañainfernos suficientes pra derramar a paisaxe urbana e non urbana da cidade. E difícil comprender tanto badoquismo e falla de sensibilidade e aínda diríamos de senso común.

Este desastre urbano chegou tamén ao delicioso lugar de Santa Margarita, famoso polo súa ermida e o enorme carballo que ten diante. Tanto a ermida como o carballo andan, dende hai séculos, nas cancións populares. Chama a atención como os veciños deste lugar, ante a indiferencia dos que mandan —unha cousa é mandar e outra gobernar— ergueron unhas casas descomunais, derramaron outras e deixaron esborrallar a fermosísima capela románica de Santa Margarita. A culpa é de todos: cregos, autoridades e veciños. Conservar a cobertura da ermida non custa tanto. Posibelmente menos que un banquete oficial dese que orgaizan concellos e diputacións. Reconstruír a ermida, pese ao estado en que está, tampouco é cousa do outro mundo. Sabemos que clamamos no deserto. Se algún mandamais lé estas liñas —o que dubidamos— o único que vai ter pra elas é unha irónica sonrisa de desprecio. Tamén se está derrubando o que supoñemos foi residencia do capelán de Santa Margarita: unha impresionante casona de cantería, coa súa solaina, pozo, hórreo e xenerosas larganzas como corresponde a unha casa de por qué.

Nembargantes está moi ben conservado o pazo, moi xeitoso él, no que viviu, por breve tempo, o P. Sarmiento. Unha lápida —cómo non!— en castelán lembra a estancia do sabio beneditino naquela mansión.

Na obra do P. Sarmiento hai referencias a este lugar. No viaxe a Galicia do 1745 fala da herba agulla, de froles purpurinas de cinco follas e a lengua de ovella. Tamén nos informa que, no camiño de Pontevedra a Santa Margarita, existe un cruceiro que, polo que semella, mandou labrar Martiño López no ano de 1693. Non comprobamos si

ese cruceiro aínda está en pé.

No pasado mes de agosto viaxamos a Pontevedra. Pola tardiña fomos facerlle unha visita de amizade e cortesía ao vello carballo de Santa Margarita. Era o día da festa. O eirado existente diante das ruínas da capela estaba moi limpo. Nun improvisado altar contemplamos á imaxe de Santa Margarita, sobor dunhos manteis brancos, rodeada dunhas froles medio murchas nunhos pobres e desiguais púcaros de vidro. A sombra amiga e protectora do fabuloso carballo amparaba a imaxe da santiña. Sentámonos ao pé do carballo, debaixo das súas xigantescas e robustas ponlas. Pra sosegar a nosa carraxe alcendemos un cigarro, compartido pola parenta. Non había ninguén máis. O fume fleve e azulado do cigarro perdeuse, esvaeuse, lizgairo e sutil; entre as follas bronceadas do carballo poderoso. A falla de algo mellor aquel fume breve era como un homilde incenso que lle ofrendamos a aquel xigantón que ollou pasar xeneracións e esborrallarse a ermida, sen que ninguén lle acudira. Cécáis o carballo, arbre sagro prós antergos, incline as súas ponlas cara á terra en sinal de protesta e inconformidade coas barbaridades que contempla ao seu redor. Tal vez, en solidariedade coa ermida esborrallada, se queira deitar no chao e durmir pra sempre. Tenderse sobor da terra, podreecer e agromar de novo nunha daquelas herbas humildes que un día ollou naquel lugar o P. Sarmiento e que oxe posiblemente ningún veciño coñece o seu nome. Temos a seguranza de que o carballo xa non está gustoso onde está. Por forza ten que sentirse fora de tempo e de lugar. Necesariamente ten que sentirse vello, canso e anacrónico.

Dada a brutalidade con que se trata á nosa arquitectura popular e o seu entorno, dado o salvaxismo con que se agrede a paisaxe, dada a cegueira e a carraxe con que se aniquila o que é verdadeiramente fermoso estamos sorprendidos de que o Carballo —así con maiúscula— de Santa Margarita aínda esteña en pé e con vida. O estrano e o inverosímil é que non foran demoucando as súas robustas ponlas, que non o descascaran pra que se desangrara pouco a pouco, que non o tronzaran polo pé ou que non o empararan de gasolina e lle prenderan lume.

Pese a todo temos fe na xente. Estamos seguros que, si os veciños de Santa Margarita restauran a ermida como é a súa obriga, o Carballo terá novos desexos de vivir. As súas ponlas erguéranse cara ás nubes e daránlle pousada aos paxaros cantores. E o lugar de Santa Margarita será máis humanos e moito máis fermoso.

retrincos da historia

X. TORRES REGUEIRO

O ferrocarril das tres ces

En número de quilómetros de trazado de ferrocarril a nosa nación pódese comparar —como en tantas outras cuestións— os países terceiromundistas, sen meterse xa na calidade do servizo. E o carácter de “vía de penetración” do mesmo pódese comprobar calquer que observe detidamente un plano de trazado ferroviario en Galiza. Algo así ocorría nas colonias que tiñan algo que extraer cara a metrópole.

Mais a penetración nen foi rápida nen continua, con “interruptus” dabondo. Desde a benvida e cantos laudatórios ao ferrocarril como avanzada do progreso até a definitiva realización do mínimo trazado co que nos agasallou o Estado español, aínda tiveron de pasar ben anos. Lembremos que a primeira liña ferroviaria na península —Mataró-Barcelona— inaugurouse en 1853, e que Curros cantaba a chegada a Ourense da primeira locomotora en 1880:

“Por onde ela pasa
Fecunda os terreos
Espértans’ os homes,
Frolecen os eidos”

Lembremos os atrancos para a construción do chamado ferrocarril de Noroeste que tardou 30 anos en chegar á A Coruña; ou os do ramal Betanzos-Ferrol, demorado outros 29 anos. Ou incluso a oposición do PSOE dos anos da república, cando aínda era socialista, a rematar as obras do tramo Ourense-Zamora, falta que impedía a comunicación de Vigo co exterior.

O ferrocarril de penetración poucas cousas nos trouxo, realmente. En troques levou moitas: man de obra barata, emigrantes, materias primas, gando, madeira, minerais, marisco,...

Houbo moitos intentos de acadar unha rede de ferrocarril que atendese as necesidades reais de comunicación do



país. Non se conseguiu, pero os plans e os proxectos ficaron aí. Un dos máis curiosos foi o do ferrocarril dos “3 Ces”. E non se refería aos ces de “cófortabel, cómodo e caro”. Non. Referíase a Coruña-Carballo-Corcubión.

Era este un vello proxecto que xa en 1913 fora tema dos periódicos coruñeses. Coa desculpa da guerra mundial deixouse en suspense, se ben a causa foi a indiferencia das entidades oficiais. Volveuse falar do proxecto nos anos vinte e semella ter moitas posibilidades de levarse a cabo. En Corcubión criase a revista “Nerio”, coa finalidade fundamental de pular polo proxecto tan anxeado, da man do xoven abogado Pepe Miñones. Era este home de ideas abertas e preocupado por múltiples proxectos de progreso para a súa bisbarra. Deputado na República polo Partido Radical, remataría integrándose no Frente Popular nas eleccións de 1936, nas que voltaría a saír deputado. Fusilado polo franquismo, a súa memoria de home de ben segue presente nos seus paisanos.

O ferrocarril uniría Coruña con Corcubión despois de cruzar os concellos de Arteixo, Laracha, Carballo, Ponte-ceso, Cabana, Zas, Vimianzo

e Cee, percorrendo 104 quilómetros e dando vida a unha bisbarra que aínda hoxe as institucións recoñecen “deprimidas” e de “acción especial” en pomposa declaracións que non contribuen a mellorar a realidade.

Discútense sobre as vantaxes da vía ancha ou da vía estreita. En tanto, o proxecto toma un novo rumbo e pénsase na prolongación da liña por Muros, Noia e Padrón deica a Estrada, onde enlazaría coa liña Santiago-Ourense-Zamora. Miñones buscará, através da súa revista, o apoio de comerciantes de Carballo e Muros e dos concellos implicados, ao tempo que loita na Coruña polo apoio da prensa e das institucións. Celébranse tamén grandes asambleas de apoio en Muros e Corcubión.

Mais o ferrocarril do triple C, pése a estar aprobada a súa construción, nunca se chegaría a comezar e, por suposto, tampouco a súa prolongación. Tampouco os proxectos doutras liñas. E caro costou a construción do tramo A Coruña-Santiago.

Dá mágoa pensar no que podería ter sido Galiza cunha ampla rede de ferrocarrís axeitada á nosa realidade e ás nosas necesidades. O Estado español non quixo que a tivera.

os nomes dos lugares

C. VARELA

Cea

Ou como lle chama o Manuel María, Cea das Panadeiras, é unha vila, cabeza de concello, viciña do Carballiño e a poucos quilómetros do mosteiro de Oseira.

A súa sona por toda Galiza, venlle do baril pan que se fabrica nos seus antigos fornos de leña co trigo mouro do país; este pan tense querido imitar noutros lugares e non se deu conseguido. Será a caste de trigo? será o tipo de água? ou non será o aquel especial que lle saben dar as panadeiras?; o caso é que o pan de Cea é único. Temos outra parroquia co mesmo nome de Cea ao pé mesmo de Vilagarcía e aínda nas terras leonesas fronteiras con Galiza aparécenos un lugar e mais un río que locen o mesmo nome de Cea.

Tense cavilado se este nome non terá que ver cunha antiga acea, ese muiño de rodicio vertical que deu nome a varios lugares da nosa terra, e que noutros sitios chaman aceña (palabra árabe como moitas outras desta procedencia entaladas no noso romance).

Non obstante, fáisenos que o nome que nos ocupa hoxe debe proceder de tempos ain-



da máis recuados que o da chegada dos mouros á península.

A idea que barallamos é supor que o nome de Cea procede dunha palabra latina que tivo moita fertilidade na toponimia galega que é “conus”, referíndose ao peneños ou cons; disto xa falamos cando nos referimos a Cuspeditinos (Conus petrineus), Cospindo ou Cospeito.

Pois ben, un lugar abondoso en “conus” sería unha “coneda” e daí por pasos normais na evolución do latín ao galego ficaría nunha “coea” ou “coeo”, que resulta ser o nome de varias aldeas lugue-sas.

Do mesmo xeito que o “coelum” latino deu o “ceo” galego, non se podería ter pasado dunha coea a unha cea?.

non se explicarian de esguello todos os montes que no noso país levan o nome de Ceo? (como abondosos en peneños ou cons).

A posibilidade da evolución que aquí plantexamos precisa ser ben explicada polos filólogos, pois pode ter algúns problemas de temperalidade, mais o caso é que realmente a nosa Cea das Panadeiras está toda ela construída sobre un inmenso peneño, e para confirmalo aínda máis a Cea de Vilagarcía ten a súa igrexa parroquial baixo unha inxente coeda. A espera da luz verde dos expertos en filoloxía, deixamos como moi plausíbel hipótese a de que o nome de Cea teña moi pouco que ver co pan que lle dá a sona e moito coas laxas na que está asentada.

teatro

Das
palmas
e dos
pelmas

ou de cando
por follas novas
danche follas
mortas

Anunciada na porta do teatro por cinco cartaces en branco e negro, dun tamaño aproximado de 40 x 60, topeime en Ponferrada (León?) coa representación de follas novas a cargo do Centro Dramático Galego.



A mesquiñaría da publicidade non remataba na porta do teatro pois para consignar a ficha técnico-artística que aparece no termo deste escrito tivemos que lla pedir expresamente á directora, que nos proporcionou xenerosa un programa particular, xa que aos espectadores non se lles deu programa ningún; e sería conveniente. Conveniente, por exemplo, para avisar da curta duración da obra, apenas cincuenta minutos, que causa perplexidade no público, dvidoso entre se se trata realmente do fin ou dun intermedio.

O programa impreso ábrese cunha introdución de Dorotea Bárcena cun subtítulo de estremeadora premonición: **da poesía teatro e do teatro poesía.**

O teatro áchase unido á poesía desde o seu mesmo orixe de xogo catártico-relixioso. Un drama poético e distante pode ser o chinés de Li Hsing Tao **drama da historia do círculo de xiz gracias ao cal o conselleiro de estado pao averiguou a verdade coa súa sabedoría**, mais coñecido polo título simplificado de **o círculo de xiz** ou pola reconstrución de Brecht **o círculo de xiz caucáseo**. As mostras de teatro poesía abundan porque todo bon teatro é teatro poético.

Pola contra a poesía-teatro resulta mais complexa pois supón a harmonización do ritmo do texto literario, co ritmo da imaxe e da música sen que ningún deles torne nulo, deprecie ou modifique pexorativamente os outros. Un, nestes casos, bótase a tremer como vara verde, pois sabe por experiencia que inelutablemente se vai atopar con acompañamentos musicais de guitarra, violino ou composicións clásicas e cun-

has imaxes que decorren da alameda ou paseo de tilleiras ás fotos fixas de actores-modelos en pos turas estáticas de tendencia melindrosa, xa que nisto se concreta a decadente idea que os realizadores acostuman a ter do "poética". Desgraciadamente en **follas novas** cumprese o temido. Luces escasas, cores escuras, poses, transcendencias declamatorias e un espello. A directora srta. Bárcena, atribúelle a este espello no programa unha calidade cuase metafísica que non existe na

representación, onde xoga un papel simplemente narcisista. Por isto mesmo o espello reflicta moi ben o carácter desta montaxe, horrorosamente narcisista. Un narcisismo que vai das poses da dama a unha estética estéril. Un narcisismo que se contaxia ao mesmo programa, no cal se dedica unha páxina para presentar a obra e dezasete (dezasete!) para reproducir fotografías de actores e técnicos. (1)

A obra, dunha dirección irregular, unha interpretación desigual en calidade e intención e unha dición bastante fraca se temos en conta que falamos dun Centro Dramático Nacional, conta visualmente, no conxunto cenografía-luminotécnica-posta en escea, con momentos dunha fermosa plasticidade, por mais que recorde certas obras literarias galegas nas cuais o autor, pechado no seu cuarto e obsesionado coa creación dunha estética alambicada esquece algo moi importante non só sempre que se traballa para un público senón como veiculización da propia estética: o ritmo. **Follas novas** adoece dunha flagrante falta de ritmo.

ROSALIA

Teño defendido noutras ocasións a liberdade lexítima do adaptador para modificar a obra orixinal con aportacións persoais de diversa natureza. Neste aspecto **follas novas** débese estimar unha obra de Dorotea Bárcena, moi distante da homónima de Rosalía. E non se trata de demolir a imaxe triste e chorona da Rosalía da chuva para reivindicar nova visión. Non. Trátase sinxelamente de ler **follas novas**. Porque **follas novas** é un libro variopinto, colorista,

que recolle unha gama completa de sentimentos da frustración á felicidade, da acedume da inxusticia ao humor. Rosalía, que como a maioría dos románticos padeceu unha forte propensión á teatralidade, é, basicamente, unha poeta melodramática (no sentido mais digno da expresión), e non só en composicións como a de **Marianiña** —"n'ha peor meiga que unha gran pena"—, relato folletinesco susceptible incluso de ser dividido en partes con final chamativo en punta, senón noutros de estilo 'saudosos' nos que se advirte que as palabras triste, melancolía ou soledade se usan, mais que como expresión do propio estado de ánimo, como elementos creativos dun clima estético. Ademais Rosalía sabe, como os cegos copistas, que unha traxedia contada en octosílabos perde o carácter de pesada fatalidade que tería expresada, por exemplo, en dodecasílabos para tomar un ar de lixeireza que através do ritmo do verso distancia ao ouvinte. **Follas novas** é unha obra variada, colorista, sensible, popularmente accesible (excepto cando a explica Varela Jácome) e sobretodo á unha obra áxil e viva. Por isto eu me manifesto contra as follas mortas de Dorotea Bárcena con meias luces, cores escuras e solenes transcendencias (por non falar da clasista diferenciación de sentimentos entre o povo e a elegante dama do espello, diverxencia que deus e a srta. Bárcena saberán de onde saíron).

E xa de paso eu, que ao contrario que González Gómez xamais en caso de crise clamaria pola resurrección das mummies, aproveito para impetrar a aparición de novos artistas galegos que nos enchán os teatros de luz (non será por falta de electricidade!), de cor e de irreverencia a ver se dunha vez acabamos cos achaques choróns e tenebristas da decadente e duradeira xeración da lágrima.

J. A. M.

FOLLAS NOVAS. Aut.: Rosalía de Castro. Versión e dirección: Dorotea Bárcena. Cen. e vest.: Paco Conesa. Deseño e ilustración: Xulio Lago. Atrez.: Pablo Seoane. Vest.: Concha Abad, Manuel Blanco, Int.: Quico Cadaval, Pilar Pagant, Xan Lois Goberna, Carmen Rábade, Laura Ponte. Prod.: Centro Dramático Galego.

VISION ACADEMICO-BURGUESA DUNHA AUTORA POPULAR. MELLOR PARA OS OLLOS QUE PARA O CORAZON.

(1) Escribía creo que José María Valverde que na divinización da cultura da imaxe dos nosos días ás veces menosprezase até tal punto ao autor literario que algunhas obras de teatro mentres o nome deste nen se cita nos cartaces o nome do montador aparece en grandes caracteres. A este respecto cabe lembrar a recente retirada de Juan Diego e María Asquerino dos ensaios da obra **bodas de sangue** porque o seu director, José Luis Gómez, pretende que no cartaz se indique só o título da obra sen consignar os actores.

libros

Assim
no tempo
derrubado
Albino Magaia

Edições 70, Lisboa/1982

Vinte e cinco poemas, con títulos curtos (mais de metade, só unha palabra), ordenados cronologicamente, de que se

destacan dois períodos-tipo de poesía: 1964-71 e 1972-76. Ao primeiro, tematicamente, corresponde unha revolta abstracta, por vezes cega e muda (apenas pressentida); ao segundo, a exortación á revolta, na vía da revolución (consciencialización, opción, sonho de mundos improváveis, etc.). Alguns títulos, a comezar polo genérico, indican, campos semánticos históricos e político ideológicos: "Divisionismo", "Descolonização", "Um pacto de nao agressão". O título do livro significa que (era) "assim no tempo derrubado" (do colonialismo), cujo cortejo de atrozes consequências constitui a série de temas salientes: degradação pela prostituição; tristeza; desilusão; amor frustrado; patriotismo; internacionalismo proletário; a morte e a morte forçada; solidão frustrante; esmagamento de personalidade; colonialismo como morte real e simbólica do colonizado. Aliás, os grandes temas da dor e da morte indiciam o triunfo de Thanatos, dos "senhores da vida e da morte" (p. 33), no tempo colonial (cerca dos vinte primeiros poemas), simbolizados pelos abutres e milhafres (enquanto que os caes figuram o divisionismo), farejando "multidoes de cadáveres sem campa" (22). Do colectivo ao individual, os actores sao dramáticos e despojados, formando uma "geração sem norte/mártir de uma sociedade injusta" (30), em que o sujeito, de "corpo puro" (13), revigorado por uma "fé pura" (21), se reconhece como um "deserto" mágico (desencanto magoado, ansiando pelo "orgasmo delirante" (31) do amor e da vida, da qual se cantam as conquistas, os amigos, os patriotas. Mas o tom é fundamentalmente elegíaco, de um prosaísmo narrativizado, por vezes excessivo, pomenorizante, retórico, pleonástico: "pela eternidade fora" (13); "todos esperam comer/todos esperam matar fome" (15); "pelo ar voam" (17); "voavam pelos ares" (18). O discurso respeita a gramática do português fundamental, resvalando até para um perfeccionismo sintáctico tradicional, hirtó (que engloba sinais diacríticos) embora com suas incongruências (p. ex., falta de pontuação: "minha terra é de dor tristeza e amor" (14). A narrativa será a característica discursiva mais evidente, mas, quando submetida a um prosaísmo inestético, deslocado, tornase desequilibrada, quebrando a unidade textual: "possam livremente entrecortar taças cheias de vinho/verter álcool para os estômagos" (22); ou o poema "Guerra", no qual, levando demasiado longe a distinção história/discurso, se incorre no epico de pacotilha: "Faz frio./Os homens dormem um sono inquieto/procurando descansar do batuque bélico./O feiticeiro medita/e lançando sortilégios/com voz forte pergunta: "(17); "(Era a vontade dos deuses/que despertados voavam pelos ares/revendo a terra satisfeitos)" (18).

Trata-se ao que julgamos, de um dos primeiros poemas dessa época ("Inundação"), elidendo-se bastantes artigos, de modo algo forçado, em comparação com os restantes: reescrita, aproveitamento irrefletido ou imitação de oralidade? A qualidade oscila ainda na utilização de estereótipos como "verde esperança" (13). Uma característica estilístico-propositiva é a animização da natureza, talvez como sintoma de desejo de afecto e solidariedade onde predomina a angústia e o solilóquio: "terra triste" (13); "fazer sorrir o campo" (15); "chuva irônica" (50). O poema "Quando eu morrer" (1964), com título igual ao do angolano Ernesto Lara Filho, também recusa a dor piegas e apela à dança da alegria

e da esperança. O poema "Descolonização" é um libelo contra a decadência da Europa, estigmatizada como Velha, com seus sábios em férias, de barbas, livros herméticos e dicionários. A erudição colonial opoe-se a independência alfabetizante, que em "páginas virgens" traça o "monumental registro" num "grande capítulo", para dar a conhecer em "cartilhas/leves e portáteis". A alfabetização conjuga-se com as armas, as alfaias e os fornos, representando o período pós-independência, do pragmatismo reconstrutivo. O colonialismo está ainda representado, no poema "Eduardo Mondlane", a nível da contradição entre o apregoar a cristandade, ciência, técnica, bíblia, santos apóstolos, messias, cifrao, e o assassinar o líder da "libertação de um povo" (47). Certos poemas conseguem uma elaboração simples, ritmada, coloquial, parabólica, como "Na praia da Catembe" e, outros, como "Meu irmão", para além dessas características, inscrevem-se na pujante solidariedade (transtextual) do pan-afro-americanismo.

Pota moçambicano, director da revista TEMPO, publicado, em livro, recentemente no seu país e estreado em Portugal, exorta, na "Nota introdutória", a publicação de obras "da gaveta", repetindo o velho chavão (também português) de que o fascismo salazarento motivava obras à data impublicáveis. Só que, tal como em Portugal, só nao se publicar(rá) o que nao se quer ou nao se merece, o que, ao invés, não significa que toda a publicação seja merecida, como esta poesia objurgatória e magoada o é, ainda que, por vezes, feita de capelas imperfeitas.

PIRES LARANJEIRA

televisión


Entre a
brétema

Véxoo todo emborraxado. Non debo e, non obstante, móvese, quer dizer, a estereofónica Televisión Galega parece unha fotografía movida. É que o "Excmo." da vila onde vivo e escribo non acondicionou o "repetidor" do Canello para ollarmos con nitidez as falcatruas de Xota Erre, e o rancho Southfork vémo-lo, entón, literalmente difuminado. Outro tanto acontece en média Galiza, sospeito.

Escrebo, xa que logo, polo que din, polo que ouzo, polo que leo, e non polo que vexo. É do que me inteiro por estes canles é de que, mentres tomo estas notas, TVG emite o serial brasileiro A escrava Isaura dobrado ao galego... Exactamente: drama colonial brasileiro dobrado ao galego. Achégome ao televisor; intento de novo sintonizar (sintonizar?) a Televisión-Galega-comeza-xa; si, podo ouvir os diálogos, aínda que acabo de perder definitivamente a bretemosa imaxe: Horreur! Reclamo desde xa a interposición por parte de AGAL —co profesor Carvalho á frente— dunha firme e enérxica protesta diplomática ante San Marcos e a esixencia de responsabilidades a Luís Losada por esta intolerábel inxerencia española nos asuntos externos dos irmáns de alén Atlántico. Lenha ao primate até que aprenda... galego-luso-brasileiro!

Vexo dobre. Porque seique Boa Noite, o programa estelar do cafeiteiro Pepe Domingo

Castiño (o home que renunciou ao "pantalón vaquero y las camisas de cuadros" e con eles á canción profesional, xesto sempre de agradecer e do que o seu reconvertido actual, José Luis Perales, está tardando en tomar exemplo), ese programa, disque, digo, non é máis que a duplicación extrapolada dun vello e caduco esquema de espácio televisivo pretendidamente ocioso que, nunha primeira lembranza, ten o seu máis lonxano precedente no Estudio Aberto da 2ª Cadea e no Directísi-



mo, os dous de José María Inigo e o máis recente e remozado Estudio Aberto do mesmo presentador, recén retirado da programación da Televisión Española en base a unha suposta nova filosofía do Ente que, polo que se ve, non están dispostos a asumir os Entíns autonómicos. Isto que badocamente chaman magazine ten as súas versións chic e enxebre nos espacios Entre nós e Ruada, respectivamente. Seguirannos a servir exclusivamente de excelentes cantigas de berce. Nada novo baixo o sol.

Fraga ponmo fácil cando di que "en esa televisión tengo algo que ver". A TVG, recén nascida, vive xa a súa decadencia e o crítico xa ten a quen botarlle a culpa.

Non, no meu povo non se ve ben a TVG, pero tanto ten: para o que hai que ver...

A teoría da "teima desnormalizante" ergueuna un servidor nunha carta publicada en ANT hai máis dun ano. Lembren: no Panorama ese de Galicia hai quen se empeña en respostar en español ao que o entrevistador plantexa en galego. Desta volta o esquema informativo (?) non foi a vulgar entrevista e a inconsciencia españolista respondona apareceu de novo misturada coa outra teima saturadora que asulaga á sucursal de Calviño en Compostela: os deportes, os deportes, os deportes.

P. de G. do 13 de Setembro. Perante un único encadre fixo, de cuxa base sobresaí, en primeiro plano, un micrófono sostido por unha man oculta, vanse sucedendo unha ristra de individuos relacionados cun clube de hóquei a patíns. Falan un español horrible: "Soy el presidente y este año vamos cumplir nuestros objetivos...", "Soy el entrenador porque entreno a los chicos hace dos años...", "Soy licenciado en Educación Física, licenciado, y soy el preparador físico del club...". E os xogadores, aí!, os xogadores: "Me llamo Fulano de Tal, tengo 18 años y hace 21 que pertenezco al equipo...", "Me llamo Mengano de Cual, y soy de la montaña...", "Até que, de repente, perto xa do remate da reportaxe, a luz: "Chámome Nomelembro e teño dezanove anos, coído..." Auténtico.

O feito, o detalle, poderáselles antollar intrascentente, e a dedicatória desta meia columna a comentalo pola miña

pareceralles, ao mellor, un irresponsábel despilfarro. Eu, non obstante, non renuncio á reflexión: mentres haxa un só elemento capaz de manter semellante atitude de valentía nacional ante as cámaras, ese tío merece o noso alento informativo. E ademais, a min encheume de ledicia e mesmamente de orgullo o galego orgulloso e fermoso do compatriota, a quen desde esta tribuna pido desculpas por non lembrar e, logo, non facer constar o seu nome para erguer a acta histórica do seu berro televisivo no deserto lingüístico da Galiza de 1985. Qué tempos estes nos que hai que loitar polo que é evidente.

HERNAN NAVAL

arte

Gruporzán: a ver se o mar embate

Ven de ser inaugurada na Coruña, o pasado día 21, vernés, unha nova galería de arte, chamada "Gruporzán" (1), impulsada por un grupo de pintores que, ante o marasmo dos feitos e o descafeinamento e torpeza das institucións e galeristas do ramo, decidiu asociar-se para afrontar xuntos a difícil navegación nas águas da sobrevivencia da arte actual. Os membros son cinco, e todos estiveron presentes dun xeito ou doutro na renovación das Artes Plásticas do Noroeste en diversas tentativas de maior ou menor éxito: "A Carón", "A Galga", "Atlántica"... Son Chelín, Xavier Correa, Pepe Galán, Pedro Muño e Xoti de Luis. Como dizea un convidado o día da inauguración: dous abstractos. Ou o que é o mesmo: dous laterais esquerdos e tres dereitos. Ou talvez só xente que está farta da inanición cultural na que entrara a Coruña nos últimos tempos no terreo das Artes Plásticas, desde que Mon morreu, o Axuntamento reconvirteu o que ia ser Centro de Arte C Contemporánea e López Calvo controlou Finisterre comisariado exposicións asesoamento cultural municipal.

O día do estreno pasouse lista. Estavan todos. Todas as caras que se ven, como nunha crónica de sociedade, en calquer acto cultural. As que se viran na inauguración da importante mostra de homenaxe a Mon Vasco, uns realmente interesados na movida, outros dilentantes do delicioso mundo cultural, algun despistado, varios penenes, e uns cantos viandantes que pasavan e achegaron-se atraídos polo arrecendo daqueles xa inesquecíveis empanadas, aquel sensual queixo, as tortillas ca-seiras e o tinto e branco a rodar, que o demo manda.

A primeira mostra está constituída por obra dos membros accionistas da galería. Interesante para nos amosstrar cinco rexistos diferentes de bon fazer plástico no noso momento conxuntural, que merecían máis unha crítica puntual que unha crónica sobre a marcha. A esta mostra seguirán individuais de Antón Patiño, Manolo Moldes e Anxel Huete, tres bos fichaxes da renovación plástica dos oitenta na Galiza. A galería, ademais, está editando obra gráfica, a un prezo módico para penenes, pró-gres, arquitectos con barba, fotógrafos amigos e punkies acomodados, que se pode mercar na propia galería. A tirada comezou con Facal, escapado por Londres nos últi-

mos tempos, e seguirá con outras firmas interesantes do grémio: Alberte Permui, Menchu Lamas e os anteriormente mentados.

Unha iniciativa interesante, que pode axudar, con "Arracada" e outras iniciativas de case-resistencia plástica, a manter aceso o facho da creación e a dinamización plástica na cidade da Coruña, alarmada estes días cos aparcentamentos delirantes e extenuada de padecer torpeza cultural institucional por todas partes. Vaia para a sala e os seus mentores unha aperta desde esta crónica feita a fume de carozo ou olivetti palpitante por mor do que xa se sabe. E a ver se o mar embate.

XAVIER SEOANE

radio

Onda obreira

"Poder participar no mercado da información através da rádio supón un gran cambio para os sindicatos, despois do intenso traballo de axitación e propaganda doutras épocas", asegurou António Gutiérrez Díaz, responsábel de Prensa e Información da Executiva Confederal de CCOO, durante a inauguración, o pasado día 5, de "Onda Obreira", emisora patrocinada pola Unión Comarcal deste sindicato en Ferrol.

António Gutiérrez, quen estaba acompañado de Xesus Redondo Abuín, membro do sindicato nacional galego da central, indicou tamén que "Onda Obreira" transcenderá o mundo sócio-laboral para porse ao servizo e incidir directamente nos problemas que ten plantexados a comarca ferrolana.

Ainda que non recoñecida legalmente, cunha problemática semellante á dos rádios libres ou das emisoras municipais, como é o caso de Rádio Fene que funciona na mesma comarca, "Onda Obreira" viña emitindo desde o pasado mes de Maio, en período de probas, durante tres horas diarias de luns a sábado, se ben nos últimos tempos tiña xa aumentado a catro horas e média.

Na súa programación veuse-lle dando unha gran importancia aos informativos, especialmente ás noticias de tipo laboral, aínda que sen restrinxirse a este campo.

Muller, deportes e literatura ocuparon e ocuparán tamén desde agora os espazos de "Onda Obreira". Non obstante o que máis audiencia alcanzou foi, ao parecer, un programa dedicado á música "Heavy Metal", especialmente entre a mocidade.

publicacións

Información internacional: como seleccionar

Existe, en todo o mundo, unha ampla oferta de fontes de documentación e publicacións especializadas en análise das relacións internacionais. Non obstante, non todo o papel e a tinta que se consumen en informar do acontecer diario e examinar a política mundial ofrecen a mesma fiabilidade nen a obxectividade imprescindibles para abordar con rigor este complexo entramado.

Como á sabido (publicouno Armand Mattelart hai ben anos), o 70 por cento do fluxo informativo mundial é controlado


por catro axencias de prensa nordemericanas e euroocidentais (Associated Press, United Press International, Reuter e France Press). Non é este o lugar de falar de comunicación, senón de recordarnos que todo o que lemos, vemos e ouvimos sobre o que pasa no exterior está redactado, mais da metade das veces, por un estadounidense e o resto por un inglés ou un francés.

Entre as panorámicas da actualidade internacional, editanse normalmente con periodicidade mensual, publicacións de recoñecida solvencia, das que destacan as dúas edicións de Le Monde Diplomatique (París e México). Cun enfoque decididamente "terceiromundista", democrático e só lixeiramente antisoviético, pódese dicir que é a única publicación occidental de grande tirada (cento trinta mil exemplares de média) que sostén posicións políticas non entreguistas aos intereses das transnacionais e do imperialismo. A edición en español publica unha separata sobre Latinoamérica. Encóntrase, con seguridade, nalguns puntos de venda de prensa das sete capitais galegas.



Prisma Latinoamericano, da axencia de prensa cubana Prensa Latina, fornece, naturalmente, puntos de vista máis radicais. Sobre América Latina é o máis completo e interesante que se atopa nos quiosques. Está á venda en toda Galiza.

A máis importante das publicacións que editan os países do Terceiro Mundo sobre a súa problemática é Cadernos do Terceiro Mundo, con tres edicións en portugués, dúas en español e unha en inglés. Utiliza os servizos do chamado pool de axencias dos Países Non Alineados, e outras africanas, árabes e latinoamericanas. Subscripcións na CDL, Santos Dumont 57, 1000 Lisboa.



Para documentación, están a Guía do Terceiro Mundo (dos Cadernos...), os Bilan Económico e Social (de Le Monde) e Omnimundo (da axencia EFE; ollo, o seu presidente está próximo a Trilateral) como asequíbeis e completas fontes.

Para temas de desarme, economía, subdesenvolvemento, cultura, existen publicacións de circulación comercial (Correo da Unesco, Dossiers e Documents de Le Monde, múltiples revistas semanais) ou restrinxida (boletíns de axencias, servizos informativos de embaixadas, portavozes de organizacións políticas). Só hai que buscar ben e ir sempre coa nosca atrás da orella.

F. C.

Galiza: de Rosalia a Castelao

Neste verao, que acaba de morrer no calendario, tivo lugar em Compostela, e no edificio de Sam Domingos de Bonaval, patrocinada pola Junta de Galiza e organizada polo Museo do Povo Galego, a mostra "De Rosalia a Castelao: Galiza 1837-1950".

O 17-7, quando aínda estaban a lle dar os últimos toques, visitei a exposición: pareceu-me do mellor que vira na materia e fíxo-me desexar, dada a súa utilidade certa, que o evento se extendese a toda a geografía nacional, como, tenho entendido, está a acontecer nestes días. Mas de aquela nom estava á vista o obxecto deste breve comentario de hoje: o catálogo da mostra.

Conseguido agora o catálogo, nom tenho mais remedio que valorá-lo positivamente, e fago-o com prazer, e sem surpresa, pois que tudo aquilo no que o Museo do Povo Galego intervém, já conleva garantía de ben fazer.

Para comezar, cumpre deixar claro que nom estamos propriamente diante de un catálogo, mais bem trata-se de um album com profusom de material gráfico (a cuja reproduçom —nom tudo o clara desejeável— haveria que lle pôr a única chata da obra), que joga um papel além do puramente auxiliar ou do apofo, próprio de um catálogo, para ter entidade de seu, estando chamado a perdurar com independência da exposiçom que lhe valeu de pretexto.

Som 110 páginas (das que as 63 últimas correspondem a Castelao), nas que alternam ilustraçoms (algunhas verdadeira novidade iconográfica) com os textos, em harmónica miscelânea do acontecer do país com as peripecias vitais dos dous personagens. Tudo isso servendo de referência a outros textos (6 em total) de 7 ensaístas, que analisa, a Rosalia (Barreiro Fernández, Dobarro e Fandiño) e a Castelao (Villares Paz, Luís Seoane (-), Tarrío e G. Beramendi).


Bota-se de ver a auséncia de textos do mesmo Castelao, de fronte a vários escolheitos de Rosalia: por suposto que nom estamos diante de unha mostra antológica em quanto ao literário, e si abocados a unha viajata cronológica por Rosalia, Castelao e o seu tempo.

Completa-se a publicaçom com a inclusom de alguns fac-símiles, tais: um poema de Rosalia, unha postal de Castelao e dous documentos fundamentais, como o Manifesto Nacionalista de Lugo (1918) e a Declaraçom de Princípios do Partido Galeguista (1931), tudo, intelgentemente dosificado, a dar a pauta de um tempo augural da nossa história contemporânea. Tempo que foi compartilhado sucessivamente por ambos —como se os espírito de unha, em partindo, deixasse lugar ao do outro que chegava, num a jeito de "Rosalia morreu: viva Castelao!", tempo decisivo para esta pátria, com toda a sua complexa evoluçom de circunstâncias e reacçoms, tendo como fundo os mesmos, seculares, problemas.

Acertada publicaçom —tanto como a da ideia que lhe deu razom de ser—, que devera circular por toda a parte, nomeadamente nas instituiçoms de ensino, e nesta conjuntura centenária, magnífica ocasiom de analisar as duas figuras máximas da Galiza.

Mui necessários nos som os mitos, mas é igualmente urgente conhecê-los em toda a sua dimensom, para sabermos que o som com toda justiça.

X.M.M.D.




HOXE NON VAI UN BO DIA...



E TODA ESA XENTE... SEMPRE MOVEN-DOSE A TODA PRESA... ¡CLARO! A XENTE TEN ASUNTOS QUE RESOLVER... CUESTIONS QUE ARRANXAR...



A XENTE SEMPRE TEN ALGO QUE FACER.



MAIS EU PERGUNTOME SE A PRESA SERA IMPRESCINDIBEL.



AS VIDAS TRANSCORREN NAS RVAS CON PASOS LIXEIROS, TODOS OLLAN O SEU RELOXIO E DIN: "¡QUE TARDE E!"



NON, HOXE NON SE PODE DICER QUE VAIA UN DIA ESPLENDIDO...



CHUVIAS OCASIONAIS POLD NOROESTE DA PENINSULA.- DIXO ONTE A TV.



EU TAMEN TEÑO ALGO URXENTE QUE FACER...



SE NON, QUEN SE IA OCUPAR DO MUNDO DOS SOÑOS?...

verbas cruzadas


XOE M. ALDEA

HORIZONTAIS

1.—Reforzo sainte para soste un muro. 2.—Caixa pequena de madeira para gardar cousas de valor. Os encargados da vixilancia. 3.—Consonante repetida. Nalgunhas zonas de Lugo chámasele así ao niño. Usase para parar os cabalos. 4.—Catedral. Pronome demostrativo. Onomatopeia do relóxo. 5.—Verxel do deserto. Seguranza Social Agraria. Vogal. 6.—Igualdade dunha superficie. A saia dun traxe. 7.—Símbolo químico do Flúor. Cada unha das bolifas dun collar. Vello, de moitos anos. 8.—Euskadi Ta Askatasuna. Líquido que segrega as feridas. Ao revés, satélite da terra. 9.—O níquel. Galo castrado e cebado. Matrícula das embarcacións do Brasil. 10.—Embarcación dun deporte popular. Rio que nascendo en Forcarei, desemboca na ría de Arousa. 11.—Ao revés, gancho ou gárfio de ferro amarrar navios ao peirao. Habitual, ordinario, que se emprega a miúdo.

VERTICAIS

1.—Fatigado por un esforzo. Planta verde que nasce nos terrenos húmidos. 2.—Fanno os burros. Puxe cara si mesmo. 3.—Non contesta. Conxunto de ósos, esqueleto. O Fraga e o seu império. 4.—Advérbio, tanto. Pronome demostrativo. Caixa de instrución de Reclutas. 5.—Rádío da circunferencia. Intersección equivalente a "Aquí está".




Recolle do chan. 6.—Advérbio, excepto, a non ser que. Ergue, eleva. 7.—En plural, canción popular portuguesa. Cocifno, preparo ao lume. Símbolo da unión de conxuntos. 8.—Intersección. Apócope de santo. Espidos, sen roupa. 9.—Real Decreto, abreviadamente. Peza de madeira rectangular, plana e de pouco grosor. Voz da vaca. 10.—Este ano subíronlla outra vez aos universitarios. Emite son cos beizos. 11.—Ao revés, persiga sen descanso. Abertura para abotonar un botón.

SOLUCION AO VERBAS CRUZADAS DO Nº 277

Horizontais: 1.—Escornabois. 2.—Sail. Acougo. 3.—Cn. Aldea. Lu. 4.—Ota. Don. Fut. 5.—Lorca. Oca. O. 6.—Sei. Oda. 7.—T. Lar. Traba. 8.—Eta. Oeu. Sul. 9.—Br. Dúcia. Tl. 10.—Reseco. Mire. 11.—Anipo. Mareo.

xadrez



CAMPEONATO MUNDIAL DE XADREZ — MOSCOVO 1985 — 1ª Partida

Branças: G. Kasparov
Negras: A. Karpov
1.d4-Cf6. 2.c4-e6. 3.Cc3. Primeira grande sorpresa, no encontro anterior Kasparov jogou sistematicamente 3.Cf3 nesta posición. 3...-Bb4. Defensa Ninzindia. Jogada por todos os grandes da actualidade sempre que eles poder. Eis a razón do talismán 3.Cf3 ao que Kasparov renuncia nesta posición. 4.Cf3 Segunda sorpresa en somente catro jogadas. Kasparov tivo grande éxito coa jogada 4.e3 e logo de 4...c5 ou 4...0-0-5. Ce2. Mas agora tenta unha nova coa que evitar preparacións do campión. 4...c5 Os vinte minutos que pensou Karpov reflexan a sorpresa causada pola cuarta jogada do aspirante. 5.g3-Ce4. 6.Dd3-Da5 Discutível. Semella mellor 6...B:c3(x) 7.b:c3-Da5 8.Bd2-f5, como na partida Polugaevski-Korchnoi do torneo de Linares de este ano. 7.D:e4-B:c3(x). 8.Bd2-B:d2. 9.C:d2-Db6 Unha novidade. Disque. Mais normal parece rocar ou jogar Cc6 10.d:c5-D:b2 Logo da mais simplificada: 10...D:c5 11.Bg2-Dc6 12.0-0 D:e4 13.C:e4-R7 14.Tfd1 a vantaxe branca é indiscutível. 11.Tb1-Dc3 Má 11...D:a2 12.Dd4-0-0 13.Dc3-Dab 14.Bg2 e a dona periga. Ameaza-se 15.Ta1. Logo de 11...Da3 12.Dd4-0-0 13.Bg2-Cc6 14.Dd6-b6 15.0-0-D:c5 16.D:c5-b:c5 17.Ce4 vantaxe branca na final. 12.Dd3-D:d3 Deixa a casa e4 para o cavalo. Karpov troca para non perder mais tempos coa dona. 13.e:d3-Ca6 14.d4-Tb8 Si 14...f5 15.Bg2-Tb8 16.Re2 con vantaxe pola presión das torres brancas na columna "b". 14...e5 15.Tb1-Tb8 16.0-0 e:d4 17.Tb5 e sempre brancas fican mellor. 15.Bg2-Re7 16.Re2-

Td8 17.Ce4 A superioridade branca é total. Agora o cavalo instala-se en "d6" e a comprensión negra ja non pode ser mais. 17...b6 18.Cd6-Cc7 Non 18...b:c5 19.C:c8(x)-e-20.Bb7 gañando a calidade bispo por torre ao atacar asemade torre a cavalo. 19.Tb4-Ce8 20.C:e8-R:e8 21.Tb1 Gaña peón e dá vantaxe decisiva ás brancas. 21...-Ba6 22.Re3-d5 23.c:d6—Outravolta ben jogado. Logo de 23.c:d5-e:d5 24.c:b6-T:b6 25.T:b6 a:b6 26.T:b6-Bc4 27.a4-Ta8 28.Td6-Ta5 e 29...Re7 negras defenden-se e empatan. 23...-Tbc8 24.Rd3-Td6 25.Ta4-b5 26.c:b5-Tb8 27.Tab4-Bb7 Acabou-se. Ceder peón nestes niveis é recoñecer a derrota. Porén o campión resiste heroicamente case vinte jogadas. 28.B:b7-T:b7 29.a4-Re7 30.h4-h6 31.f3-Td5 32.Tc1-Tbd7 33.a5-g5 34.h:g5-T:g5 35.g4-h5 36.b5-a:b6 37.a:b6-Tb7 38.Tc5-f5 39.g:h5-T:h5 40.Rc4!Th8 41.Rb5-Ta8 Adiada e rendida polo campión no adiamento. Nefeuo, logo de 42.Tbc4 e a penetración Tc7 o peón coroa en poucas. 1:0

X. LARROSA VILA

xeroglífico N.V.

AN, E, IN, ON, UN

100,100,100

28 anos

—Usa gafas a tua nai?

publicacións



O CAMIÑO E UNHA NOSTALXIA Manuel María

Un novo libro de poemas do autor lugués, editado pola Galería Arracada de A Coruña, e que supón unha innovación curiosa a respecto doutros libros de versos editados no país. O libro está cheo de fotografías que se emparellan cos poemas.

O libro ven precedido dun prólogo de Pilar Vázquez Cuesta que afirma "este libro de versos de Manuel María é tamén froito da emigración, apesar de que a sorte ceibase ao poeta desa amarga experiencia como o ceibou do seminário. Porque a maioría das viaxes cuais impresións se recollen nele foron feitas para levar un arrecendo da pátria a quen estaba afastado e sofria de señaída". O libro está á venda xa en todas as librerías.

A PENEIRA DEPORTIVA

PRIMEIRA REGIONAL: O XUVENIL SEGUE PRIMEIRO CON TODOS PARTIDOS GANADOS

SEGUNDA REGIONAL: Fiqued mellor no próximo ano e Centrais.

CALENDRO: ● Nueva formación a de Eira de Bala, ZOR e Dondeán ● Circuito de Taboara, agora o nome.

Próximo oportuno: Cafetería HIROSIMA ● Próximo oportuno: Manolo ● Próximo oportuno: Manolo

Alas - Radio O PORRIÑO Telf: 33 34 04 PORRIÑO

A PENEIRA DEPORTIVA

Recentemente saiu á venda un semanario deportivo, extensión daquela outra revista mensual que segue a sua andaina, "A Peneira", titulada "A Peneira Deportiva". A publicación, que só vai polo número 5, atinxe especialmente o ámbito deportivo local, e ten a particularidade de ser maioritariamente en galego. Existe outra publicación, "Tribuna Deportiva", que tamén sai semanalmente pero que é só en castellano. A revista distribúese só en Pontevedra.

"OS HABITANTES DO LAGO"

Revista nada na Coruña con vocación e praxe GALEGA, está a entrar, despois dos seus catro primeiros números dunha baixa "calidade" material que non escrita, nunha nova etapa. O proxecto (cuase realidade) lonxe de ser inviável é ambicioso, mas contando co grande apoio de muita da xente comprometida coa cultura viva da Galiza-hoxe-emañá (colaboradores que cuase ao longo dun ano fixeron-a posible). Afirman "seguiremos adiante nesta dura travesía, pondo o noso grao d areia cara a propia identidade como Nazón". Así, coa maior brevedade posible, levarán-se a cabo unha serie de actos, entre os que está prevista unha presentación na librería Couceiro da Coruña (en data que será comunicada no seu tempo) do quinto, e primeiro, dos números que saíran a impreña, "para maior presenza dos habitantes neste grande Lago que nos cobixa" e para o cal esperan recibir colaboracións.

actos

VIII Concurso Nacional de poesía "O Facho"

A Agrupación Cultural O FACHO convoca a octava edición do Concurso Nacional de Poesía O FACHO, que terá lugar segunda as seguintes:

BASES

- 1.ª) Poderán concursar todos aqueles autores que sen limitación de idade, non teñan publicado libro poético individual en galego.
- 2.ª) Os traballos serán de tema libre, inéditos e en galego e non terán limitación de extensión, cun máximo de dous poemas por concursante, e mecanografiados a dobre espazo.
- 3.ª) Os orixinais deberán ser remitidos, por triplicado, con lema e baixo plica, á Agrupación Cultural O FACHO, Rua Federico Tapia, 12, 1º, A Coruña, sendo admitidos a concurso os traballos recibidos antes do día 15 de Novembro de 1985.
- 4.ª) Haberá un único premio de 25.000 pesetas, máis as mencións honoríficas que o xurado estimar oportuno.
- 5.ª) O fallo será dado polos medios de comunicación o día 9 de Decembro de 1985.
- 6.ª) A Agrupación Cultural O FACHO reserva-se o dereito de designar o xurado que ha fallar o premio, así como o sistema de elección do poema gañador.
- 7.ª) O FACHO compromete-se a publicar, en canto se xunte cun certo número de poemas con premio e mención, un volumen que abranxe os traballos de varios concursos.
- 8.ª) A participación neste concurso presupón a aceptación expresa das bases.

PREMIO "XERAIS" DE NOVELA II

O Premio de novela convocado por Edicións Xerais de Galicia e que este ano está dotado coa cantidade de 1.000.000 de pesetas, fallarase no transcurso dunha cea que terá lugar no Hotel Bahía de Vigo o sábado día 9 de Novembro.

A editorial fixo pública a composición do Xurado que se encargará de seleccionar a novela gañadora entre as 15 presentadas a esta 2.ª edición, e que está formada polas seguintes persoas: —Victor Fernández Freixanes. Escritor e catedrático. —Dario Villanueva. Profesor da Universidade de Santiago. —Anxo Tarrío Varela. Crítico e profesor da Universidade de Santiago. —Xosé Luis Franco Grande. Escritor. —Henrique Monteagudo. Profesor da Universidade de Santiago. Actuará como secretario con voz e sen voto D. Luis Mariño, director xeral de Edicións Xerais de Galicia.

PROGRAMAS DE INVESTIGACION E INOVACION EDUCATIVA

A Consellería de Educación e Cultura convoca os Programas de Desenvolvemento para a Investigación e Innovación Educativa para Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas Artísticas, para as modalidades de Educación Especial Permanente de Adultos. Poderán participar nos Programas grupos de profesores que pertencen a un centro ou centros distintos e, mesmo a niveis diferentes, presentando na Delegación Provincial correspondente, antes do un de Novembro de 1985, a sua solicitude acompañada de proxecto que desexan realizar cos datos de certificación, o deseño e os recursos necesarios, tanto materiais como personais.

Os proxectos de investigación poderán versar sobre curriculum, organización escolar, utilización de novas tecnoloxías e cantos outros aspectos se consideren de interés polos equipos de profesores para mellorar a calidade de educación.

Para valorar os distintos proxectos presentados constituiranse en cada provincia unha Comisión Provincial integrada polo Delegado Provincial de Educación como Presidente, o Inspector Xefe de Educación Básica, un Inspector de Bacharelato, o Coordinador Provincial de Formación Profesional, un representante do I.C.E., dous representantes do profesorado, un por nivel, nomeados polo Delegado Provincial.

Os proxectos, despois de ser valorados pola Comisión Provincial, remitiranse á Consellería de Educación e Cultura, separados por niveis, e clasificados por orde de prioridade, antes do 15 de Novembro de 1985; porque a sua valoración definitiva correrá a cargo dunha Comisión integrada polo Conselleiro de Educación Básica, o Director Xeral de Ensinanzas Médias e o Director do I.C.E.

As axudas serán definitivamente concedidas antes do 15 de Decembro deste ano e estarán en función do custo e importancia do proxecto presentado, sen sobrepasar, en nengun caso, as 500.000 pesetas.

A financiación dos proxectos aprobados farase entregando o 40% da subvención ao aprobar o proxecto; o 60% restante, unha vez finalizado o mesmo e apresentada a Memoria, que se fará por cuadruplicado.

O seguimento dos proxectos aprobados realizarao unha comisión da que formarán parte un representante da Inspección, un representante do I.C.E., o Director do Centro no que se leva a cabo a investigación e un profesor do equipo que interveñen no proxecto, podendo a Consellería de Educación e Cultura designar ademais un representante especializado no tema obxecto da investigación.

exposicións

EXPOSICION JOAN FONTCUBERTA

Organizada polo centro de Estudos Fotográficos está aberta, na Sá Os Peiraos de Vigo, unha exposición do fotógrafo catalán Joao Fontcuberta.

O día 18 ás 8 da tarde, na Casa da Cultura, Fontcuberta dará unha conferencia baixo o título "Corrientes na fotografía actual".

A exposición está aberta até o 31 de outubro.



joan fontcuberta

10-31 de outubro



A NOSA TERRA

alguén,
no falado



Viva Prisciliano

MANUEL RIVAS

Case ninguén deu unha fala este ano de Prisciliano, no decimosexto centenario de que fora decapitado en Tréveris, no 385. O silencio sobre Prisciliano paréceme todo un símbolo de que a súa heterodoxia —digamos o seu espírito ou alento de trasmundo— non resulta cómoda para os ventos que corren na Igrexa católica. Aínda que sexa un fantasma que veña de tan lonxe, dezaseis séculos xa.

Figuras conservadoras, moi dada a centenarios e celebracións deste tipo, hai anos dedicaron estudos enteños a este mártir galego, decapitado coa complicidade da curia co poder político, pareceron sufrir nesta ocasión unha providencial amnesia.

Na reivindicación de Prisciliano desde o mundo laico, como a que fixeron os da xeración Nós, hai unha componente romántica e sobretudo unha intención de reforzar a singularidade da formación histórica de Galicia, que se tería manifestado tamén no eido espiritual e relixioso. Prisciliano preséntase así como unha especie de santo druida, e algo deso debeu ser.

Pero, ¿por qué non fala hoxe a Igrexa galega de Prisciliano?, ¿por qué non falan tampouco os voceiros do galeguismo de dereita? Néstor Lujan escribía recentemente que "leído hoxe case ninguén se atrevería a chamarlle herexe". Non creo eu que pensasen o mesmo Ratzinger nen mesmo Xoan Paulo II, nen tampouco o arcebispo de Compostela. Tódalas vibracións priscilianistas, toda a súa memoria, tropeza co espírito de contrarreforma que hoxe impera na Igrexa, e máis aínda na galega, cada día máis allea ao sentir da sociedade nova, vella como unha vella cadea enferruxada.

Volver ao rego

Ao remate da representación dunha obra do Centro Dramático, cadrounos escoitar, nun café pontevedrés, falar entre si aos membros da compañía: cortaban o castelano que metía medo!

Seguramente deben ser moi bons actores, porque hai que saber actuar ben para representar, nunha língua que non asumen na súa vida cotidiana e que non interiorizan como propia.

Cómo pode haber naturalidade ou expresividade nas modulacións dun idioma que os actores nen posúen nen parece que lles interese moito integrarse?

E ese camiño do teatro galego? Que medo!

XUSTO CADAVAL
(Poio)



Manuel Sendón

A vendima non é traballo, é relixión

Uj-ju-juu-jou-, juou, juuuuuuuuuuuuu. O aturuxo resoa na riebeira tan pronto calan os galos de cantar. E o segundo canto que rompe a mañá. Berro de alegría, pero tamén de desafío, de impor presenza como fai o can cando mexa, que non mexa só por necesidade, senón tamén para dicir "aquí estiven". O aturuxo é contestado, se hai xa alguén para facelo, senón haberá que esperar a que cheguen outros á viña para volver escoitar o mesmo son, que será contestado, unha e outra vez polos que se encontran xa no traballo. Será tan madrugueiro como permita a néboa e o orballo.

O aturuxo é como a sereia das actuais fábricas, anuncio de comezo e despedida da faena, pero en arte, en alma, un anuncio ledo, espiritual do traballo feito con corazón e alma, con alegría. E nada máis ledo que unha vendima que sobrepasa os límites do traballo en si para contraverterse en "festa relixiosa".

Como toda relixión, a vendima ten a súa celebración, unha celebración total, metafísica e ao mesmo tempo tanxíbel, na que desapareceu o espírito do viño vello e aparece un novo espírito: o do viño novo.



Os preparativos empezan semanas antes coa matanza da cabra para facer o pellexo co que logo se carretará o viño. A carne da cabra será salgada e estará debaixo da parra para xantar o día da vendima.

Antes do día houbo que arranxar todo. Botar as cubas de auga, lavalas, ensebalas, embadernalas cun bon anaco de torredeiro, apertarlles os arcos ou arranxarlles as liobas se estivesen frouxas. Hai que limpar a adega e tamén esfoliar as cepas; pouco a pouco, segundo veña o ano e os ácidos vian madurando.

Mentres isto sucede, a espera. A leda,

pero impaciente e, algunhas veces, descaougada agardanza, mirando para os nubiños que poden traer tronada e pedrisco; para os ventos que tiran o viño no chan e esgallotan os ácidos. Se isto sucede "o viño" ten que ser levantado para que lle dé o sol. Pero tamén hai que estar vixiante nos días claros que poden dar paso a noites estreladas nas que aparece a xia-da; e nos días nubentos nos que, se veñen un tras outro ou con fortes trebóns, reventan as uvas ou podrecen co que logo non queda máis remedio que, ao tempo que se vendima, facer unha "limpeza" porque, segundo se di a uva podre come o viño e dalle mal sabor".

Pero, ao fin, chega o día. Ao chegar á adega, ao tempo que se botan os primeiros aturuxos, hai que almorzar con chourizos gordos, xamón, queixo e viño. Rematada a comida empeza a faena. As mulleres con tesouras, coitelo ou navallas van cortando pegado á vara os ácidos, xa que o "pau tamén da alcool, pero sobretudo aguardente". Cortar si, pero con tino de que non caian as uvas ao chan, non está ben visto, noné so pola perda "aínda que uva a uva logo se fai un goto", senón polo traballo ben feito. Axudarán os rapaces e os homes menos fortes ou non afeitos ao duro traballo na riebeira.

Mozos e homes curtidos nos labores da vendima serán os que carreguen coa faena máis pesada: a carreta. Farano en grandes cestos "vendimos" que carregan ao lombo non sen antes ter a precaución de facerse unha "molida" cun saco de mustil enchido de palla ao que lle fan un carapucho para pór na cabeza. Na riebeira o cesto non se pode carregar ao ombreiro como noutros traballos porque por ser estas terras moi encostadas é preciso rubir ou baixar escaleiras, dependendo sempre da altura das muras e da situación da adega, polo que de levar o cesto a un lado o desequilibrio é máis doado. Esta maneira de carregar fai que máis dun acabe co lombo en carne viva.

Ao medio da mañá imponse un alto para "taquear un pouco" ao tempo que se descansa e se toma un vaso de viño (Como sabe o viño na riebeira, decididamente é outra cousa!).

No mediodía faise unha comida forte, ben na propia adega se hai sitio ou debaixo da parra. Depende tamén do calor que faga, xa que hai veces que a riebeira parece un inferno, por mais que estes días calurosos son os mellores para vendimar.

Aínda que hoxe na comida xa se abandonasen moitas tradicións, mesmamente a cabra, séguese mantendo o bacallau con partacasm e a carne guichada, aínda que agora empecen a aparecer empanadas e outras comidas máis "complicadas".

Antes nalgunhas adegas acostumábase a botar as patacas, despois de escorridas, nunhas pallas no centro da roda de comensais, comendo o compango sobre o mesmo pan, e xirando continuamente a taza de viño.

Pero o traballo é o traballo polo que hai sequer a faena sen dar moito tempo ao repouso e menos á sesta.

A estas horas xa se empezaron a esmagar as uvas, "senón logo non hai quen fure a cuba"; dependendo todo de cantos sexan os vendimadores e da cantidade de uva recollida. Pódense esmagar tamén fóra nun barqueño de madeira. Farase cos pés descalzos non sendo tampouco o traballo unha leira: "hai que patear tanto como un cabalo desbocado". Hoxe tamén se esmagan coas estruxadoras, aínda que non é o mesmo, segundo os puristas.

Ao acabar voltarán os aturuxos como sinal do fin do traballo. Uns aturuxos tan ledos como os da mañá, pero menos sonoros por efecto do cansancio e tamén das cancións, dos contos e argalladas que se dixeron todo o día e até dos desafíos que, nalgunhas partes como na Riebeira de Chantada comezan entre unha banda do río e a outra, co ritual de "eí rabudos!", contestando cun "eí papeiros!". Logo virá o do "viño purrela", "eses cestos van valeiros"... "lévote a ti tamén encima..." e outras lérias polo estilo, entre as distintas viñas.

Despois da cea seguirán as cancións, os aturuxos e os desafíos: o espírito do viño novo vaíse apoderando pouco a pouco das adegas e dos vendimadores, por máis que o ritual aínda non se acabe neses días e siga co "aviñado", o peche da cuba e unha espera "eterna" até que o "viño estexa feito".

B. LAXE